



Nas páxinas deste libro recóllese unha antoloxía dos textos escritos en galego por Ramón Suárez Picallo ao longo da súa vida. Trátase, maioritariamente, de artigos xornalísticos. Suárez Picallo viviu un tempo felizmente convulso e, ademais, escolleu participar da historia. Mais fíxoo como home de acción, como axitador obreiro, como orador en mitins e parlamentos. Non foi, nin o pretendeu, un ideólogo do galeguismo como Castelao ou Risco. Pero nunca un político espertou tanta paixón entre as clases populares, ás que el mesmo pertencía. A súa verdadeira obra perdeuse no aire. As arengas pronunciadas ante auditorios co ceo por teito.

RAMÓN SUÁREZ PICALLO

ESCOLMA DE TEXTOS EN GALEGO

RAMÓN SUÁREZ PICALLO • Escolma de textos en galego



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA







RAMÓN SUÁREZ PICALLO
ESCOLMA DE TEXTOS EN GALEGO

SUÁREZ PICALLO, Ramón

Escolma de textos en galego / Ramón Suárez Picallo.

— Santiago de Compostela : Consello da Cultura

Galega ; Sada : Concello de Sada, 2008. – 175 p. :

il. n. ; 23 cm

D.L. C 3711-2008. — ISBN 978-84-96530-76-8

I. Consello da Cultura Galega. II. Concello de Sada.

Selección e transcripción dos textos:

Manuel Pérez Lorenzo

Francisco A. Pita Fernández

Emilia García López

Prudencio Viveiro Mogo

© CONCELLO DE SADA, 2008

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2008

ISBN 978-84-96530-76-8

Depósito legal C 3711-2008

Imprime: Servizo de Edición Dixital
da Universidade de Santiago
de Compostela - Unidixital

RAMÓN SUÁREZ PICALLO
ESCOLMA DE TEXTOS EN GALEGO



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA





*O noso agradecemento a Ramón Tenreiro Suárez,
ao Proxecto de Investigación Universitario “As Vítimas, os
Nomes, as Voces”, á Real Academia Galega, a Emilio Grandío,
Edmundo Moure, Hernán Díaz, Andrés Beade, Isaac Díaz
Pardo, Keith Hermida e Alfredo Erias, así como a todos os que
dun xeito ou doutro colaboraron connosco*



ÍNDICE

PRESENTACIÓN

Abel López Soto	11
Ramón Villares	13

PRÓLOGO

Manuel Pérez Lorenzo	15
--------------------------------	----

1. NOTAS AUTOBIOGRÁFICAS 17

2. LEMBRANZAS DE SADA 37

A traxedia de Mangúa	39
A estrepada	45
No carto de miña nai	49
Lembranza do Orzán	51

3. EMIGRACIÓN 53

¡Neniño galego!	55
Emigrantes	57
Posicion e significado espiritual e cultural do mutualismo galego na emigración	61
Mister Coirós en Cleveland. (Lembranza dun viaxe)	65

4. GALEGUISMO 71

Divagacions encol do galeguismo militante	73
Política galega	77

5. DATAS SIGNIFICATIVAS 83

O plebiscito do Estatuto Autonómico de Galicia	85
O Estatuto de Galicia	89
¿Estatuto de Galicia? Si	91
Si	93

Ofrenda	95
Nosa doce Mater Amabilis e Mater Admirabilis . .	97
Mensaxe	99
Galicia Nai e Señora	101
6. SEMBLANZAS	103
Castelao sempre presente.	105
Oracion pra Castelao...	107
O señor de Trasalba	109
Don Manoel Lugrís Freire	110
Verbas pra Ramón Beade Méndez na súa morte .	115
Verbas de Ramón Suárez Picallo no agasallo do Consello de Galiza a María Casares	117
Manoel L. Freire-Calvelo	119
7. CRÍTICAS DE LIBROS	123
<i>Memorias dun neno labrego.</i>	
Orixinal de Xosé Neira Vilas.. . . .	125
<i>A cultura galega na sua dimensión american.</i>	129
8. COLABORACIÓNS LITERARIAS	131
Nosa Señora da Roca. (Lenda)..	133
Ao pasar polo ceo.	137
O cruceiro confidente	141
Carta que pode ser prologo	143
Estampas mariñeiras. A taberna da Trenla	147
Un home que nunca vira o mar.	151
9. CORRESPONDENCIA	155
Carta a Eduardo Blanco-Amor.	157
Carta a Xosé Hermida Álvarez.	161
Carta a Alexandro Bóveda	165
Carta a Francisco Regueira	167
Carta a César Alvajar	169
10. EPÍLOGO	171
De fronte y de perfil	173

PRESENTACIÓN

No ano 2004 cumpriuse o 40 cabodano da morte de Ramón Suárez Picallo. Daquela celebráranse en Sada uns actos moi emotivos no auditorio da Cerámica do Castro organizados pola sociedade civil e lamentablemente non contaran co apoio do Concello de Sada.

Naquelas xornadas tiven a honra de poder falar de Ramón e anunciei que a traída dos seus restos sería unha tarefa prioritaria para o goberno que eu presidira porque entendemos que é necesario contribuír a manter vivo o pensamento das persoas relevantes que fixeron unha grande achega á causa democrática, a Sada e a Galiza, e este veciño ilustre de Veloi gañou para sempre un lugar preferente entre os bos e xenerosos.

Impetuoso na oratoria, foi un brillante parlamentario, como acredita o diario de sesións das Cortes da II República, e tamén unha persoa de firmes conviccións democráticas. Probablemente foi o mellor orador que tivo a política galega e ninguén lle pode quitar o mérito de ser o iniciador da historia parlamentar en clave galega nas Cortes do Estado, xunto con Castelao, Otero Pedrayo e Vilar Ponte. Os seus discursos na defensa do anteproxecto do Estatuto do 36 e a súa firmeza oratoria indicannos que Ramón non era un home mol e que rexeitaba con firmeza os tópicos do galeguismo da “morriña”, da “terriña” e da “gaitiña”, moi explotados na emigración e tamén aquí polos que nunca confiaron na nosa terra e nas súas posibilidades de desenvolvemento autocentrado.

Ramón Suárez Picallo é un personaxe irrepitible e digno de lembranza, intencionadamente silenciado durante o franquismo e tamén na etapa democrática máis recente. Por esa razón, o goberno municipal en Sada, que me honro en presidir, decidiu dedicar o ano

2008 á figura dos irmáns Suárez Picallo, precisamente coa intención de sacar do esquecemento inmerecido dous veciños honorables, e foi a sociedade organizada arredor da Comisión Irmáns Suárez Picallo a que planificou moi acertadamente as xornadas, que contribuíron á difusión da súa figura e do seu pensamento.

Unha persoa que se fixo a si mesma, destacado sindicalista e xornalista, que como político foi a imaxe pública do galeguismo e do nacionalismo xunto con Castelao, que contribuíu decisivamente a definir a política de alianzas progresista cos partidos que posteriormente conformaron a Fronte Popular e que foi un dos catro membros do Consello de Galiza, ten que ser coñecida, valorada e lembrada con admiración e respecto.

Cumprimos tamén o seu último desexo. Xa desde o 14 de outubro de 2008 os seus restos repousan para sempre en Sada, no cemiterio do Fiunchedo.

Abel López Soto
Alcalde de Sada

PRESENTACIÓN

A publicación deste libro pon de manifesto a vontade do Consello da Cultura Galega de recuperar o traballo dos devanceiros do galeguismo. A edición deste volume reviste especial importancia, pois até o momento os textos que nel se recollen permanecían dispersos por xornais e revistas, fundamentalmente da emigración. Xa que logo, reunir unha escolma da obra de Ramón Suárez Picallo, espaxada por publicacións periódicas, supón recuperar un testemuño esencial sobre o pasado colectivo da comunidade galega.

Ramón Suárez Picallo, natural de Sada, emigrou á Arxentina, onde adquiriu unha boa formación letrada e unha notable experiencia política e sindical. Foi a súa escola a cidade de Bos Aires nos anos vinte. Nesta década participou en destacadas empresas culturais, como a fundación en 1924 da revista *Céltiga*. Nas páxinas desta revista publicáronse moitos dos textos que recollemos neste libro.

A destacada presenza de Suárez Picallo no seo da colectividade galega porteña, así como a súa dedicación ao xornalismo e ao liderado sindical, fixeron del unha óptima escolla para ser un dos “delegados”, xunto con Antón Alonso Ríos, que a emigración galega en Bos Aires achegou á Galicia republicana para colaborar na consolidación dun réxime democrático e na consecución da autonomía política. Foi elixido deputado ás Cortes constituíntes da II República, en xuño de 1931, nas listas comandadas pola ORGA.

O protagonismo de Suárez Picallo en Galicia ata 1936 e na España republicana durante a guerra converteu o seu nome nunha referencia ineludible, como político e parlamentario, como xornalista e como combatente a favor da autonomía e da República. A guerra, que tronzou as arelas e as esperanzas de toda unha

xeración, colleuno en zona republicana e así rispou das gadoupas da morte, que, pola contra, atraparon un dos seus irmáns e moitos outros irmáns e camaradas.

O exilio non foi doado, como o de todos. De Francia aos Estados Unidos, deste país á República Dominicana do ditador Trujillo; despois Chile, onde colaborou adoito na prensa para gañar a vida, e, finalmente, Bos Aires. Outra vez Bos Aires. A capital argentina aparece, deste xeito, no comezo e no final da súa traxectoria vital. Na cidade porteña dirixiu o periódico *Lugo*, órgano do Centro Lucense, ao que tamén pertencen parte dos textos deste volume.

A obra que presentamos non é a única na que o Consello da Cultura Galega participou neste ano. Da súa estadia e traballos xornalísticos en Chile dá conta o libro *La feria del mundo*. Por outra parte, na colectánea *As Nosas Voces*, o Consello presentou treitos de conferencias pronunciadas por Suárez Picallo na época final da súa vida.

O libro que o lector ten nas mans recolle, pois, textos en galego de Ramón Suárez Picallo, documentos que son expresións de amor á Terra que deixara e á que soñaba con volver algún día. Así, con estes documentos reunidos, podemos gozar da letra do ilustre sadense e comprobar con canta ilusión polo futuro traballou. Só queda felicitarmonos pola súa publicación e tamén porque, por fin, Suárez Picallo puido cumprir o seu desexo de retornar a Sada.

Ramón Villares

Presidente do Consello da Cultura Galega

PRÓLOGO

A mediados de 2007 naceu o proxecto de lle dedicar un ano a Ramón e Xohán Antón Suárez Picallo. Era preciso, nunha Sada debruzada nun falso progreso, ese que enche de cemento os horizontes e receba a memoria para que non derrube as expectativas dos cobizosos. Coa finalidade de organizar unha serie de actos, máis centrados na difusión de ideas e coñecementos que na simple homenaxe, creouse a Comisión Irmáns Suárez Picallo.

Froito da colaboración entre Comisión e Concello, elaborouse un programa baseado na realización de actos divulgativos, concretados nas Primeiras e Segundas Xornadas, e no impulso á creación de materiais imperecedoiros: velaí este libro, que ve a luz co obxectivo de achegar unha parte fundamental da obra escrita de Ramón Suárez Picallo tanto á xente que tiña prendido o interese de coñecela, pero non tiña forma de acceder a ela, como a todos aqueles que, polos motivos que fosen, nin sequera sabían da existencia dun Ramón Suárez Picallo.

Nas páxinas seguintes recóllese unha antoloxía dos textos escritos en galego ao longo de toda a súa vida. Trátase, maioritariamente, de artigos xornalísticos. Suárez Picallo viviu un tempo felizmente convulso e, ademais, escolleu participar da historia. Mais fíxoo como home de acción, como axitador obreiro, como orador en mitins e parlamentos. Non foi, nin o pretendeu, un ideólogo do galeguismo como Castelao ou Risco. Pero nunca un político espertou tanta paixón entre as clases populares, ás que el mesmo pertencía. A súa verdadeira obra perdeuse no aire. As arengas pronunciadas ante auditorios co ceo por teito. A palabra falada.

Como todo home de acción, Suárez Picallo escolleu como medio de comunicación alternativo o xornalismo. Na prensa da época verteu as súas inquedanzas cotiás e as súas reflexións, como fixeran os anarquistas coruñeses ou os socialistas bonaerenses. As liñas de xornais e revistas como *El Despertar Gallego*, *Céltiga*, *El Pueblo Gallego*, *Lugo*, etc. gardan o seu legado e son a expresión escrita da súa vontade combativa.

Seguindo a vella idea de Valentín Fernández, proposta no seu día á Real Academia Galega, presentamos nesta obra unha selección de textos de Ramón Suárez Picallo en galego. Aproveitamos, xa que logo, algunhas das transcricións de Valentín Fernández destes documentos depositados no fondo Ramón Suárez Picallo da Real Academia Galega.

Agardamos que a seguinte selección, que incorpora algúns artigos interesantísimos sobre Sada, a súa xeografía natal, axude os lectores a afondar un pouco máis na figura de Ramón Suárez Picallo ou, cando menos, prenda neles o desexo de se achegaren á súa obra, que, realmente, é a súa propia vida de loitador exemplar.

Manuel Pérez Lorenzo

Comisión Irmáns Suárez Picallo

Sada, setembro de 2008

NOTAS AUTOBIOGRÁFICAS



Debuxo de Suárez Picallo realizado por Isaac Díaz Pardo.

Ramón Suárez Picallo nace en Veloi, parroquia de Sada, o 4 de novembro do 1894. É o primeiro de once irmáns, nados nun intervalo de tempo de 23 anos. A nai, Teresa Picallo Martínez, será sempre obxecto da súa veneración máis devota:

Honra e agasalla á túa nai, pobre ou rica, nova ou anciá porque nela hónraste a ti mesmo e honras á máis pura fonte de amor dos amores, ao doce remanso de todas as fatigas. Achega ao seu regazo tépedo a túa cabeza e pronuncia o seu nome con acento de oración. Porque nunca os teus beizos pronunciarán palabra máis bela: ¡Nai!¹

A través da nai tomará o seu primeiro contacto coas letras ‘sagradas’, nos libriños que aquela gardaba no seu cuarto. As lecturas ‘profanas’ chegaranlle da man do seu avó:

Don Juan Picallo Caramés, debuxante, ceramista, poeta a ratos, e posuidor dunha biblioteca con máis de cen volumes, que el gardaba nun baúl de nogueira, pechado con sete chaves, como a tumba do Cid.²

Tamén do mestre nacional de Sada, o vilalbés José Somoza Eiriz, astrónomo que instruía os seus alumnos en materias entón marxinas polo sistema educativo e que, non obstante, non era demasiado aprezado polos pais, “aferrados á vella e bárbara norma de que ‘a letra con sangue entra’; fronte a ela afirmaba don José, que ‘a letra entra mellor con música’”. A escola e o seu mestre serán evocados por Ramón en varias ocasións:

A escola pública estaba situada na rúa da Mariña, dunha vila medio labrega e medio pescantina. E todos de orixe moi humilde, traballabamos nalgunha das dúas faenas, na terra ou no mar e, ás veces nas dúas, segundo as épocas do ano.

O local era branco e luminoso, con moitas fiestras, e daba polo lado de atrás a un dos vales máis fértiles e fermosos do mundo; pola fronte estaba o peirao dos pescadores e, como pano de fondo, a bocarría azul, tersa como unha esmeralda nas calmas chichas, da primavera e do verán, e alborotada como a Ira de Deus, no outono e no inverno.³

1. “¡Madre!”, *La Hora*, 12 de outubro de 1942.
2. “Evocación infantil. Cómo conocí a Don Quijote”, *El Sur*, 3 de marzo de 1956.
3. Id.

Non eran tempos de demorarse en estudos e lecturas. A Ramón tocáballe seguir os pasos do seu pai, Eduardo Suárez Fernández, o ‘Zoqueiro de Velloi’, que, emigrado, navegaba agora polos mares do mundo:

Cumprira os nove anos, moi poucos para gañar o pan coa suor da miña fronte. Nembargantes, decidírame firmemente a plantexar á miña nai a miña vontade de ir ao mar. Certo que era pequeno; mais ¿non ían José de Sabela, Antón de Souto e Vicente da Fonte, que tiñan a miña mesma idade? [...]

Para o caso, tomara as miñas medidas. Na compañía de Don Fernando Lourido, andaba o meu amigo José de Sabela, con quen xa falara para ver se había sitio.

-E non ha de haber, oh. Xa sabes que co tío Fernando sempre hai sitio para os rapaces. Mañán se queres vir, témola posta na praia de Miño. Tirouse o mascato e paréceme que vai haber amorrada.

A profecía do meu amigo, que ía xa de entendido na materia, decidíume de todo, e, esa noite, obtiven da miña nai o anhelado permiso, non sen unha tenaz resistencia da súa parte. Rezaba, ¡probiña! por un navegante –o meu pai emigrado– e desde esa noite rezaría por dous.

Ao outro día, mentres colocaba a merenda no garruncho –que a mar da moito apetito– encheume de consellos: –Serás traballador e honrado; serás humilde e ben falado cas persoas maores; non serás envidioso, nin respondón, nin embustero; nin falarás mal dos compañeiros. Serás amigo de todos para que todos sean teus amigos. Sendo un neno, portaraste como un home.

[...]

Baixo a impresión da bendición da miña nai e lembrando a profecía da amorrada, cheguei nun santiamén á rampla de don José Pena, que servía de repisa ao pintoresco pobo de Fontán, colgado do ribazo, como se quixera caer ao mar nun día de mareira.⁴

4. “Rememranza”, *Céltiga*, 12 de xuño de 1925.

Tamén como o seu pai e como tantos sadenses, remata por elixir o camiño da emigración, única vía de subsistencia nunha familia de tal amplitude e tan escasos recursos:

Demos vista, por primeira vez, á cidade de Buenos Aires o 19 de marzo, día de San Xosé, do ano 1912. Viñamos dirixidos e confiados a un compañeiro de escola do noso pobo natal, que vivía na rúa Bolívar 262, nunha casa de Cajas de Fierro –Vetere y Compañía-; pero uns días antes da nosa chegada, o veciño da nosa única referencia fórase a Bahía Blanca. E alí quedamos, sen saber a quen dirixirmos, en medio e medio da grande urbe porteña, que tiña por aquel entón 700 mil habitantes.

O cocheiro que nos trouxera desde a dársena norte deuse de conta da nosa angustiada situación de recén chegados e fíxonos un pormenorizado interrogatorio. E, sen máis nin máis, resolveunos o problema, levándonos á casa duns veciños do noso propio concello, situada na rúa Catamarca, entre Belgrado e Moreno. Alí non tiñan como acomodarme e me levaron á rúa Solís 351, onde vivimos con nove paisanos nunha ancha habitación dun conventillo famoso. Días despois empregueime como peón de botica, na casa de Baralis, en Entre Ríos esquina Venezuela.

De alí en diante todo foi para nós como coser e cantar. Vendedor de artigos de goma; vendedor de alfajores cordobeses, mandioca e doce de leite, cunha cesta na cabeza; cobrador dunha gran casa maiorista; honesto lavalouzas, reposteiro e despenseiro de buques mercantes; [...] foi a nosa vida en Buenos Aires, vivida a plenitude de esperanzas, ensoños e ilusións.⁵

Como tantos galegos, axiña se integra no tecido sindical e político da capital arxentina, acada sona e protagonismo pola súa oratoria e pola súa prosa combativa. Logo dun período de militancia socialista, converterase nun dos líderes do Partido Comunista, tomará parte en mitins e asembleas, sufrirá a dura represión estatal e mesmo publicará en 1922 un folleto que tivo éxito, *Cartas a un obrero*, do que se esgotarán 10 000 exemplares. Finalmente, por mor das divisións internas da organización, decidirá afastarse da política e dedicarse plenamente á actividade sindical. Embarcará

5. “Reencuentro con Buenos Aires”, *El Sur*, 11 de xullo de 1954.

en sucesivas ocasións, percorrendo o mundo como reposteiro de a bordo baixo o alcume de ‘el repostero poeta’, polo xeito de dispor as bandexas. Nas súas viaxes chegará a visitar China:

Cofecemos Shanghai no 1929. Chegamos alí nun barco de mala morte, sen itinerario fixo nin rota presinalada. Entre os pasaxeiros –o barco era mixto– ía unha señorita Jacqueline Jáuregui vasca francesa [...]. E como o barco paraba alí varios días, os tripulantes que a tiñamos por amiga, quixemos agasallala cunhas flores.

Baixamos a terra na procura dunha florería e achámola ben cedo. O seu dono era un tipo louro, forte e de ollos azuis. Ensaíamos con el o noso péximo inglés e o noso pasable francés. Porque do chinés non tiñamos nin noticias. O home, que ademais de florista, era doceiro e limpabotas, escoitounos como quen oe chover, sen decatarse dunha soa palabra. A mímica fracasou tamén. E cando xa íamos deixalo por imposible, díxonos en perfecto castelán e con certo acento rexional:

-Bueno, al fin de cuentas, qué c... quieren ustedes. Por pouco non o matamos. Fixemos a compra e houbo logo a conseguinte esmorga. Presentounos ao dono dun gran cinema, e ao que debuxaba os afiches do Socorro Rojo Internacional. Os tres foran tripulantes de outros tantos barcos, que os deixaron en terra, por non presentarse á hora de saída, porque se perderan nas rúas do “barrio chino”, bebendo viño de arroz e comendo niños de andoriñas, “e aínda máis...”.⁶

Xa de volta das viaxes polo mundo, poderá finalmente dedicarse ao seu oficio: o xornalismo. Colaborará para os máis importantes diarios bonaerenses, escribindo crónicas sobre o movemento obreiro, lexislación social, etc. Participará da vida social bonaerense, tomando parte nos máis soados faladoiros:

Compartimos, máis tarde, desde o modesto plano de oíntes e espectadores, reunións e faladoiros en “peñas” famosas da intelectualidade nova de Buenos Aires, da segunda e terceira décadas do presente século. E na batalla literaria entre os intelectuais proletarios de Boedo –barriada popular– e os de Florida, de perfil aristocrático, estivemos cos de Boedo, que se

6. “Shangai”, *La Hora*, 27 de abril de 1949.

sabían de pe a pe toda a literatura rusa. E ata botamos o noso bo cuarto a espadas en política, meténdonos onde ninguén nos chamaba, para ir dar, algunha vez, á vella sección Orden Social da Policía Arxentina, na rúa Moreno e Sáenz Peña. Andanzas impregnadas de idealismo xeneroso ás que non queremos renunciar, porque foron, se cabe, o máis belo da nosa vida e da nosa peregrinaxe polos camiños do mundo. Desde Buenos Aires percorremos toda a República, desde os Chacos ás Patagonias, todo o Continente Americano e de boa parte do europeo co seu tanto e canto do africano, tendo sempre a Buenos Aires como punto de partida e de retorno.⁷

Será precisamente na tertulia do café La Armonía, da Avenida de Mayo, onde coñeza ao que será o seu grande amigo na vida: Eduardo Blanco-Amor. Da man do escritor ourensán introdúcese no emerxente nacionalismo galego e comeza a participar activamente do tecido asociativo vinculado á colectividade conterránea. Así, no ano 1924 intégrase na Federación de Sociedades Gallegas, organización de tendencia esquerdista. Neste novo marco desenvolverá as súas actuacións, como político e como xornalista. Sempre acompañado de Blanco-Amor, dirixirá a revista *Céltiga* e *El Despertar Gallego*, órgano da Federación. Así mesmo, o 18 de maio do 1925, a compañía teatral de Concepción Olona estrea no Teatro Mayo o seu drama *Marola*, que manterá en cartel durante 57 noites:

Marola (radiante de alegría). --¡Deus che vexa vir...! ¡Achégase a miña vinganza! (Confidente.) Oes, ¿coñeces ao tío Calviño?

Fandiño. --¡É non hei de coñecer!... Nada menos que o noso delegado máis eficaz, a nosa man dereita. É un exemplar da Raza; agora, doume conta por que lle chaman herexe... Cando era pícaro, contábame contos de Estadeas e Santas Compañías, e acórdome que sempre había caciques que viñan do outro mundo para que lles sacasen o hábito...

Marola. --Foi a única persoa que me amparou. Por iso, como ía todas as noites á súa casa, sei todo canto se fai para librar a Galicia. Nesta cesta, foron todos os papeis que eu repartín por vilas e aldeas.

7. “Reencuentro con Buenos Aires”, *El Sur*, 11 de xullo de 1954.

Fandiño. --De modo que fuches ti a mensaxeira dos nosos ideais!... ¡Déixame que che dea unha aperta!... (Apértaa, pero Marola despréndese avergoñada. Vai escurecendo. Unha moza canta unha canción nostálxica, a que Fandiño escoita ensumido.)

Fandiño. --¡Canción da miña terra!... ¡Doce como as caricias da miña nai!... ¡Triste como as miñas dores!... ¡Nai Galicia, alma túa torturada que segues como unha visión angustiada aos emigrados!... (Terminou o canto da moza: a vigorosa voz dun mozo entoa con aire de desafío un rudo alalá. Cada vez máis lonxe continúan oíndose as cancións de desafío.) ¡Alalá viril!... ¡Musa gloriosa de Curros e Pondal!... ¡Canto épico da miña heroica estirpe Celta...! Dez anos facía que non escoitaba os teus máxicos ecos!... ¡Canto darían por escoitarche os que morreron en terras afastadas!... ¡Canto darían porque as túas notas fosen o Miserere da súa agonía, levando reflectida nas súas pupilas a docísima visión da súa Galicia benamada!

Marola. --¡Probiños!... (A campaniña da aldea próxima toca o Angelus. Marola axeónllase fronte á cruz.) Recemos por eles e polas nosas nais.

Fandiño. --Non sei rezar dese xeito. Os meus rezos son outros, dinse de pé e cos puños en alto.⁸

Non perderá Ramón a súa vinculación co movemento obreiro. De feito, en 1926 viaxa a Xenebra como secretario da representación obreira da Organización Internacional do Traballo. Aproveitará a estancia en Europa para visitar fugazmente Galicia e Sada, onde será agasallado con banquetes e homenaxes polos círculos nacionalistas do interior, vinculados ás Irmandades da Fala. Na vila natal reencontrárase co seu irmán Xohán Antón e descubrirá, con gran satisfacción, como o ideal galeguista prendera nalgúns veciños:

Unha das cousas que máis me encheu de ledicia o meu esprito ao chegar a miña vila natal, a Sada dos meus amores, foi saber que n'ela había unha xuntanza nazonalista de rapaces cuásique todos menores de 20 anos. E aínda mais, cando soupen que un

8. "Fragmento del primer acto de 'Marola'", *El Despertar Gallego*, 2 de agosto de 1925.

hirman meu, que tiña dous anos cando deixei o fogar paterno, formaba parte d'ela.⁹

Na súa xeira por Europa visitará tamén Portugal, Francia, Suíza ou Italia, recreándose nas rúas de Florencia:

Vai ser media noite. Noite de verán, algo anubrada. Estamos sobre a Praza de Miguel Anxo, na Porta Santa. [...] Ante a nosa vista aparece, estendida nun val, a vella e señorial Florencia; a inmortal cidade de Lourenzo o Magnífico, que deu ao mundo altísimos poetas, sabios eminentes e artistas inmortais. Rodéaa un cinto de verdecentes montañas. O Arno, deslizando por debaixo das pontes vetustas, musita versos da “Divina Comedia”, como eterna homenaxe ao gran florentino que a concibiu nun soberano chispazo de xenio. Dorme Florencia. Ningún ruído turba o seu sono. [...]

Descendemos da Praza. Sen ningún rumbo fixo, como levados por un guía invisible, chegamos á Ponte Vella. [...] Por unha das arcadas que dá sobre o río, penetra un claro de lúa que reflicta sobre un mármore onde está reproducido no alto relevo do centro o primeiro encontro de Dante con Beatriz. Foi neste lugar que nós ocupamos, onde naceu aquel amor inmenso que torturou a alma do poeta. Un hálito de emoción nos envolve; en estraño fluído fainos vibrar, e, por un momento, sentímonos transportados a outras rexións, levados por un misterioso sortilexio.

O tanxer do “campanile” do vello palacio comunal florentino que dá as 12 da noite, envólvenos na realidade. Botamos unha derradeira ollada á alegoría dantesca, e cruzamos a ponte vella de Florencia onde naceu o máis fermoso poema de amor da Humanidade.¹⁰

A súa demorada estadía na Arxentina establecera un vínculo inquebrantable entre a cidade de Bos Aires e Ramón Suárez Picallo. Así, no barco camiño de Europa, sentíase fondamente porteño e exclamaba:

Esta noite, despois de cear, o noso amigo o crioulo, por un pouco “tira la bronca” presa do maior furor. Non sabemos cómo o arranxou; mais o caso é que apareceu cunha rapaza crioula

9. “Manoel L. Freire-Calvelo”, *Céltiga*, agosto de 1926.

10. “Noche florentina”, *Céltiga*, 10 de agosto de 1926.

que toca e canta divinamente unha colección de tangos: “Viejo Rincón”, “Langosta”, “Sonsa” e outros.

Desaloxo de toda a “gabachada”, quedando o salón por noso. ¡Santo Deus, e que inusitadas belezas atopamos nas notas da canción do arrabalde porteño! ¡Que evocativa e nostálxica semellou esa música popular, que leva prendidos nas súas notas anacos da alma do arrabalde, ao que divinizou o sublime Carriego na súa “Canción del Barrio”! ¡Con que devota emoción os escoitamos, lembrando noites de bohemia, noctámbula, lembrando os ollos ardentes, apaixonados desas mulleres crioulas que entregan o seu corpo e a súa alma ao ritmo dun tango arrabaldeiro!

As notas de “Viejo Rincón” soan aínda nos nosos oídos. ¡E non hai dúbida algunha de que esta noite soñaremos con Buenos Aires!¹¹

Ao regreso da súa viaxe seguirá dedicándose ao xornalismo. No 1930 será contratado para desempeñar o posto de bibliotecario do Club Español. Será el un dos promotores do vencello entre os nacionalistas e republicanos do interior e os da diáspora, coa creación da filial bonaerense da ORGA:

Cando nas postrimetrías da ditadura, apareceu Orga, tivemos unha viva alegría ao constatar que nas súas filas envorcáranse todos os galeguistas coruñeses. Soubemos da fundación de Orga por eles e especialmente por Villar Ponte con quen a nosa correspondencia era asidua. [...] constituímos unha filial en Buenos Aires, de cuxos socios son o N.º 70. Reimprimimos o seu manifesto e distribuímolos entre todos os galegos residentes en Arxentina, Uruguai, Chile e Perú.

Nós presentiamos en Orga o milagre redentor de Galicia. Viña a conxugar a idea republicana e democrática con esencia de galeguidade que lle daban á loita política, matices espirituais de gran valor e, sobre todo, orixinalidade. O noso pobo, desde o ciclo dos precursores viña acusando, especialmente nos núcleos intelectuais, unha ansia viva de resurrección, de reencontrarse a si mesmo. Por outra banda, vinculado politicamente ao Estado español, presentía que a República abría o camiño á súa esperanza. Orga, sinalaba con nitidez aquel camiño. Por iso Orga tivo ao seu redor o maior caudal de simpatías populares que xamais tivese

11. “De vuelta al hogar. Fragmentos de mi diario”, *Céltiga*, 25 de maio de 1926.

en Galicia ningunha organización política. E por iso nós, ao ser consultados, opinamos na VI asemblea nacionalista da Coruña, que o galeguismo debía definirse en sentido republicano, ingresando en Orga para fortificar máis aínda a súa tendencia galeguista. [...] Quizais antes do tempo necesario para que Orga se trocase nun gran partido político popular, veu a república, á que sumou a súa simpatía todo o galeguismo. Inmediatamente, Federación Republicana Galega, da que Orga era a súa forza máis vital, convocou a unha Asemblea na Coruña, para estudar un proxecto de Estatuto autonómico de Galicia [...]. A Federación de Sociedades Galegas Agrarias e Culturais e Orga de Buenos Aires aceptaron a invitación e, xunto con Alonso Ríos e Sigüenza, nos delegaron para concorrer a aquel comicio celebrado na Coruña o 4 de xuño. O noso mandato era: Soster a máxima autonomía para Galicia e participar na campaña electoral en favor daquel grupo político que fixese artigo principal do seu programa a autonomía rexional e traballar para lograr a unidade das forzas republicanas e galeguistas nun partido político rexional que comezará e terminará en Galicia.

Participei por tres veces naquela asemblea e na súa sesión de clausura envorquei sobre o auditorio as esperanzas fervorosas dos emigrados na República e na autonomía [...]. Ao terminar, un cabaleiro co que xamais cruzase unha palabra –o doutor Sal Lence– propuxo ao auditorio que se me propuxese como candidato a Deputado pola miña provincia natal. O público apoiou fervorosamente a proposición e ao outro día, sen que eu falase unha soa palabra con ninguén sobre tal proposición, apareceu o meu nome na candidatura oficial de Federación Republicana Galega. Quen o incluíu, quen intentou logo excluílo, son cousas das cales xamais quixen nin quereirei decatarme. A miña aceptación –conmovidada e chea de gratitude– ía tácita na miña participación nos mitins electorais como tal candidato. Aquela campaña foi feita sobre un programa que se baseaba nestes dous principios programáticos de Fed. Rep. Galega: República Federal de esquerdas e autonomía de Galicia, coa súa secuela de democracia popular de abaixo para arriba e de todo o índice dos nosos problemas espirituais, políticos e económicos.¹²

12. Carta de Ramón Suárez Picallo a Santiago Casares Quiroga, 31 de agosto de 1933, en Castro, X.: *O Galeguismo na encrucillada republicana*, vol. 2, Deputación Provincial de Ourense, 1985.

Suárez Picallo axiña se había converter en deputado, con 55 054 votos. As súas intervencións no Parlamento centraranse no combate de todos aqueles obstáculos que impedían o melloramento das condicións de vida de mariñeiros e campesiños. Así, falará de reforma agraria, da construción de portos de refuxio (especialmente o de Sada), do arranxo das vías de comunicación, etc. Tamén participará no debate sobre a forma do Estado, pugnando sempre pola súa organización federal. A súa oratoria, máis de mitin ca de casino, fará exclamar o tamén deputado Ortega y Gasset: “¿Quién es esa voz pegada a un hombre?”

En decembro do ano 1931 participa na constitución do Partido Galeguista, sen se desvincular, polo momento, do grupo parlamentario da ORGA, de Casares Quiroga. Non o fará ata case dous anos despois, cando lle envíe unha dura misiva a Casares:

Orga foi perdendo masas populares ata que desapareceu o seu nome e o seu espírito primitivo. [...] Fundado o P.R.G. a minoría foi deixando de ser unha conxunción de diversos sectores ideolóxicos para quedar reducida a unha minoría de Partido. E o P.R.G. foi orientándose nunha ideoloxía que non comparto; e aumentando as súas filas con elementos, para os cales persoalmente son todos os meus respectos, pero de cuxa ideoloxía e prácticas políticas, estou separado por distancia insalvable. [...] Como pode Vde. ver, a miña vinculación á minoría era puramente numérica, como o expresei nunha reunión presidida por Vde., ao tramitarse a última crise.

A decisión que hoxe adopto, de separarme dela, foi acordada polo Partido Galeguista fai varios meses. [...] O estado actual do problema autonomista –para min, insisto niso– o problema fundamental de Galicia obrígame a non seguir máis na minoría. [...].

Acatando tal acordo, cuxos fundamentos comparto, e para renovar unha traxectoria política e ideolóxica que desexo seguir, para poder actuar libremente de acordo con ela, deixo de pertencer á minoría que Vde. preside. Para Vde. e para os seus outros compoñentes con todos os meus respectos persoais e os meus afectos máis cordiais, coa seguridade de que me acharán sempre ao seu lado, cando se trate de defender a República e

as súas esencias democráticas contra todo intento de reacción; e cando haxa de loitarse, fervorosamente, por dar a Galicia, como pobo autónomo, o seu propio goberno e con el o tesouro prezado da súa liberdade.¹³

O triunfo da dereita nas eleccións do 1933 deixará a Suárez Picallo fóra do Parlamento, o que aproveitará para realizar a carreira de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. No 1935 exerce xa como avogado. En paralelo, mantén a súa actividade xornalística, fundando e dirixindo o semanario *SER*. Mais, en febreiro do 1936, logo de reflorreceren as vellas alianzas entre os sectores da esquerda, recupera o escano xa como deputado polo Partido Galeguista dentro da Fronte Popular. A campaña electoral fora especialmente dura e así o recolle nalgunha carta a Eduardo Blanco-Amor:

Desde un mes antes das eleccións son estes os primeiros minutos de relativo descanso. E para iso ás 2 da mañá, na parte de atrás do “Marineda”. Non podo máis! Os últimos exames, a Licenciatura, as primeiras actuacións forenses e por riba a campaña electoral máis dura habida e por haber. A 17 mitins por día teño saído! Logo as incidencias postelectorais e o trunfo. [...]. Polo demais foron horas inesquecibles. Sobre todo aquelas nas que, para evitar que se nos roubase o trunfo, tivemos que dar un golpe de man no Goberno Civil, empuxados por este pobo coruñés marabilloso, lanzado á rúa ao berro de: “A queimar aos ladróns das actas”. [...]. Ai meu gran amigo que cousas descubrín eu desde a tribuna nesta campaña electoral ao longo e ancho da nosa Terra. Que ollos xuvenís alucinados seguindo o voo das palabras. Que gran fe en nós e que sortilexio de comunión na charla amable do post-mitín. Ao seu conxuro comecei a sentirme “leader” “conductor” do meu Pobo.¹⁴

A vitoria colmábao novamente de esperanzas. Mais axiña comprende que se está a fraguar a resposta por parte da dereita intransixente, como llo manifesta nunha nova carta a Blanco-Amor:

Acaba de circular a nova, xa confirmada, do asinato de Calvo Sotelo. A guerra civil está en medio da rúa. Estamos no período

13. Id.

14. Carta de Ramón Suárez Picallo a Eduardo Blanco-Amor, marzo de 1936, Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense.

álxido do Cataclismo, do que sairá unha España nova. ¿Cómo? Ninguén o sabe. [...] O goberno desconcertado, sabotado polos seus servidores, rodeado de inimigos dentro da casa. Non se atreveu á varrida, non comprendeu a súa posición revolucionaria e paga as consecuencias. En política só trunfan os que se colocan sempre na ofensiva. Defenderse é só o fracaso.

Axiña se dará en España o sálvese quen poda. Galicia, se para entón ten en movemento o seu estatuto salvarase. Como cando Napoleón.¹⁵

Efectivamente, non andaba errado. A sublevación militar do 17 de xullo cólleo en Madrid, negociando a aprobación definitiva do Estatuto de autonomía, logo doutra intensa campaña previa ao plebiscito. El e Castelao, lonxe de Galicia, salvan a vida. A fe na vitoria consegue, polo momento, mantelo en pé:

Agora hai só unha consigna: Vencer como sexa. Iso significa liquidar para sempre a chantaxe que os militares viñan realizando a costa do tesouro español. Chantaxe de dúas entelequias: o valor e a honra; significa dar luz a unha España insospeitada no mundo e en España mesmo, a España popular e democrática, freada hasta hoxe por todos; significa abrir ante o mundo un capítulo novo da Historia vital.¹⁶

Mais en Madrid sente que nada pode facer ante a barbarie desatada en Galicia, algo que lle fende no máis profundo:

Segundo as nosas novas –temos emisora e receptora de radio– houbo fusilamentos moitos. Entre eles sospeito que o do meu irmán Antón. Aquel o meu gran Antón que quero como á luz dos meus ollos.¹⁷

Efectivamente, Xohán Antón Suárez Picallo, galeguista, agrarista e dinamizador cultural na Sada republicana, fóra paseado, corre pois a mesma sorte ca outros veciños. A traxedia non derruba a Ramón, senón que o impulsa a seguir na loita. Como home de acción e de compromiso colabora co exército republicano no mesmo campo de batalla, organizando unha “Milicia Gallega”:

15. Id., 12 de xullo de 1936, Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense.

16. Id., 17 de agosto de 1936, Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense.

17. Id.

Hoxe acuartelamos. Somos uns mil. Hai de todo, ata segadores que forman un grupo de choque que leva o nome de Rosalía. A misión principal é entrar en Galicia como sexa. Mais mentres isto non se poida facer a nosa milicia loitará onde o queira o Goberno. Está moi ben organizada. [...].

[...]. Mañá comezaremos a instrución. Deseguido iremos á Serra para foguearnos. Despois a onde sexa. Con nós, ben dentro, van Galicia e a República.¹⁸

O inexorable avance franquista levarao a Barcelona, onde codirixirá a revista *Nova Galiza*. Alí, facendo valer a súa faceta de avogado, defenderá a moitos anarquistas das acusacións stalinistas, nun momento en que os comunistas prosoviéticos aglutinaban un gran poder. Suárez Picallo, antigo comunista, distanciarase dos seguidores da doutrina marcada en Rusia e criticaraos acedamente, así en público como na correspondencia con Blanco-Amor:

Esquecía dicirche que noto certa frouxeira en combater a Rusia e ao “seu” comunismo. Considero que é preciso rachar con esa xente. Fixéronnos moito dano! Para o futuro, o noso perfil acentuado de republicanos e demócratas, sen contaminación con eles, será de grande utilidade.¹⁹

Adoptaba, xa para sempre, a clara definición de republicano e demócrata. O curso da guerra levarao ao exilio, parte desde Francia a Nova York. As súas peripecias polo mundo relatáballas en carta ao galeguista Xosé Hermida:

Ó terminar a Guerra, fun os Estados Unidos, chamado e levado polos fillos de Sada ali residentes. Estuven 7 meses dando conferencias por “Hispanas Confederadas” en 40 Estados da Unión, xuntando diñeiro pra fletar o “Ipanema” que levou a México os primeiros refuxiados de Francia. Despois pasei á República Dominicana (a terra de Trujillo, que dios Confunda) onde estiven un ano. Alí “non me prestaba” o clima físico nin o outro clima, e arreglei de modo de ir a Chile.²⁰

18. Id.

19. Id., 19 de outubro de 1939, Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense.

20. Carta de Ramón Suárez Picallo a Xosé Hermida, 10 de agosto de 1959, propiedade de Keith Hermida.

O exilio para Ramón Suárez Picallo viña acompañado dunha serie de desgrazas que, en apenas tres anos, esnaquizaran á súa familia. Serán os peores momentos da súa vida e deixarán nel un pouso de amargura incurable. Blanco-Amor, o grande amigo, será a testemuña de tanta dor:

Querido Eduardo: Un día angustioso da túa vida, cando a túa nai estaba morrendo, fixéchesme unha encarga. Cumprina devotamente. Pouco despois cando a túa nai se foi e quedaches só, leveite ao meu fogar. Quería que a calor dos meus, mitigase en parte a túa dor. Non sei se o logrei. Mais esa foi a intención. Pois ben, eu áchome hoxe igual que ti antes. Só, sen ter a quen dicir toda a dor da miña alma. Hai uns 6 días Meilán, de Montevideo, dime que morreu aí o meu irmán Leonardo. O bo, o querido, o discreto Leonardo. Oito días antes escribíronme de Filadelfia, dicíndome que a viúva do meu irmán Diego, morto en Filadelfia en setembro do 1938, desapareceu deixando abandonados aos meus sobriños, Eduardo de 10 anos e Teresita de 6, dúas preciosidades. Co Ministro americano aquí, por recomendación dunha alta personalidade, logrei que os meus sobriños entren no “Guard College” de Filadelfia, o mellor dos Estados Unidos, de onde sairán cunha carreira universitaria aos 21 anos de idade. Onte recibo carta da miña irmá María dicíndome que o meu pai morreu dunha síncope cardíaca o 4 de xaneiro. Santo Deus! Como ves, imaxínate como estou. Axúdame! Escríbeme! Non teño a quen falarlle no mundo.²¹

Ao pouco morrían tamén a nai e mais outro irmán, Eduardo. Aínda na República Dominicana, e por se fose pouco, sufrirá a persecución do goberno de Trujillo e estará a punto de ser extraditado a España. Como lle conta a Blanco-Amor, conseguirá saír rumbo a Chile:

Logo de mil esforzos conseguín saír daquel inferno que é Santo Domingo, onde quedan aínda 1.700 compatriotas. Grazas ao ministro de Chile alí, o escritor Víctor Domingo Silva, que me facilitou pasaporte chileno semioficial, puiden lograr os visados de tránsito por Haití e Panamá, vetados a todo viaxeiro europeo, sobre todo se é refuxiado. –Vou a Chile, nu, sen un centavo.

21. Carta de Ramón Suárez Picallo a Eduardo Blanco-Amor, 27 de febreiro de 1940, Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense.

Levo algunhas cartas para diarios e editoriais. É posible que poda defenderme. Pero o meu propósito é chegar a Buenos Aires.²²

Con todo, instalárase en Chile, que o acollerá durante 15 anos. Dedicarase profesionalmente ao xornalismo, colaborando cos máis importantes diarios do país: *La Opinión*, *La Hora*, *El Mercurio*, *El Sur*, etc. Na súa columna, “La feria del mundo”, expresará cada xornada as súas inquietudes, lembrará acontecementos do pasado e, curiosamente, impulsará unha campaña governamental en favor do consumo de peixe, o que acompañará con conferencias, por todo o país, destinadas a convencer a poboación chilena das vantaxes dos produtos do mar:

Xa dixemos algunha vez, desde esta mesma sección, que é un absurdo do consumo, da alimentación, e da economía de Chile, o feito de que, tendo un problema de importación de carne, cara e mala, non recorra, por vía estatal e científica, a buscarlle un substituto ao produto que debe importar. O substitutivo vantaxoso en prezo e calidade, teno Chile nun vasto plan de produción e industrialización pesqueira, con amplos alentos. Un plan que parta da extracción do produto, o seu almacenamento en fresco en porto, a súa industrialización, –salga, secado, conserva, escabeche, etc.–, o seu transporte, o control dos prezos e a creación dunha masa consumidora, dentro e fóra das fronteiras do país. É certamente, moito plan; pero estamos en época de grandes creacións, e os esforzos físicos, económicos e técnicos, que se gasten neste, serán retribuídos á nación, a razón do cento por un.

O pobo chileno, debe enriquecer a súa dieta diaria, pobre e raquítica, con peixe abundante e barato. A economía nacional non pode ter fontes de produción caudalosas, que non estean en pleno rendemento. É un imperdoable pecado de lesa Patria, e de lesa Democracia.²³

Así irá Suárez Picallo malvivindo, nunha situación económica precaria e experimentando unha deterioración física evidente, que el mesmo se encargará de difundir, amosando unha certa hipocondría:

22. Carta de Ramón Suárez Picallo a Eduardo Blanco-Amor, 4 de setembro de 1940, Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense.

23. “La pesca en Chile”, *La Hora*, 30 de decembro de 1942.

Desde mañá, e por causa de ditame médico competente, o xornalista que escribe esta columna de “La Hora” desde hai máis de seis anos, acóllese a un mes de repouso en Las Cruces, ordenado polo Servizo Medico Nacional de Empregados [...].

E todo, porque Pick-Up está enfermo do corazón. Os sapientes cardiólogos de Chile que o viron e examinaron afirman que ten unha afección ás coronarias, con algo de “angina pectoris”; é dicir, que morrerá, irremediabilmente, un día ou unha noite calquera, sen dicir nin auga vai. Pero, mentres tanto, a Lei é a Lei, e o xornalista pobre, sen máis caudal nin amparo que o que lle conceden, o día, a noite, o traballo honesto e o pouco ou moito valer da súa pluma, ademais da súa xerarquía intelectual e moral, vai buscar nun recuncho amable da costa chilena, o ben inestimable da saúde perdida. E confía en que o mar, o santo mar dos seus vellos amores e das súas inquedas andanzas, actúe a modo de elemento restaurador, co seu misterio de eternidade e de esperanza e o encanto das súas polifonas sonoridades, calladas en espumas brancas.

Despedímonos, pois, dos nosos lectores por un espazo de tempo, fixado polos médicos en trinta días, pero ben puidera ocorrer que esta despedida fose definitiva.²⁴

Así mesmo, padecerá dunha absoluta soidade, afastado da familia e dos mellores amigos. As súas ansias de retorno serán cada vez maiores e farano fantasiar coa posibilidade de retomar a súa vida en Velloi. Nunha carta a Blanco-Amor, en resposta a outra deste, escribirá:

Agora ben, eu quero recoller da túa última carta unha frase: disme nela que se tiveses as terras que eu teño, a miña casa e o amor dos meus, non pensarías noutra cousa que en cultivar todo iso: eu xúrote polo amor e a memoria dos meus mortos, que nesas terras, na casa e no cariño dos que quedan no meu humilde fogar de Velloi, tes ti, para gozalo con pleno dominio, a metade de todo. Sempre terás alí un amable recuncho; os cordeiros, cunha estrela na testa, volverán comer nas túas mans espigas de millo; criarás bois e non farás o que o meu bondadoso pai fixo cos que ti coñeciches, vendelos para a cortaduría. Deixaralos sempre, vellos e todo, sen deixar que ninguén os mate. As augas da miña

24. “Reposo”, *La Hora*, 16 de maio de 1949.

fermosa Ria de Sada, camiño dos “Caneiros”, seguirán azuis de día e pola noite acendidas de “ardentía” iluminando os corpos apolíneos dos mozos nadadores para deleitación dos nosos ollos fatigados; na Praza de San Roque volveremos ver os respuntes máxicos da “muiñeira”; e de retorno da festa naquel cuartiño teu e meu do noso fogar, o vello merlo cantareiro, volverá asubiar nas mañás o seu “buenos días Pepito”. Claro que alí faltará moito insubstituíble: a presenza do meu querido Antón e dos meus pais que te adoraban; mais en troques a miña irmá María, que casou hai pouco cun excelente rapaz, ten un neno e unha nena preciosos. Ela chámase María Teresa, en homenaxe á nai morta, e el chámase Juan Ramón. [...] Queira Deus que este soño se cumpra!²⁵

No 1956 viaxa a Bos Aires, representando os galegos de Chile no Primeiro Congreso da Emigración Galega. Sobre esta viaxe e as súas inmediatas consecuencias escíbelle a Xosé Hermida:

Aquí topeime cos currunchos onde pasara a miña adolescencia e con vellos e moi queridos amigos, loitadores pola mesma causa. ¡E quedeime aquí! Traballo coma sempre. Son Asesor Cultural do poderoso Centro Lucense de Buenos Aires, como director da súa Cátedra permanente de Cultura Gallega e do seu periódico Lugo, do que che mando eixemplares por correo ordinario. Escribo noutros periódicos, e dou conferencias en varias institucións democráticas e republicanas españolas e arxentinas. Ademais estou escribindo un libro titulado Castelao Político, que sairá xunto con Castelao Artista, de Luís Seoane, é, Castelao Escritor, de Eduardo Blanco-Amor. Poño nel a alma, vida e corazón. [...] Son socio de honor de casi todas as institucións representativas da coleitividade e, como Diputado, secretario de Relacións Exteriores do Consello de Galicia, fundado por Castelao.²⁶

O libro *Castelao Político* nunca o chegará a concretar sobre o papel. Nos anos 1961 e 1962 impartirá un curso de xornalismo de grande aceptación e perdurabilidade na memoria dos seus alumnos. A súa saúde, cada vez máis deteriorada, levarao a operarse da vista

25. Carta de Ramón Suárez Picallo a Eduardo Blanco-Amor, 24 de agosto de 1946, Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense.

26. Carta de Ramón Suárez Picallo a Xosé Hermida, 10 de agosto de 1959, propiedade de Keith Hermida.

e, un tempo despois, a ingresar no sanatorio do Centro Gallego. Alí falecerá o 14 de outubro do 1964, rodeado da estimación de todos, pero afastado de todo canto quixo na vida e quebrados todos os seus proxectos. Nunha carta, dirixida ao presidente do Centro Gallego e titulada “Mi trabajo ha terminado”, escribirá profetizando o seu final:

Eu non teño fogar nin familia propia, e a miña vida, que está chegando ao seu final, desenvólvese na máis absoluta tristeza e soidade; pero me consola o saber que conto co afecto, a estimación e o respecto de cantos me coñecen [...].

Aínda que Vde. non o crea, debo dicirlle que sendo como son un profesional da palabra falada e escrita, nesta ocasión non acho as xustas e necesarias para expresarlle canto senten o meu espírito e o meu corazón. Xa non estou en condicións de retribuír nada, pero, se algo aínda podó facer será sempre para seguir a liña que orientou toda a miña vida: servir a Galicia, a nosa patria; e ás institucións que a representan no mundo coa máis alta xerarquía; entre as cales cóntase, en primeirísimo lugar, este benemérito Centro Gallego de Buenos Aires, a nosa santa sé, o noso refuxio para achar instantes de paz e acougo mentres chega a hora de dicir: o meu traballo terminou.²⁷

Manuel Pérez Lorenzo
Francisco A. Pita Fernández

27. “Mi trabajo ha terminado”, *Lugo*, outubro de 1964.

LEMBRANZAS DE SADA



Fotografía dos pais de Suárez Picallo.

A TRAXEDIA DE MANGÚA
(Narración mariñeira)

A miña nai con todo agarimo,
adicolle este meu primeiro traballo
escrito na nosa fala; naquela me
cantaba, abalándome cando era
neno.

Pasara de rapaz de boliche. Xa andaba a traíña ganando un
quiñón coma un home. Dende había tres meses que escomenzara
escurada e aínda no augueiro non caera un peixe. Nos fogares
mariñeiros non se comía compaanno, e pan, comíase pouco. Tres
meses que lle dábamos ó mar a suor nosa, pra que nos dera, a
troque, o froito abenzoado das súas entranas, que era o pan noso.

* * *

Como de adoito saíamos, todalas traíñas despois de pasar
o domingo na casa. Compoñían a nosa, dúas menuetas, o bote i o
barco –un lanchón que armaba doce remos por banda– que levaba
o aparello. Era iste o “Armenteiro”, embarcación o máis xentil e
mariñeira conosciada dende Miño a Estaca de Bares, por Nordeste,
e de Morazón a Fisterra por Vendaval. Era o seu mestre, Mangúa,
o peixeiro máis valente e arrisgado que había nas costas Cántabras.
Ir con el ó mar era tíduo de mariñeiro pois quen mudara de coor á
vista da morte non tiña sitio na sua compañía. Nunca levara vellos,
que nos istantes de perigo lembraran a muller i os fillos. Quería
rapaces novos, incoscentes do perigo. Por iso o noso Mestre tíñase
moita fe. E por eso tamén, recollía todolos desafíos das outras
embarcacións.

Ó aparear a praia de “Arnela” un tripulante das outras
traíñas, dou o berro de desafío:

–Ei lanchas, ¡vai!

Era cousa de honor mariñeiro. Era preciso acetalalo. I o berro da resposta non se fixo agardar:

–¡Vai! –contestou Mangúa, e detrás dil os patróns das corenta embarcacións, de todas as trañas do Porto. E pódose en ringleira, de Nordeste a Vendaal, escomenzou a estrepada que terminaría na Marola, levando loureiro trunfal a que chegase pirmeiro.

Mangúa botou man o remo de goberno e seguindo os movementos dos vintedous remadores, esquequenábase mantendo o “Armenteiro” proa a pena da Marola, meta final daquela loita, pra non perder nin un chisco do esforzo da súa xente.

–¡Ai desta banda! –berraban os de babor pra animar os seus.

–¡Da nosa máis anda! –contestábanos os de estribor.

–Duro rapaces, que pasamos –animaba o Mestre. I os nosos lombos, co esforzo da boga tirada, deitábanse para tras quedando en nivel co courel. Os remos bimbiábanse, cando as paas cravábanse no mar, deixando pola popa un rego descuma branca e burlante. Pero as embarcacións todas seguían en ringleira sin adiantar un pelo unhas das outras.

–Agora, rapaces, que pasamos, –berrou de novo o Mestre e cando faltaban poucas paladas, a proa do “Armenteiro”, saiu gallarda e xentil desposta a chegar primeiro.

–¡Pasamos! ¡Pasamos!, –cramaron todos i o proel ergueu o remo anunciando “¡posta!”, que quería dicir: ¡Trunfo!

As tripulacións das outras fixéronllo “Armenteiro” os honores de rei, ceibando un aturuxo que rachou os ares.

Tomamos refolgo, encetámolas merendas que nosas nais puxéranos nos garruchos, mentras os salseiros que se escachizaban na Marola, mandábanos nas áas do Nordeste gordas pingueiras que refrescaban as nosas testas suoras.

* * *

Os derradeiros frescos do día agacháranse detrás da Cruña. A farola de Hércules refrexaba sobor do mar os seus variados coores. I o faro do “Peirao” emborcaba en Coitelada lixeiros refachos.

Prencipiaba escurada. A hora do traballo rudo, que repetíamos dende había tres meses, empuñando o remo nas primeiras sombras do asexo e ceibando, os primeiros albores do amanexo. O Nordeste arreiciara, despeinando os cabelos do mar, feitos argazo.

Mangúa botou sobor dos homeiros o chaquetón de augas, cobreu a cabeza co sueste e cravouse na proa, cun pé en cada lado da roda, dereito e firme como un penedo. Xa poderían caer risos, xa podía o “Armenteiro” dar brincos e rebrincos sobor das olas bravas, que il non se movería.

Cos seus ollos de mascato cravados no abrego da ardentía escomenzou o ataleo.

–Boga cortada –mandou, i as paas espetábanse no mar co mesmo silencio que se foran coitelos, mainiñamente para non escorrentalos peixes.

De cando en cando, a voz dos patróns das lanchas compañeiras preguntaban:

–¿Ves algo Mangúa? –A resposta era a mesma sempre:

–¡Nada!... ¡Nada!... –Seis horas de duro bregar. Non se vía a costa. Pola popa a rás das augas quedaba a Torre de Hércules por Vendaval i o “Peirao” por Nordeste. O sono, o traballo, i a despranza, rendíannos xa. Algúns, durmindo levaban automaticamente pola forza do costume, o compás da boga. Perdeuno o meu compañeiro de bancada i o guión do seu remo tropezou co meu dando un bouro.

Debaixo de nós un lástrego branco, alomeou as augas.

–¡Un branco!...

–¡Un branco! –anunceu Mangúa, tolo de contento.

–¡Aquí vai!... ¡E sardiña! –Repetiron da lancha compañeira.

O corazón dounos un pulo, ameazando saltársenos do peito.

–¡Boga a Nordeste! ¡Cerca lixeiro! –ordenou Mangúa imperioso. O Nordeste arreciara coa velocidade de seis risos. O argazo non deixaba facer auga as páas; pero nós, facendo un supremo esforzo, avantamos. O branco corría cara o abrente.

–¡Arrea ahí mesmo! –Un choupo feito na auga cas plomadas anunciou que tocaba o mar o primeiro peixe de aparello. Veloz como unha frecha o Armenteiro cercou o branco, atallándolle o paso co a inmensa traíña de setanta pés de outura. Voltou o punto, polo rededor sostido por tres homes. Os outros repartidos nas dúas puntas, entrabámolo aparello.

As outras lanchas viñan no cerco da copeada. Os patróns delas tocaban os chifaros e asuaban pra darnos callo. E no meio, o peixe, arremuiñábase poñendo mar brando, callado de fartura. Xa se vían as calimas i os boureles, xa íamos botalas as mans afanosas as golas do cope. No argazo, cada vez máis rexo, os peixes facían gorgola tremante e promisoro. Un berro angustioso do Mestre, trastallounos o corpo.

–¡Virxe do Carme, estamos enriba das pedras!

O afán de ganar fixéranos esquecer có vento era cuase huracán. O risón do retedor foise a rastra a sotavento, botándonos sobor dos penedos de Campelo. ¡A morte a un paso! ¡A morte inevitabel, desfeitos contra as rocas! A sua sombra negra, cobríanos xa. O mar, o esnaquizarse chapuzábanos nas guedellas.

Mangúa dun brinco, foi á tilla e cun coitelo na man foi a tronzalo retedor i as pernas, da traíña deixando o barco ceibe, que, tocando xa a sua barriga nas pedras dou un queixume. Nun santiamén armamos dous remos i arredámonos como podemos do baixo temíbel deixando engastallado nas pedras o copo anhelado mentras o branco fuxía pola proa, e con el as nosas acariñadas espranzas.

¡Todo perdido...!

¡Perdido! I a voz do valente Mangúa daba no oco do penedo, voltando ós nosos oídos, coma se viñera do outro mundo.

—¡Ímonos prá casa! —O “Armenteiro”, diante, vento en popa, e ó seu remolque, as embarcacións compañeiras, entramos en Fontán, o porto da partida, coma unha ringleira de cadaleitos.

Nas nosas casas, esa noite houvo oracións por non habernos morto nos baixos tráxicos.

* * *

Dende aquel día Mangúa non voltou ó mar.

De cote vai ó seu Armenteiro, que toquea na boia cinco do porto; fala con el e chora. Non tuvo cartos pra un novo aparello; e nadie lle fía ningún, porque din que está tolo. Debe estar, o coitado; porque nas noites de tormenta, vai hasta o Cargadoiro. I alí coas guedellas, xa brancas, axitadas polo vento, toca o seu vello chifaro, coma cando animaba os seus rapaces nas costas Cántabras. I os refrexos da ardentía, aloméandoo, danlle o aspecto dunha aparición do Alén...

Come peixe, porque os mariñeiros todos, fan sempre un quiñón, o probe compañeiro a quen lle quedou a razón i a alma, engastallada nos cachos do aparello, nos baixos de Campelo, aquela noite malfadada...

Céltiga, 25-07-1925.



A ESTREPADA

Eu lémbrome sempre con ledicia d'aquela estrepada na que a “Raíña dos Anxeles” –a máis xeitosa e lanzal minueta que sucaba a ría azul que entra pola Marola e morre a o pe da secular vila Betanceira– foi procamada raíña da semán, a máis outa dinidade peixeira con saudo de remos arriba cada vegada que pasa diante das outras embarcacións peixadoras da bisbarra.

I eu lembro con moito agarimo aquela estrepada, porque foi a derradeira en que tomei parte denantes de emprender o longo camiño por onde aínda vou peleginando. E, ademáis, porque a nosa belida minueta foi meu fogar mariñeiro, moitos días, moitas noites, moitos meses, varios anos. Enriba das súas taboas –limpadas arreo polas miñas mans– tiven a sensación de estar preto do alén, un día de fera nordesía a o pé da Marola milenaria. Na sua tilla e no seu panel, durmíu e soñei. Do seu augueiro sairon as primeiras moedas de prata que orgulloso, entreguei a miña nai, en troque dunha benzón e dunha profecía de boa fada. A miña minueta está agora tirando pola corda da sua vellés no porto de Fontán, facéndolle acenos a sua mocidade heróica. Agarda, serea, como unha aboíña de albeiros cabelos, que unha maresía poña fin a os seus días contra os baixíos de Morazón ou as pedras do Cargadoiro.

Coma todos os luns, as lanchas e trañeras da ría, preparábanse para salir. Era escurada e habíase de atear de asexo na hora do lusco e fusco. Cuando os ollos lumiosos do Faro de Hércules ceibasen sobor a bocana da ría seus primeiros refachos, as trañas da bisbarra debían embocar Marola afora. No Campiño e nas ramplas os mestres, os patróns i os largadores, facían comentos: Frente a Coitelada vírase tirar o mascato, e moi preto do Prioriño

aros e arroaces ventaban peixe con fartura. Nas lanchas, os rapaces apretaban toletes i axustaban estrobos, ensebaban drizas e rondanas con grande i algareiro rebulicio.

Dunhas lanchas a outras berraban os rapaces:

–A estrepada de hoxe ten a que ganar a “Velaíña”.

–Xa quixeras. Quen gana exe é a “María Manuel”.

–Xogo un patacón pola “Gaviota”.

–Dous reás a favor da “Raíña dos Anxeles”.

–Hoxe –sentencia o máis asisado rapás de Fontán, que por ser tan asisado decíanlle “O Chiflado”– ha de ganar a que teña millores remadores. –Temos calma chicha deica a meia noite –engadío nun alarde de sabidencia astronómica.

Baixaron os patróns i os demais homes as escaleiras da rambra e unha orden, percorreu toda a ribeira:

–¡ A bordo!...

As primeiras paladas dos remos crebaron o cristal azul das augas do porto e remexéronas, facéndose unha branca ferverza de escumas a badía peixadora.

A o aparecer a praia doirada d’Arnela, as lanchas que ían denante amainazaron a boga; i as que foron quedando a o regazo diron boga tirada.

A praia doirada de Arnela foi sempre o lugar sinalado pra encomenzala a estrepada que todolos luns disputaban as lanchas trañeras da bisbarra a o sair a peixar, e que remataban nun trunfal aturuxo debaixo do penedo bravío da Marola.

Tres minutos, i as lanchas todas, sin levarse un dedo, facían longal ringleira de remos abertos como áas de gaviotas. Ringleira de corpos bariles e cabelos roibos e ollos azúes acariñados pola gloria do sol agostiño, estendidos no punto mouro que fai na bocana a roca bruante, remate da brava puxa. Ringleira de oídos prestos a escoitar o desafío tradicional que resonou baril i enriba del caeu a aceptación:

–Ei, lanchas...!

–¡Vai, lanchas...!

A unha, pandáronse todos os corpos dos remeiros nun pulo xigante i heróico. O bourar monorrítmico de remos e toletes fíxose un so golpe, un ¡room! ¡room! acompasado que facía o baixo a o bisbiseo queixoso das augas trastalladas dos remos bimbiantes.

Mangúa, o noso patrón, o máis barudo e valente peixeiro da ría de Sada empuñaba o remo de goberno, mesmo que un guerreiro dos lonxanos tempos empuñara o ferro na batalla. Cara a nós, esquerquenábase querendo doarlle a nosa “Raíña dos Anxeles” os azos da súa alma. Con voz de prego de incitación e de ameaza, animábanos:

–¡Duro, meus rapaces! ¡Boga duro, que hoxe ganamos! Ese tolete da barcada das guías. A ver aquel estrobo de proel, –ordeaba de paso a o noso rapaz que facía equilibrios máxicos polo courel vixiando i apretando estrobos e toletes.

–¡Duro! ¡Duro! ¡Duro! ¡Boga duro...!

Os remadores trocando en forzas o amor propio i o anceio de ganar a estrepada, berrábanos unhos ós outros xubilosos e bravos.

–¡Ei da miña banda!

–¡Ei, que da miña banda máis anda!

Dunha proa para outra, a o longo de todas as lanchas podíase tirar dunha liña reuta sin esmallar un cabelo, un milímetro. Tras delas a ría quedaba sucada de ronseles escumosos i albeiros. Sucos ferventes que as gaiotas seguían aleladas. Cen rellas trastallantes facían a súa arada no agro azul da ría acougada.

Por didiante dos nosos ollos asolagados no suor, pasaron en rauda fuxida os praíales da costa: Arnela, Armenteiro, Lourido, Cirro, Dexo, Lorbé. A liña máxica que facían as lanchas non se crebaba. Un estrano sortilexio sostiña fitante.

O penedo irto da Marola xa cuáseque nos envolvía na súa sombra mesta. O noso Mangúa engruñouse e berrounos cun berro racial i asubiante.

¡Agora, rapaces que ganamos! ¡Outro pulo, meus bravos!

¡Duro de babor e estribor! ¡Duroooooo...! E namentras pronunciaba a incitación, co seu remo de goberno dou un rexo golpe de couce e outro de asimán, e a nosa minueta crebóu a liña encantada adiantando a súa proa groriosa e trunfal nun salto máxico sobor das primeiras ondas outas do mar da Marola.

Tódolos remos a o ar, e un aturuxo longo, foi o saudo que decrarou a “Raíña dos Anxeles” raíña das lanchas peixeiras da ría de Sada.

Os refachos do Faro Herculino, do Prioiro e do Prioriño, alumeaban e facían flamas locentes dos cabelos do mar que despieitaba unha fresca nordesía. As lanchas abrironse pola extensión azul, e os patróns de pé na proa encomenzaron o ataleo, albiscando na ardentía das augas a aparición do froito bendizcado do mar noso. Nin unha verba. Somentes de cando en cando unha orden en voz baixa:

–Amodo. Amodiño. Boga cortada... As paas dos remos, choupaban manseliñamente na ardentía e o noso corazón brincaba de ledicia polo trunfo conquerido, cubizado galardón da miña caste mariñeira.

Bos Aires. *Alborada*, decembro de 1930.

NO CARTO DE MIÑA NAI

Heime no carto de mina nai, meu amado recuncho do fogar nativo, santuario de tenrura, onde decorreron os anos xá lonxanos da miña nenés, a páxina albeira da pureza do libro da miña vida.

Eiquí está, santo patrón de éste altar, o vello Santo Cristo de pau de cerdeira, mantendo sempre, pese aos seus anos, aquel xesto de piedade amargurada. Diante dél eu recei as permeiras oraciós; por meu pai emigrante, por meus abós mortos. El foi quen recibiu a derradeira ollada dos que se foron aos reinos do Alén e quen presidiu nas circunstancias mais trascendentales, ôs concellos familiares.

¡Cantas veces ouviches, ¡ou vello Santo Cristo!, meu nome envolto na pregaria materna pidíndoche a miña volta! Por eso, bendizoada imaxe do Rabí Mártire, eu axiónllome diante de ti, é ofréndoche, por mellor oración, esta bágoa emocionada que roda mainiñamente pol-a miña meixela.

A nobre hucha de nogueira, que garda mantelos de boda e panos bautismales, arumados de espriego recendente e lembranzas de doces amores e de festas enxebres.

Alí o chineiro onde miña nai gardaba as larpeiradas, que eu cubizaba, premio das boas aucióis: O mel doirado, as froitas fraganciosas. Ti sabes, pícaro armatoste, de moitas falcatruadas e mais de algús pecados contra o sete mandamento do Decálogo. Agora non estás mais fechado. ¡Non hai nenos na casa...!

I-a mesa petrucial sobor da que se esquirbiron centos de misivas, ateigadas de anguria e de agarimo. ¡Arelado mensaxe dos

seres benamados! Mesa bendizoada antes de cada xantar e de cada cea pol-a man de meu abó. ¡Eu bicote Ara sagratísima d'este altar!

E ti, vello reloxio que segues marcando o decurso de vidas ben queridas, de ausencias doloridas, non acababres esperas. ¡Cómo añorei ô tic-tac do teu péndulo, i-o tanguir sonoro das tuas campanadas!

E este noble leito, que foi nupcial, de nacimiento e de agonía, de sonos ledizosos e de sonos tristes. Na mornedade emocional das túas roupas de liño caseiro eu quero repousar miña cabeza frebemente, cuáseque louca.

E na vella cadeira de bimbios xa algo desvencellada pol-os anos meu corpo e miña i-alma arelan descansaren, despois do longo pelengriñar nos tempos que foron...; ¡mais non podó! A miña destra está o porta libros de miña nai. Estendo a mán e púsoa n'un azar. E un libriño de tapas mouras e lenda doirada que dí: “ancora de Salvación”. ¡Libro da vida é libro da morte! Nas permeiras follas deprendín as oraciós dos nenos na premeira comunión, alborada de vida, e nas derradeiras linlle a letanía dos agonizantes a meu abó no trance supremo, na hora do seu sol-pôr.

Pola fenestra aberta entra unha brisa mariñeira, subtil e perfumada. Os paxaros voan cara aos seus niños, seus fogares abalados polo vento. Na lonxanía o Sol vai deitarse no mar, seu leito de azul eterno. I-eu ollo o vieiro por onde aquela crúa mañán de marzal botei a andar rumbo ás terras da emigración. Ao ollar aquel carreiro, volto os ollos que tropezan c'os de miña nai. E musito con vós tremente:

“¡Miña casiña...!

¡Meu lar...!”

No meu fogar, MCMXXVI

LEMBRANZA DO ORZÁN

¡Orzán tan vello coma ó mundo!

¡Orzán, que pol'o mesmo sabes a hestoria dos nosos abós,
perdida na noite dos tempos que foron!

¡Orzán, que fuches a harmonía da vella oración dos druidas,
i-a música sonora d'as danzas ledas, feitas arredor da tumba onde
descansan os deuses familiares!

¡Orzán, mar gallego; mar noso; mar que levaches ó lombo a
Breogán i-os seus xurdios compañeiros!

¡Orzán, pano de bágoas dos que se alonxan da Terra Galega
pra non vela quizaves máis...!

Porque fuches o mar dos meus anos nenos; porque lle
falaches ó meu esprito, alelado, diante de ti, da maxestade da nai
natureza; porque enseñaches ós nosos mariñeiros a ser valentes
diante do peligro, i-ainda da morte, eu quérote lembrar, meu Orzán,
e quero tamén desentranar o senso das tuas verbas varudas, das
verbas en que falas c'a tua amiga a Torre de Hércules –milenaria
tamén– do pasado e do porvir.

Maino e falangueiro, cóntaslle a hestoria dos amores de
Noeri e de Artei; esprícaslle o xeito como a Aboa Celta, impedíu
¡nai gallega! a guerra entre irmáns, facéndoos axoenllar, e bicarlle os
pés; fálaslle da epopeia dos fachuzos é das fouces. I-a Torre escoita
ó Poeta.

Bruando baixo é sonoro, entonas un triste “Miserere”, ou
un “Réquiem”, pol'a i-alma do noso Mariscal e dos seus Irmaos,

mártires da Terra e da súa liberdade. I-a Torre, tristeira, escoita o pregoeiro da traxedia, e chora, i-as suas bágoas, feitas brétema e nebueiro, velan a lús d'os seus ollos que deixan de alumear amostrando ós navegantes o camiño do porto-salvo.

Bourador, fero e violento padricas o sermón-protesta contr'os séculos d'aldraxe e de cautividade da nai Galicia; e bouras, e bouras pra que “desperte do seu sono o Fogar de Breogán”; e como ó teu requerimento responde o silencio dos aletargados; choupas inxurias i-anatemas contr'os desleigados, contr'os indiferentes que dormen mentres que a nai chora a súa desventura, e, iracundo, intentas abranguer a Costa i-a Terra pra arrincala d'acaron de quen'a aldraxou, e tragal'a, asolagal'a, antes de seguir vivindo en asoballamento, ou prantala n'o teu seo, facendo de cada salseiro un gardador da súa velléz augusta. I-a Torre escoita, contenta, ó padricador rebelde, e –coma todol's rebeldes– xeroso i-heroico.

Dimpois n'un xeito de danza compasada é rítmica, fas a profecía dos Tempos Novos e ensaias os “psalmos” da Terra Ceibe. I-a Torre, relixiosa, abenzoa ó Profeta do trunfo d'os bos e xenerosos, dos paladis esforzados pol'o reconquerimento da nosa liberdade.

¡Orzán! Lémbrote e prego os meus fados proteutores, que do mesmo xeito que recolliches as miñas bágoas d'emigrante e as dos meus irmans d'eisilo, recollas n'as tuas augas o derradeiro sopro do meu folgo pra levar eisi, ó Reino do Alén as túas lendas de Poeta, os teus ecos musicaes i-os teus sermós de padricador; e as tuas anuciacións de Profeta d'a nosa Terra Galega.

(Buenos Aires, primavera de 1925).

Céltiga

3

EMIGRACIÓN



Suárez Picallo en Chile.

¡NENIÑO GALEGO!

¡Ou retoño da vella raza baruda!

¡Irmán dos toxos, dos pinos outos, e das silvardas punzantes!

¡Irmán do maíno en frol, e do trigo louro i espigado!

¡Suprema esperanza da Patria galega!

Cariña churrusqueira e doce, que han de queimar os soles candentes dos trópicos, ou que han de escartillar as neves xélicas dos polos, ou que han de chapuzar os salseiros de tódolos mares do mundo. ¡Que pra todo has de servir, retoño da Raza!

Eses teus peños, acariñados polas froles do noso chan galego, e hastra polas espiñas feras e irtas, que non se estreven a rabuñalos, santificados como están polos terróns da terra fecundada, han de hollar tódolos camiños, no teu futuro pelegrinaxe de emigrante.

¡E coído que xa pensas neso!

Debaixo da tua pucha aldeán xa bolen e rebolen os pensamentos da fuxida pra terras estensas, fiel á tradición aventureira da túa estirpe nómade.

Tua probe nai –¡ou traxedia imensa das mulleres galegas!– aínda reza tódalas noites por teu pai emigrado, e xa logo rezará tamén por ti a oración angustiada dos alinxados. Presínteo cando polas noites vixía o teu sono; un sono donde non hai fadas, nin princesas encantadas, nin enanos, como nos sonos dos nenos da vila.

No teu sono hai mares fabulosos, piñeirales imensos desvaídos en brétema, no lonxán hourizonte.

Presínteo na mirada fixa que pos no mar e nas estrelas arelando descubrir os misterios do Infinito.

E nos paliques que tes cos bois teus amigos, e cos paxaros, teus compañeiros. Sabe que ese é o teu destino. E críate pra eso. E dáche consellos e leicións de bencrianza.

¡E prégache coa alma que cando eso suceda, te lembres dela, que xa será velliña, e morrerá amargurada levando pró outro mundo o teu nome nos beizos, i o teu lembro na alma!

¡E ti, tamén, xa estás neso! ¡Non esquencerás, non, as dúas cousas santas de toda santidad, as dúas deidades que teñen un altar en cada corazón galego: A Nai e a Terra!

¡Ó conxuro desde dous grandes amores, trunfarás no mundo! Serás poeta, ou Músico; serás Apóstol, ou Nauta. ¡Serás o que queiras ser, a troques de que seas sempre galego, sólo galego!

Garda pra daquela na tua retina a visión saúdo deses eidos queridos, que che bican os pés. Garda a música armoniosa dos nosos paxariños ledos, dos nosos regachos cantareiros i o rouco queixume do mar e dos pinos. Garda os máxicos ecos do alalá e do aturuxo baril. Fecha na ucha do corazón o rico tesouro dos bicos de tua nai i os agoiros de boa fada que che din teus abós cando lles bicas a man.

Todo pra daquela, pra cando te alonxes, e te queimen os raios do trópico, ou te escartillen as neves do Polo, ou te chapucen os salseiros de tódolos mares do mundo. ¡Que daquela eses recordos hanche de parecer o máispreciado tesouro! I han de che servir pra trunfares no mundo: ¡Pra ser o que queiras ser, neniño galego! ¡Retoño da Raza!

¡Suprema esperanza da Patria Galega! ¡Deus te benzoe, e te críe pra boa fada, irmán dos toxos e dos paxaros!

¡Neniño galego!

Céltiga, 25-XI-1925.

EMIGRANTES

*Dende entón cando vexo que un
galego as praias deixa onde, infeliz,
nasceu, i achego busca noutras
praias, digo: ¡Guíete Dios, tamén!
Curros*

A derradeira pitada do vapor semella un salaio saído da lama doorida de Galicia que ven amargurar máis a nosa alma. I o renixer das cadeas das áncoras bourannos no corazón coma cen martelos xuntos. ¡Ímonos! ¡Deixamos novamente a Terra Nosa, cuios airiños benzoados, ían xa sanándonos a alma, doente de lonxidade!

O “aleve e negreiro vapor” xa botou a andar. Lonxe, no peirao, mans ben amadas axitan os panos brancos decíndonos adiós. ¡Quen sabe até cando! ¡Cicais até máis nunca! Os panos brancos soméllansenos pombiñas brancas que queren vir bicarnos cos petelos; pro non poden voar.

Ouvimos os agoiros de “bon viaxe”, “saúde e sorte”, “Deus vos acompañe, ¡filliños!”.

¡Nosas nais! ¡Nosos fogares!

¡O Pasaxe! ¡Santa Cruz! ¡Mera! ¡A Cruña! Todo voa e vai quedando atrás. I as bagoas deixan aos ollos nosos facer un esforzo supremo pra manter sempre, alén mar, esta visión sagra na nosa retina. E morrer con ela nas meixelas, pra que o noso espírito torne a estes eidos e lles dea os bicos que cicais non poidan darlle os nosos beizos carnaes que comerá terra estena.

¡Marola! ¡Torre de Hércules! ¡Orzán! ¡Derradeiros senlleiros da Nosa Terra! ¡Até a volta! ¡En corpo ou en esprito! ¡Vivos ou mortos!

Agora: Mar, Ceo, e gueivotas galegas que quérennos acompañar un anaquiño mar adentro. Estas boas gueivotas, que aniñan na Costa Brava e que son o derradeiro sopro de vida galega, han ser, tamén, as pirmeiras en vir a darnos a benvida cando retornemos.

Gueivotas amigas, levade no petelo o noso derradeiro bico á Terra que xa non ollamos...

* * *

O esprito aventureiro da Estirpe, atópase na cuberta do vapor que marcha cara América. El, un fondo amor á Terra Nai, e o desexo de voltar pronto a ela, son o úneco caudal destes anacos de Galicia.

Homes e mulleres; viriles mozos e mozas garridas, velliños que levan o tráxico presentimento de que os seus ósos durmían o sono derradeiro en terras estranas, lonxe do cemiterio aldeán onde descansan seus maiores; neniños a meio criar que van xa compartir con seus pais o amargurado pan do desterro. – ¡Oh fillos infortunados da Galicia escravizada, que, como os fillos de Israel, percorren tódolos vieiros do mundo, unha peregrinaxe eterna...! No chan benzoado da América, ceibe e xenerosa, acharán moitos piadosa sepultura; das súas entranas fecundas arrincarán outros a fortuna cobizada; nas súas leises xusticieiras conquistarán azos pra ser apóstolos da Liberdade; na grandeza dos seus ríos e das súas alongadas sementeiras buscarán a inspiración pra ser poetas; no amor das súas mulleres sentarán os cimentos dun fogar novo que lle dará a América barudos retoños da Raza de Breogán. ¡Que todo eso pode saír deste feixe de carne emigrante, deste anaco de alma galega, que vai sobor da cuberta do vapor! ¡Piñusco de ilusións! ¡Proieitos aloumiñados de grandeza prós seres queridos! ¡Sonos de día venturosos despois de duras xornadas de traballo! ¡Faranse realidade...? ¡Quén o sabe! Mais aínda que así sexa, non serán felices nunca máis.

Levarán sempre metido na alma pra torturala o meiguizo das nosas campías verdescentes; a lembranza torturante dos alalás, da gaita e dos aturuxos; o arrecendo suave dos nosos vales frorecidos; a visión do derradeiro “lusco e fusco” i o toque da oración da campá parroquial.

Ese lembro –música, alma e paisaxe galegos– será seu compañeiro permaente de pelexinaxe por tódolos vieiros do mundo, martirizándolles o espírito até non voltar aos eidos nativos. E despois que se tornen, terán arelas das terras, que aínda non sendo suas terras, acocháronos, agarimosas no seu seo. I así a sua vida será xa pra sempre arela eterna de mundos lonxáns...

* * *

Tódolos días, na hora en que o Pai Sol deitase no leito azul do mar, un rapaz emigrante toca na sua fruta de pau de buxo canzóns saudosas do Val de Barcia. E a sua fruta de pau de buxo canzóns señaba aos melros a subiar a riveirana ¡E cousa miragrosa a fruta de buxo deste rapaz! A o conxuro dos seus saloucos, tódolos emigrantes soben a coberta e vanse acercando a o rapaz até facer un corro silenciosos ó seu arredor...

Un vaho de Saudade envolve nas suas azas invisibles e misteriosas aos emigrantes galegos. Apodéranse deles unha tristura doce que fai insensiblemente caer as bágoas.

O rapaz frautista deporcatase deso e rompe a tocar unha muíñeira. Saen a bailar una parexa que a puntea lediciosamente.

Un aturuxo roda sobor das augas e vaise a esnaquizar nos penedos da Costa Nosa, tales bríos leva a tal esforzo anímico o impulsa.

* * *

Entre todos hai algúns que levan enriba da alma unha traxedia.

Dous neníños –unha parexiña– que aínda non suma vinte anos entre os dous e que, orfos de nai, mándaos chamar seu pai desde Buenos Aires. Van soliños sen amparo de ninguén. El maréase,

e a nena facendosa como unha nai galega, como unha nai que queda durmindo no Camposanto de Carnoedo, lévalle tisanas, acóchao garimosamente. Non falan con ninguén. Somentes o médico-inspector de emigrantes puido entrar nas suas almas. O médico, é un nobre rapaz, fillo inteleitual i espiritual da ilustre Compostela, que lles fala en galego, que os aloumiña en galego, porque el sabe da traxedia da nosa Terra.

Un vello que por mor dun pleito (que perdeu gracias á intervención dun cacique) quedou polas portas do mundo. Pásase horas longas debruzado no barandal cos ollos encravados na estela escumosa que deixa o barco, longo “vía crucis” do seu calvario. Este non se afacerá. ¡Vello pino galego que morrerá murchadiño a o sere trasprantado noutras terras!

Un rapaz peixeiro da Costa da Morte que viu unha noite malfadada, morrer a seu pai afogado envolto nos outos salseiros. No probe fogar mariñeiro queda a nai tolleita e dous irmanciños agardando polo que el gane en América como polo Santo Advenimento. Cos brazos cruzados i os cabelos a o ar, mirar o mar con fonda xenreira. Emporeso de noite soña e oiselle decir: “couce”, “Asimán”, “Orza”, “Duro de babor”, ¡Soña que é peixeiro na Costa Finisterrán!

* * *

¡Soio traballo lle piden a América! E América, xenerosa e nobre, daralles traballo, Libertade e Amor a presas cheas.

Polas xélidas e soberbas costas patogónicas; pola inmensidade verde das Pampas arxentinas; polo Chaco abraxado do Sol tropical e polas ruas da grande cidade arxentina, esparéxase un novo anaco da alma galega, aterecida de door e de saudade.

¡Deus a guíe...!

Céltiga, 10-XI-1926.

POSICION E SINIFICADO ESPRITUAL E CULTURAL DO MUTUALISMO GALEGO NA EMIGRACIÓN

Historia

A historia do mutualismo galego na emigración costitue un verdadeiro milagre de télesis coeitiva e a súa máisima creación. Buenos Aires, La Habana e Montevideo, ofrecen neste orden exemplos mainíficos.

As causas principaes do seu desenrolo progresivo, deben buscarse nas circunstancias que rodearon a nosa emigración dos fins do século XIX, e as primeiras dúas décadas do XX. A “lenda negra” encol de Galicia e dos galegos, nascida na Península, chegou as Américas traída polos mesmos que a crearon alá. Polo demáis, os nosos emigrantes, sen oficio nen beneficio, dotados dunha instrución elemental mal dada, por non decir a os máis degradantes, prestábanse como campo propicio pra aquela lenda.

Somentes a súa vontade, o seu afán e os seus esforzos por abrirse peso nistes novos meios sociaes, así como unha intuición, un instinto, unha honradez e unha concencia do seu valer, poido facelo milagre da súa superación.

Nestas condicións, as primeiras istituicións mutualistas foron de importancia extraordinaria. Amparándoos e protexéndoos coa súa asistencia e, de paso, xerarquizando as nosas virtudes e os nosos esforzos, ante os alleos e ante os mesmos. Os seus adeministradores exemprares fixeron o resto deica poder ofrecer hoxe a Emigración Galega nas Américas, orgaizacións sin parigual en ningunha coleitividade estranxeira do Novo Mundo.

Características espirituales, sociais e culturais do noso mutualismo

O mutualismo galego non é unha benficería, nin unha caridade, nin unha filantropía. É unha expresión de solidariedade humana entre xentes que se sinten irmáns, na ventura e na desventura, en traectoria de abaixo pra riba e de arriba pra baixo, comprindo o vello apotegma de “todos pra un e un pra todos”. Tampouco é unha doutrina ou teoría de friaxe sociolóxica. É unha posición espiritual con hábitos humanos. De ahí o respecto que merecen a todos as súas institucións representativas, máis alén e máis arriba de posicións sociais, políticas, económicas e relixiosas. E de ahí a perfeición técnica e frocemento a que chegaron.

Unha vez logrados en gran parte os fins esenciaes de axuda e asistencia o mutualismo galego tivo unha notabel derivación cultural da máis outa importancia; parte da súa laboura de divulgación dos nosos valores artísticos, inteleituas e tradicionaes; a formación de grandes bibliotecas; a súa posición e a súa aitude, conque se conquistou especies relevas, cando na Patria, por razóns políticas de todos conocidas, foi perseguida e coutada a nosa cultura e o seu vehículo esencial, a lingua propia.

Edicións de obras que non podían editarse na Terra; concursos literarios con importantes premios, encol de temas galegos de palpitante aitalidade e de gran valor literario; aitos culturais coa participación dos nosos inteleituas máis escrarecidos de Galicia e de fora, e aínda de amigos non galegos, intresados nas nosas cousas; esposicións de arte e concertos, fan un conxunto de laboura extraordinaria. Con ela, ademáis de protexer e arrequeutar a cultura mesma, axudouse eficazmente a moito dos seus forxadores, nesta hora tristeira. Neste senso e de estricita xusticia afirmar que o Centro Gallego de Buenos Aires foi, e sigue sendo, exempro e paradigma.

Hai que arrequeutar a herencia.–

Miles, deceas de miles de fillos e netos de galegos, nados en América, conocen e aman a Galicia a través das súas institucións mutualistas, cando din fronte a elas: “Ahí nacín eu”. Ou: “Ahí

morreu meu pai”. Ou, fronte do lugar do repouso eterno no camposanto, coroado cos símbolos sagros de Deus e de Galicia, din: “Ahí descansan os meus antergos”.

Esto, é o coñecemento que tiveron do noso xeito de ser, de vivir, e de pensar, a través da nosa cultura, constitúen o invisíbel fío de ouro, que avencella en torno a Galicia as xeneracións que foron, que son e que serán no futuro, as forxadoras desta imponderable herencia espiritual.

Compre engadir eiquí, a xeito de inciso, que as institucións mutualistas de América, seguiron e seguirán progresando, pese a que as lexislacións sociais americanas, de seguridade e de Previsión, parecería facelas innecesarias. Serían efectivamente, se fosen sómente institucións puramente asistenciaes. Mantéñense, e seguirán manténdose, necesarias e indispensábeles, por aquel hábito espiritual de que falamos denantes; polas súas inxerencias culturais e como expresión viva do senso cooperativo, tradicional do home galego, vivindo en comunidade, en Galicia e fora de Galicia.

Arrequestrar esta herencia buscándolle novos vieiros ou completando os xa emprendidos, será un sagro deber de todos os nosos emigrados, vellos e novos, voluntarios e involuntarios. Namentras, este traballo quer ser unha semblanza do que se leva feito; e, ademáis, un sinxelo homaxe a os que foron fundadores, precursores e continuadores do mutualismo galego en América, a máis grande e trascendental creación dos nosos irmáns emigrados.

Santiago de Chile, San Xoán, 1956.

Primeiro Congreso da Emigración Galega–Bos Aires.



MISTER COIRÓS EN CLEVELAND
(Lembranza dun viaxe)

Unhas poucas horas despois de cruzar a fronteira catalana para Francia, por Le Perthús, xunto co Exército republicán en derrota, no coche de Marcial Fernández –o delegado de México ao Congreso da Emigración Galega– Director do Corpo de Carabineiros, estando no Hotel Salas de Perpignán, recibimos el e eu un telegrama de Nova York, que nos encheu de ledicia.

O Fronte Popular Galego de Axuda á República Hespañola da gran urbe norteamericana chamábanos aos dous pra que formos a dar alí un ciclo de conferencias. Firmaba Ramón Mosteiro, un veciño meu de Sada, que era daquela Presidente da entidade. Iste Ramón Mosteiro estivera con nós en Cataluña darredor da Noite Boa, cando a guerra estaba a punto de rematar, co resultado que todos xa prevíamos. Fíxose gran amigo noso e díxonos que en chegando a Nova York ocuparíase da nosa situación. Eisí o fixo aquel gran galeguista e republicán sadense; e cando leu na prensa norteamericana a noticia do gran éxodo, o 10 de febreiro de 1939, mandounos o telegrama. Decíanos nel que nas oficiñas da “Cunard Line” de París, tiñamos á nosa disposición un pasaxe en clase “turista” no gran trasatlántico “Queen Mary” e 50 dólares en efectivo pra cada un. O telegrama fixémol-o firmar no Consulado norteamericano, como transeúntes prós Estados Unidos o que nos serviu de “laser pasar” evitando con el que os senegaleses nos levaran a un campo de concentración.

Algún día narrarei as incidencias daquel viaxe memorabel ao traveso de Francia, de Perpignán a París e de París a Cherburgo, co corazón i-o espírito cangados de angustia por todo canto deixabamos atrás.

* * *

Chegamos a Nova York o 29 de Marzal. Tamén falarei no seu día da emoción da chegada e do recibimento. Do encontró alí con vellos amigos, parentes e compañeiros de escola. Con Castelao e con Basilio Álvarez; con Pérez Dacal e con Emilio González López e con cen máis. Cumpre decir que o oitenta por cento da coletividade hespañola de N. York compóñeno galegos; e que á súa vez, destes galegos, mais da metade son da miña comarca das Mariñas de Betanzos, das dúas bandas da Ría. Todos sin unha soa eiscepción, republicáns e bons galegos, inxeles, cordiales e xenerosos.

A guerra estaba perdida, e deixaba tras da derrota o ingustioso problema dos refuxiados nos campos de concentración de Francia. I-os galegos de Nova York, que aportaran inxente axuda durante a loita, non pararon os seus esforzos. Abriron inmediatamente unha campaña pra xuntar fondos e fletar un barco que trouxera a México desde Francia, o maior número posible de refuxados. A iniciativa galega foi recollida e dirixida por Sociedades Hispanas Confederadas, e cos fondos recollidos nela, fletouse o vapor “Ipanema”, o segundo que chegou a Mexico cargado de refuxiados, galegos na súa maioría.

Marcial e eu, despois de tomar parte en varios aitos en Nova York e aledaños, fomos nomeados pra percorrer as principais cibdades de 21 estados da Unión, dando conferencias e recollendo fondos. Púxose un auto á nosa disposición, conducido por un magnífico rapaz, José Lores, de Lérez. E unha especie de “Manager” encargado dos cartos. Iste era un maraviloso “chueta” Mallorquino, que nas “parrafadas” mais emocionantes dos nosos discursos mandábanos parar. Abría os brazos e decía:

“A ver, ¿quen me da 10 dólares por iste emocionante párrafo que acaban de escoitar?” Os billetes caían que era unha bendición, e despois seguía o discurso. Lémbrome que unha vez, Marcial i eu fomos solicitados pra dar unha conferencia en forma de información, encol da guerra e das suas causas políticas e sociais, nun Instituto Cultural de Detroit. Era unha eisposición serea e ouxeitiva que non se prestaba a facer “latiguillos” con aprausos interruptores. Os aprausos foron moitos pero somentes

ao final. O noso “manager” declarou que a charla fora mañífica, moi “ilustrativa” e moi “documentada”; mais el protestou porque non ouvera aprausos máis que unha soia vez, con moita perda en dólares. Hispanas Confederadas pagábanos 25 dólares por semana e os gastos pagos. De que os gastos foran os mínimos encargábase o devandito “manager”, que o primeiro que facía ao chegar a cada sitio, era enterarse dos hoteles mais baratos pra nos aloxar e comer. Soupemos despois que o tal “chueta” fora o mellor administrador que tivera a Axuda á República Hespáñola e que, fora desa función, na súa vida privada, dispoñendo dos seus cartos, era un eispléndido e muñificante cabaleiro.

* * *

Foi nunha destas andanzas que coñecemos a Mister Coirós, en Cleveland. É unha blanca, limpa e fermosa cibdade do Estado de Ohio, famosa pol-os seus restaurantes e por outras cousas. Nela, antes de aituar na nosa misión, estivemos dous días de incóñito pra tomar refolgos.

A Marcial Fernández atrogáronse tres cousas dendo primeiro día que chegamos aos Estados Unidos: as comidas, os pitillos leiros e o idioma inglés. Herba nova pra cabalos vellos, decía. En canto ao idioma, resolveu o problema de raíz, falándolle galego a todo o mundo; ao porteiro do hotel, ao camareiro, ao taxista, a todos. O tabaco, arransouse con un contrabandista de Paderne que lle fiso provisión pra seis meses dunha eisquisita picadura habanera. A comida era mais difícil. Somentemente o pasaba ben na Casa de Galicia de Nova York, cuio cociñeiro de Ourense, facía caldo galego, cladeirada de peixe, e, ás vegadas, lacón con grelos.

Pero nos viaxes sufría e brasfemaba cada vez que se sentaba a comer. Non aturaba os “steiks” de carne insípida, nin as patacas sin sal, e moito menos a ensalada de leituga, sen aceite nin vinagre, untada con unha pasta abominabel que tiña asucre.

Por iso en Cleveland, dímoslle “esquinazo” ao manager e ao chofer e fumon-os os dous soios, a percorrer a rúa onde estaban os millores restaurantes da cibdade. Entramos no mellor deles, atuguidos por unhas fermosas xardas-cabalas, que se eisibían na

xiadeira que facía de vidreira eisposición. Sentámonos e dímonos a matinar como se chamarían as xardas en inglés. Na carta figuraban co nome de “Macarelas”, igualiño que lles chamaban na Casa de Galicia en Nova York.

O camareiro que nos atendeu era un home outo, loiro, de ollos azúes, vestido de impecabel “smoking”, teso coma un fuso. Asinaleille co dedo as “macarelas”, nementras que o Marcial rosmaba coma pra si: “lástima de pícaracha”. Foise o camareiro a facel-o pedido, e voltou pra darlle un retoque á mesa sen pronunciar verba e voltou a irse. Pareceunos que tardaba moito o plato e o Marcial púxose a esbardallar unha andanada de diatribas contra os Estados Unidos, os seus restaurantes i-os cociñeiros e camareiros que neles servían. E neste reapareceu o noso servidor traendo nas mans unha fantástica tarteira de barro, fomegante e recendente, que puxo con moita cerimonia no meio e meio da mesa, decindo con ufana sorriso:

– A PICARACHA.

¡Santo Deus! Era, efectivamente, unha picaracha gloriosa, con pataquiñas novas, chícharos, cebola, tomates cortados, e aínda unhos fondos recortados de alcachofas. Quedamos abraiados, sen poder decir verba. Neste intre o “metre” chamou ao noso camareiro pra lle facer unha pregunta, con este resonante apelativo:

– ¿MISTER COIRÓS...?

Era, coma quen di, chover sobre mollado. Despois de ser galego o camareiro, e de saber facer unha picaracha de xarda –díxonos mais tarde que a fixera el mesmo– chamábanlle Mister Coirós. Dimonos a conocer con verdadeira emoción, nosa e del. Marcial, que é de Ourense, pero que pasou moitos anos en Ferrol, coñecía moito Coirós, i-eu de Sada, a donde viñan todol-os anos a tomar baños moitos familiares e veciños do noso xa entrañabel amigo.

Xurdiu logo a invitación a visitar o seu fogar. Nel conocemos á súa dona, que era de Paderne, e a dous fermosos retoños yanquis, seus fillos, que tamén na escola lles chamaban Coirós.

– Eu chámome –díxonos– Francisco Cotos, pero cando entrei a traballar nunha fábrica de Portland, donde había outros galegos, chamábase pol-o nome dos pobos de nacemento. Había un “Bergondo”, un “Belouzás” e un “Aranga” entre outros. E así me quedou a min Coirós, porque, naturalmente, eu son de Coirós e a moitísima honra ¿sabe?

– Pois que o seas por moitos anos, oh, que ben o mereces –respondimos a unha.

– E vostedes que o vexan –engadiu el, moi orguloso.

Buenos Aires, mes de Santiago de 1957.

Revista Coirós.



GALEGUISMO



Suárez Picallo nun mitin en Compostela a carón do monumento a Rosalía de Castro.

DIVAGACIONS ENCOL DO GALEGUISMO MILITANTE

Política

Fai hoxe un ano escribimos nestas mesmas columnas encol da necesidade de dar ao galeguismo unha táctica e unha finalidade política. Ninguén nos contestou, a pesar de que o desexábamos. En troques a custión política sigue sendo a custión fundamental do galeguismo, e así se leva dito por distintos conductos. Villar Ponte, Correa Calderón, Peña Novo e outros aló. Acó cuaseque todos os nosos elementos novos. Agora o doctor Sánchez Mosquera –que sin ser dos novos tampouco e dos vellos– resucita unha vella iniciativa: un Congreso gallego, como complemento dos aitos conmemorativos do centenario de Murguía e Rosalía, que entre outras cousas, trataría a custión política de Galicia. Non está mal. Pro temos unha duda. Un Congreso que trate de política non pode xuntarse hoxe. Non selle consentiría. Política é unha verba escomulgada polos políticos que gobernan. Habería que facer o Congreso a pesar deles. ¿Cómo facemos querido doctor? ¿Botámoslos pra que non estorben os nosos planes? ¿Contamos con vostede pra eso?. Se nos poñemos dacordo neste teríamos moito camiño andado.

Namentras rexístremos a inquedaanza política de cantos ven a Galicia con ollos de agarimo e con arelas de futuro. Política, a máis nobre aitividade, hoxe, dos pobos máis cultos do mundo, tende sere na nosa Terra parte do Evanxelio redentor.

Loita

Dun tempo a esta parte o galeguismo en Buenos Aires conqueríu personalidade na nosa vida coleitiva. Somos cada día máis. Polos diversos camiños retornan a Galicia moitos fillos seus.

Os millores; os máis sensibles, os máis inquedos; os que poseen unha meirande facultade pra pensar e pra sentir. Xa somos moitos e mañán seremos máis. Esto, que nos da azos, tamén trai apareladas moitas responsabilidades. Polo de pronto xa se nos combate. Gabámonos moito delo. Preferimos a loita franca de ideas contra ideas –do encontro han sair trunfantes as nosas– a indiferencia dos que practican a política da avestruz. Ben chegada a loita, a nobre loita, das ideas e das razóns, pra suplantar a parva aitividade de don Xan contra don Farruco, ambos a dous, hocos de cabeza e de corazón.

Unidade

Mais teñan en conta os da casa que a “falanxe de ferro ben tecida” de que fala o bardo e a meirande garantía do trunfo. Sumar vountades ha de ser a consina sagra. Quen reste unha soia perxudica. Non está en discusión Xan nin Pedro. Está en xogo o porvir do galeguismo na cidade galega máis grande do mundo. A cidade que pode ser a Galicia o que foi New York a Irlanda: a Meca da Liberdade. Outo senso político e fondo instinto de irmandade. Busquemos a quen poida ser útil a Causa polas suas virtudes. Non o arredemos polos seus defectos. E máis nobre e de máis comenencia. Acabouse pra sempre entre os bós e xenerosos a verba “eu” funesta pra toda aición de orde coletivo. En troques fagamos unha norma da verba “nos”. Vivimos unha hora úneca pro galeguismo en Buenos Aires. Galeguismo de hoxe, con inquedanzas de hoxe, galeguismo político e militante, con responsabilidade. A semente está ceibada. Escomenza a xermolar. Que na hora da colleita non sufran deceición os que siguen o vello aforismo de: “Polo froito conoscerás o albre”.

Despois...

A ver quen nos vence. Que veñan a facernos fronte cantos queiran. De totalas bandas. Da dereita e da esquerda. Unhos co seu patriotismo de Marcha de Cádiz, agardando que de Madrid nos cheguen todos os remedios doados gasallosamente polos que mandan; i os outros coas suas “novedades democráticas” de antes de 1914, que falan “de la Humanidad”, esquecendo que o primeiro

anaco desa humanidade e a propia casa, a propia terra. Uns ou outros “ismos” non nos espantan, sempre que teñan por diante unha verba: galego.

Poderemos con todos. Mais anda, moitos denfrente virán a nós e darémoslles a man, limpa e cordial, no seo do fogar ceibe e dinificado. No fogar petrucial da Galicia Nai, raíña e señora de sí e dos seus fillos.

Bos Aires. *Céltiga*, xullo 25 de 1929.



POLÍTICA GALEGA

Inquedanza política

Evaristo Correa Calderón, un dos intelectuales máis inquedos da nova xeneración galega, vén publicando en *El Pueblo Gallego* unha serie de traballos encol dos máis palpitantes problemas que Galicia ten de resolver, baixo o nome xenérico de “Los Trabajos y los Días”. Nun dos publicados derradeiramente de pasada, coma quen non quer a cousa, tocou a custión política. Falou, con moito siso, da imperiosa necesidade de dar vida a un movemento político de médula, de esencia e de contido galego. Referíndose ás distintas crases sociaes que compoñen a sociedade galega, nomeou a os obreiros e mariñeiros, e aludía a o seu socialismo, enciclopédico, internacioalista, moi século dazanove, pero moi pouco, ou mellor dito nada galego por non decir directamente antigalego.

Simultáneamente eiquí, entre nosotros, suscitóuse tamén unha polémica darredor dun enxundioso artigo de Sebastián Guerrero –un cultísimo rapaz berbiano, nacionalista galego, que se nos revelou un xúrdio xornalista– publicado no órgano de publicidade da nosa máis liberal coleitividade, e no que afirmaba, con razóns como tempos, que ningún partido político español está apto para resolver os problemas máis vitaes de Galicia.

Por outro lado, Antón Villar Ponte, o outísimo publicista galego sempre admirado, polo seu saber e a súa cristaña austeridade ideolóxica, laiábase de que Galicia non tivese unha agrupación política liberal e decraraba de moita comenencia a súa constitución.

Como pode ollarse, a inquedanza política xurde por distintas partes, como un aspecto –dos máis intresantes sin dúbida– da inquedanza integral de Galicia. E tiña que ser eisi. Aparelladas as

nobrísimas aitividades inteleituas do noso espírito, da nosa cencia e das nosas letras, temos de crear as nosas aitividades políticas, que son as que moven hoxe a os pobos máis cultos. A causa galeguista debe chegar a o seo mesmo do pobo galego. E alí non chegan os homes de gabinete falando de prehistoria, de arqueoloxía, de atlantismo, do senso modernista dos nosos poetas líricos. Estos homes cuia laboura escrarecida, silenciosa, árida polo mesmo que non ten máis que contadas voces de estímulo, meresce o noso máis devoto respecto; chegarán a o pobo previa a faena de esbrozamento dos homes de aición que son por excelencia os homes políticos. A verba galeguista ten de chegar a aldeia falando da importación do millo, da baixa do gando, da supresión dos laudemios, da eistensión da cultura popular, dos dereitos do que traballa pra adeministrar o froito do seu esforzó, da moura concencia caciquil, da premisa de que pra Madrid vai todo, e que de Madrid non vén a Galicia máis que disgustos, de que o Aiuntamiento non debe ser unha cousa estrana, nemiga, senón, a xuntanza de toda a vecindade pra mellor ordear a vida de relación. Todo esto remollado con gavanzas a o noso idioma, ás nosas grorias pasadas e presentes, a o traballo ceibe que engrandece e a libertade que dinifica. Todo eso é política que nada ten que ver coa “outra” política –a política do adro onde se merca e se vende a concencia e o dereito, por un codelo de molete e unha cunca de viño– política galega que soio os galegos, con vistas a Galicia e non a Madrid, podemos facer, debemos imperiosamente facer. E pra facela fai falla un vehículo específico e úneco. Un partido político. Non se espanten os antipolíticos, que paradoxicamente serviron sempre a os peores politiqueiros, sempre que fosen do Aiuntamiento. Entendemos por política toda obra coordinada tendente a conquistar un fin común de ben prá coleitividade onde se aitúa. ¿Estamos?

O socialismo español non nos entende

Denantes de pasar máis adiante decraremos que somos socialistas. Si señor, socialistas. E temos de engadir –somentes pra atallar a inculpación que poidera facérsenos de non saber o que decimos, que non por vanidade– que ademáis de quince anos de aituación nas loitas xornaleiras, temos pasado moitas noites estudando as doutrinas socialistas desde Campanella a

Fourier, desde éste a Marx e de Marx a Lenin. Pero antidogmáticos por enriba de todo, máis que a doutrina escrita polos teóricos, estimamos a doutrina que emana dos feitos a cotío, dacordo co meio social donde aituamos. Mais aínda: para nosotros unha doutrina somentes pode intresar cando conta con unha ventaxosa suma de posibilidades de aplicación. A doutrina, de por si como cousa abstraída, non nos intresa senón como curiosidade inteleitual.

Hoxe en Galicia –parafrazeando aquel sabidente “hoy y aquí” dun deputado socialista arxentino– o partido socialista español non pode resolver os problemas que afeitan á vida de Galicia. Proba delo é a súa escasa, cuase nula, influencia no noso país, a pesar de canto se ten feito pra axudalo. Si quitamos Vigo e Ferrol, as dúas cidades, racial, morfolóxica i espiritualmente, menos galegas de Galicia, non conta pra nada. ¿Incultura da nosa xente? Máis culta que a xente onde ten moita influencia o socialismo. ¿Sometimentos a o crero? Lenda pura, como outras moitas lendas. ¿O caciquismo? Outro sambenito que nos colgaron desde Madrid, onde se fomentou e se sostuvo o noso caciquismo. Tópico manido de enciclopedistas parvos. ¿Que foi logo? Incomprensión do noso ambiente, dos nosos problemas, da nosa sicoloxía. Cousa allea, importada, que quixo apricarse tal como nasceu e viviu noutros países, con problemas distintos e con distintas mentalidades. O socialismo español, pola súa mentalidade de anteguerra, polo seu xunguimento á ideoloxía centralista, polo seu praiticismo cego a ista rexurdir do idealismo impulsado polo sentimento, polo seu industrialismo –tipo “Trade Unions” inglesas– nun país pouco industrializado, e pola súa indiferencia fronte a os problemas que van da periferia a o centro, ten que dar un forte pulo se quer seguir exercendo as suas funcións, aínda nos centro máis industriaes, pra canto máis en Galicia, onde non eisen un proletario, na verdadeira aceición do vocablo. Somentes unha pequena minoría entende, en parte, o problema. Foi a que fixo trunfar nun congreso memorabel unha moción de Pérez de Solís encol do reconecimento das nacionalidades ibéricas. Polo demáis a súa tradición antiinteleitual –en contraposición co socialismo francés que foi sempre un movimiento inteleitual– o seu economismo, consecuencia do pauto coa UGT, non deixa xurdir a tendencia humanista que pugna en vano por darlle á agrupación un sopro idealista.

Estas cousas non as ven os dirixentes antigos. E tratan en vano –sin darse conta de que se trata dun espírito post-guerreiro– de atraer a os movementos de fonda inqueda, de espírito esencialmente liberal que está producíndose nas artes e nas letras das rexións, cada unha de por si. Deiquí que *El Socialista* –con moito respecto e con outura adoitada– recollese e comentase os nomeados artigos de Correa Calderón e o escrito eiquí por Guerrero, chamando a atención encol da laboura que o PSO vén realizando, deixando entrever que él podía abordar os problemas de Galicia. Nós reconecemos a súa boa intención; decramos que no panorama da política española e o máis intresante, o máis honesto, e decramos máis, que na falta de un partido galego, os galeguistas poden e deben apoialo con condicións: Unha delas sería o reconecimento explícito dun movemento socialista galego, netamente galego, dacordo coa modalidade do noso espírito, dos nosos problemas agrarios, políticos i económicos. Non faría nada novo. A Internacional reconecía no seu seo as minorías socialistas do centro de Europa, de Polonia, de Irlanda e de outras partes, por riba dos centralismos.

A nosa aitude

¿Podemos agardar esto do socialismo español? ¿Se esto non fose posíbel, que faremos os galeguistas que creemos que é deber de todo home culto aituara en política, e que ademais creemos que chegou a hora de que o problema galego sexa un problema de política liberta e aitiva? ¿Seguiremos tirando unhos pra unha banda e outros pra outra? ¿Seguiremos confiando nas promesas persoales –non ouxetamos as persoas, nin xugamos intencións, senón que falamos de sistemas– que en vísperas de eleicións soliciten o apoio galeguista? ¿Os galeguistas que han de ter todos un conceuto político uniforme, seguirán votando por don Pepe de Sant-Yago, por don Xacinto en Ourense, e por don Pedro na Cruña, pertencendo don Pepe, don Xacinto e don Pedro a tres partidos distintos?

¡Canto nos gustaría que estas preguntas fosen respostadas. Respostadas franca e lealmente, escluindo por inocuo o “anti” ou o “apoliticismo”, posición vulgar que, nos tempos que corren, non concebimos nunha persoa culta. Fai unhas horas, limos por terceira

vegada, un artigo do doctor Marañón, publicado en *La Nación* de Buenos Aires, no que di que dentro de pouco gabarse de anti ou de apolítico equivalera a gabarse de “ser un mal educado, un incivil o un ignorante”. As verbas do doctor Marañón, paréscennos lumiosas, sabidentes. ¡Que caros pagan algún pobos a su indiferencia frente a os problemas políticos que o son hoxe tódolos problemas do mundo! ¡E como van conquerindo a sua libertade moitos pobos asoballados mediante unha aición política intelixente e sistemática!

Conclusión

Descartamos por sabidas algunas ouxecións: Que o galeguismo conta na sua causa homes de tódalas ideoloxías; que a o lado de liberales probados hai relixiosos –sacerdotes moitos– cuja sabidencia necesita Galicia. De acordo. Que a o lado do esforzo xornaleiro, necesitamos da axuda de algúns capitalistas xenerosos –desgraciadamente estos cóntanse cos dedos dunha man e aínda sobran dedos– que chocarían cos que temos conceutos avanzados sociolóxicos i económicos.

Coidamos lealmente que pra un galeguista integral, estas cuestións son de orden secundario, de orden mediato. O primeiro, inmediato pra un verdadeiro galeguista ten de ser o reconquerimento pra Galicia da sua condición de pobo ceibe. Pró reconquerimento inmediato deste ideal eu daríalle a man a un sacerdote, con unha lixeira modificación: Que en vez de decirse católico, apostólico, romano, se nomease católico, apostólico, galego. O programa de Lugo, con algunhas modificacións de senso liberal e social, condicionado por unha ampla tolerancia pode ser aínda hoxe un programa político, ampliado con unha liña de táctica e de aición, con posibilidade de chegar a o pobo, sobre todo a o pobo rural sin cuios azos o noso movemento non terá o vehículo pra toda eispresión do espírito: O corpo físico que lle sirva de instrumento.

Céltiga, 25-VII-1928.



DATAS SIGNIFICATIVAS



Intervención de Suárez Picallo nun mitin a prol do Estatuto galego en 1936.

O PLEBISCITO DO ESTATUTO AUTONÓMICO DE GALICIA

Un carto de século, cinco lustros, vintecinco anos da meirande xornada espiritual, política e patriótica de toda a historia de Galicia dos derradeiros tempos, cúmplense neste mes de San Xoán, de mil novecentos sesenta e un ó conxuro dunha consulta popular a que debía de responder o noso pobo con unha sílaba afirmativa: SI.

Artistas, poetas, escritores, pedagogos, políticos e sociólogos, foron comprometidos pra eiscitar e conciliar o pobo galego a que fixera unha suprema afirmación de vountade:

¿Estatuto de Galicia? Si.

Cifras

Galicia tiña daquela unha poboación con dereito a voto de 1.343.135; votaron 1.000.963; en favor do estatuto, 993.351; en contra, 6.161 e en blanco 1.451. Dacordo coa norma constitucional da República Española o plebiscito aprobatorio do estatuto debía de ter máis do 66 % de votos a favor, sobor do padrón eleitoral. Como pode verse, ista cifra foi superada e polo tanto o plebiscito conqueiriu o porcentaxe requerido aínda con creces. De ista eispresión da vountade do pobo galego deron fe, en aitas notariaes firmadas en Santiago de Compostela por D. Manuel Banet Fontenla, D. Antón Rajoi Leloup e don Bernardo Corral Iglesias. Estas aitas, sempre dentro do mandato constituicoal da República Española (artículos 11 ó 20) foron entregadas nas Cortes da República o día 15 de Xulio de 1936.

Tres días denantes de estalar a guerra civil e o mesmo día en que fora asasinado José Calvo Sotelo.

A tremenda conmoción detuvo e retuvo os trámites parlamentarios do estatuto de Galicia, que tivera despois lectura e entrada parlamentaria nas Cortes celebradas en Montserrat o 1 de febreiro do 1938. Máis tarde, na sesión de Cortes celebrada en México, o ano 1944 foi nomeada a comisión parlamentaria encargada de ditaminalo.

Fica pois estabelecido que o noso estatuto correu todos os trámites constitucionais menos a aprobación e promulgación por as Cortes e o Goberno.

Dahí que teñamos á vista un texto publicado a comezos do ano en curso polo goberno da República Española, no cal aparecen a constitución republicana, o estatuto catalán, o estatuto vasco e o estatuto de Galicia como parte integrante do orden xurídico, institucional e constitucional da República Española. Queremos suliñar que todos os trámites feitos encol do estatuto de Galicia foron apoiados cordial e fraternalmente polas representacións parlamentarias de Euzkadi, e de Catalunya; e así como, por todos os sectores democráticos e republicáns trunfantes nas eleccións do 12 de febreiro de 1936.

Galicia en pé

Coma nos vellos tempos das tribus célticas a noite anterior ó plebiscito celebráronse aitos públicos populares en todos os lugares máis importantes de Galicia. Ó fin da meia noite nos cúmios de castros e montañas foron encendéndose pouco a pouco facheiros e lumanradas chamando ós irmáns e ós veciños a afirmar a vella personalidade da nosa patria galega. Os vales, as costas da veira mar e as outras montañas foron alumenadas polo fogo sagro da tradición e de amor á patria. As gaitas e as cantigas cubrían a terra e o mar; e por enriba as estrelas, mirando pra baixo ceibaban luminarias de esperanza e de fe no pobo renascido.

E os foguetes callados de cores estoupaban entre o ceo e a terra nunha festa debecente de vento, de lús e de gracia.

Hoxe

Pasaron vintecinco anos, cinco lustros, un carto de século dende a histórica xornada. Como a quen di unha fraición millonésima de tempo no decurso da historia. Dos participantes na groriosa tarefa, unhos están enterrados e outros estamos desterrados. É decir, unhos na terra e outros fóra da terra. No seu día, cando Galicia recupere o que perdeu despois daqueles días volveremos a atoparnos todos no tempo e no espacio, na terra e no mar, no pensamento, na ilusión e na espranza, como fillos fideles de unha patria e de unha nación que ten raís na terra, estrela no ceo e áncora no mar.

¡Até daquela, irmáns!

Lugo, xuño de 1961.



O ESTATUTO DE GALICIA

Un ano máis, unha vegada máis, da efeméride crucial na historia galega do noso tempo. Fai, xustamente agora, 27 anos, cando o noso pobo afirmou, plebiscitariamente, a súa vountade de ser autónomo e libre dándose a si mesmo normas xurídicas e políticas que lle permitirán vivir a súa propia vida, dacordo co seu xeito e co seu xenio orixinaes, dentro do orden democrático institucional e constitucional da República Hespáñola. É dicir, dentro dunha comunidade plurinacional de pobos e de nacións, con idiomas, xeografías, historias, culturas i esperanzas propias común, enroitada cara a un futuro de progreso e de boandanza, xusta e democrática, no concerto dos pobos libres do mundo.

O grandeiro acontecemento histórico galego, logrado no día de San Pedro, do ano 1936 ó conxuro dunha pregunta e dunha resposta –Estatuto de Galicia? Si!– foi anulado, tronzado, aniquilado, por unha moura traición, fraticida, que despois dunha pavorosa guerra civil na que trunfou o esprito da Caín afundiou non somentes a Galicia, senón que a tódolos outros pobos irmáns da órbita peninsuar ibérica, nunha longa noite de tiranía de arbitrariedades, e de agravio e de inxuría, os máis esgrevios dereitos e valores morales i espirituales da criatura humán e da súa índole natural de ser parte dunha comunidade libre, civil e civilizada.

Nembargantes, nós, os galegos de hoxe, que estamos en trance de ascender o cumio da ancianidade, e que fomos, de lonxe ou de preto, autores, protagonistas e aitores naquíl drama histórico, non desexamos manter por máis tempo as súas lembranzas rencorosas, nin a suas proieicións negativas. Preferimos asinalar os feitos pasados como fitos de referencia obrigada. Mais coa ollada

posta no futuro. Nun futuro dos que se mataron entre si, por ideas e por problemas, reais ou ficticios, impostos moitas veces, dende enriba, ou dende fóra, se reatopen traballando, brazo a brazo, e homeiro a homeiro pra vivir en paz, en liberdade, en democracia i en xusticia, tendo de seu unha patria propia e libre na comunidade universal dos homes libres e das patrias soberáns.

Lugo, xuño de 1963.

¿ESTATUTO DE GALICIA? SI

Unha vegada máis, a data da lembranza. Unha pregunta e unha resposta cargadas de anxeios e de esperanzas nunha Galiza nova, rediviva, posta de pé, de por sí e pra sí mesma. Detrás quedaban catro séculos de letargo moi parecido á morte. E didiante unha historia nova nun mundo novo con azos de recén nado. E pra todo, un testo, un antepoiecto de Estatuto de Galiza que serviría de lei fundamental e de orden xurídico, político, social e económico dunha comunidade humán con todol-as características dunha nacionalidade perfecta: Galiza.

Dende as serras de Garboeiro e de San Mamede, do Cebreiro á Espelunca, das serras de Meira até o Pindo sagrado e helénico, fachuzos acesos, como nos tempos vellos das tribus patriarcales saudábanse e chamábanse uns ós outros pra comemorar o renacer do vello fogo sagro, alumeador dos espíritos, dos pensamentos, da fe e da esperanza. Era na noite das lumaradas de San Pedro que coincidían con outra lumarada política que facía quencer a terra, as almas, os mitos e ritos, as cantigas i-os pulos dun pobo que a forza de ser vello sigue e seguirá sendo eternamente mozo adolescente.

Eso foi, eso era, eso quería ser o Estatuto de Galiza, plebiscitado a noite de San Pedro do 1936, unhos dias denantes de que a moura traición, a sombra sinistra do Caín fraticida, estendera a súa proieición sobor da patria ben amada, unxida de esperanzas. En pleno vrao, cando granaba o grao nas medas i-as eiras pra malla, todo aquilo foi segado, truncado, malogrado e destruído.

¿Por que o lembramos? Porque tras do feito concreto, tras da vida e da esperanza e da morte en realidade, queda o xesto dun pobo que por aquilo loitou e morreu. E que por aquilo ou por cousa semellante a aquilo fai mentes de resucitar.

Lugo, n.º 251, xuño de 1964.

SI

SI quer decir que Galicia –o espírito sensíbel das suas criaturas– recolle o mandato dos precursores mortos, pra facelo realidade n' unha vida digna, decorosa con fartura pr'os corpos e de pan pr'os espíritos. As ánimas benditas de aqueles mortos, dend'o reino da Inmortalidade donde moran pronunciarán connosco a afirmación:

SI.

SI é a verba alumeada, que ven das cinco partes do mundo, por todol-os camiños do mar e do ceo, nacida en corazóns galegos, que levan dentro a luz acesa da Terra Nai, alumeando a noite escura da emigración; e que ven a decirlles aos galegos: Irmáns, pra que endexamais, vos nin os vosos fillos, nin os vosos netos teñan que emprender este duro camiño, pra moitos de nós sin retorno, votade:

SI.

SI é a chave de ouro milagrosa que abre a Galicia as portas do porvir. Pra que sea unha Democracia Social, Campesina e Mariñeira rexida por si mesma nun réximen de cidadanía civil e civilizada. Pra que sea unha Democracia económica en que cada traballador perciba o produto íntegro do seu traballo. Pra que sea unha Democracia cultural aberta a todos os cerebros e a todos os espíritos aptos pra gozala, agachados nas capas máis homildes do Noso pobo. Pra que en Galicia frolezan estes bens, que son aspiración eterna da Humanidade, hay que votar:

SI.

SI dirán as mulleres galegas que non queiran parir fillos pra guerra e pra emigración; dirán-no os mozos que queiran emprear os seus brazos i-o seu cerebro, na groriosa empresa de crear unha patria; e os vellos que queiran pr'os seus fillos e pr'os seus netos unha vida millor que a súa probe vida triste por escrava; os campesinos que lle contan ao suco aberto o segredo estremecido da súa fame; os mariñeiros que lle arrincan ao mar, pai e verdugo, berce e sepulcro, o pan das súas criaturas, agardando como premio ao seu esforzo, ser un día sobor das súas augas corpos boiantes, cos brazos abertos para unha aperta sin dono; i-os artistas e intelectuales, condenados oxe a unha vida escura, se non queren corromper o seu esprito e a sua sensibilidade, e venderlla a estranas xentes, en ves de ofrendarlla como agasallo supremo a un pobo culto. Todos a unha, un solo pensamento, unha sola vontade:

SI.

Afirmación de concencia de ser, SI. Ilusión optimista de crear, SI. Cantiga de esperanza, SI.

El Pueblo Gallego, 28-VI-1936.

OFRENDA

Na tua diada maor, nosa doce e ben amada Galicia, ofrecémosche o úneco ben que podemos ofrecerche os que estamos alonxados de ti por légoas e por anos; unhas verbas agarimosas y emocionadas coa tua propia emoción; verbas de anguria, de saudade, de lembranza de ti. Dos teus eidos benamados, dos teus ríos silandeiros, das tuas montanas ergueitas e sacras, dos teus castros, dos teus piñeirae rumorosos, das tuas rías de ensoño, das tuas cidades santas e dotas, augustas e sacramentadas, das tuas vilas ruraes e mariñeiras, con esgrevio señorío. Do teu espírito universal e universalista, trascendido e trascendente ó conxuro do pulso, do corazón e do espírito cristián e occidental de todo o meioevo rodeando unha tumba marmórea en afervoadado peregrinaxe, entonando cánticos de ultreia en todas as linguas do mundo. Evocando e invocando o senso amoroso e familiar dos fogares homildosos que cobren as tuas terras, as tuas paisaxes, polícromas e humanizadas polos traballos, rendidos dos teus fillos o balbordo dos teus mares, dos teus irtos acantilados, dos ortegales, dos fisterras, nas ribeiras do mar que deixou de ser tenebroso despois de que os teus fillos o atravesaron deixándonos no seu fondo unha roita tremenda de afogados.

Ficamos alonxados de ti, nosa doce Mater Amabilis e Mater Admirabilis, mais, has de saber co alonxamento no tempo e no espacio tennos cada xornada, cada vegada, mais perto de ti, do teu espírito e da tua sinificación como pobo, como nación e como Patria.

E que nesta diada reafirmamos o noso propósito que é un xeito de servirte: De servir os teus anxeios, as tuas espranzas e tuas ilusións de vivir unha vida máis libre, máis xusta e máis decorosa.

Bos Aires. *Lugo*, xullo de 1961.

NOSA DOCE MATER AMABILIS E MATER ADMIRABILIS

Na tua diada maior na efeméride ilustre da tua ecumenidade universal, saudámoste con alma viva e corazón, coma fillos fidelísimos do teu espírito, da tua cultura e da tua maternidade espritoal.

Saudamos ós teus fillos e fillas insiñes, dende a reina Lupa até Conceución Arenal, Rosalía e Doña Emilia, pasando por Inés de Castro, pol-a virxen etérea até chegar a Xohana de Vega e María Pita.

Os teus fillos, que veñen dende Prisciliano, Paulo Orosio e San Martiño de Tours, o doutor Sánchez, fray Martiño de Sarmiento e fray Benito Xerónimo Feixóo, Curros Enríquez, Añón, Pondal e Valentín Lamas, que che cantaron e te cantaron en verbas de emoción estrelecida. Dimpois dos trovadores galaico-portugueses da Edade Media que cultivaron o teu verbo cando quixeron ser poetas: Alifonso o Sabio de Castela, Alifonso Onceno de León e don Dinis de Portugal, Alifonso Castelao e Ramón Cabanillas, Xaime Quintanilla e Alexandre Bóveda, figuras paradigmáticas do teu cerne, do teu ser e do teu espírito.

Saudámoste oxe, coma un fito de esperanza, de cantiga, de pensamento, de liberdade e de trascendencia no oxe e no mañán, no mundo europeo occidental e cristián, cuíos camiños abriron mundo adiante os pelegríns que viñeron a ti e saíron de ti levando nos beizos lenda, cantiga, profecía, emoción i-esperanza.

Nista ofrenda vai o noso sentimento, a nosa emoción pra ti, Galicia, como pobo, patria e nación de todos os galegos, dende esta América donde vive o teu nome e o teu espírito de océano a océano, de cordilleira a cordilleira, pasando por Chacos quentes, por

Patagonias xiadas, por estreitos alporizados e por paisaxes vexetales que axudaron a criar, cultivar e manter os teus millores fillos.

E vai tamén o noso corazón e o noso espírito, alonxados de ti por anos e por leguas. E por iso mesmo, cada día máis pretos de ti.

Lugo, n.º 228, xullo de 1962.

Lugo, n.º 264, xullo de 1965.

MENSAXE

Adoitase en todo o mundo civilizado adicar nestes días de Nadal e Aninovo, dialogando fradernalmente, unhas xentes coas outras, en ademán de pacífico e cordial entendimento. Faise esto en lembranza, admiración e respecto praquel neno dado nun pesebre de Belén, fai agora mil novecentos sesenta e tres anos, rodeado de máxicos miragres no ceo e na terra. Porque il mesmo era miragre de paz, de concordia, de boandanza, de estrela alumeante dos mais escuros camiños da humanidade. Porque a súa vida é da humanidade. Porque a súa vida e a súa obra trascenderon na vida espiritual de moitas e moi ilustres comunidades humáns. Porque aquela vida e aquela obra siguen sendo, aínda hoxe, o traveso de vinte séculos, guieiro, referencia, e meta dos máis nobres valores do home como obra maestra da creación. Por algo, no meio e meio de todolos progresos científicos, teínicos, económicos e sociaes, a humanidade retorna a aquela fonte promixenia de augas craras e cristáinas pra limpase de lixosidades da feroz loita do emoísmo, de ambicións, e de afáns de dominación dos uns sobor dos outros.

Iste xeito de lembrar a universal efemérides falando, dialogando i eispricándose chámase mensaxe; mensaxe que leva explícito un desexo de ventura, de prosperidade, de sosego espiritual, de paz e de concordia pra nós, pra nosas familias, pros nosos amigos, pros nosos adversarios, pros nosos veciños de xunta a porta, de mais lonxe e todolos veciños que integran o xénero humán, poboadores diste cativo planeta Terra; mensaxe que incita a deixar de banda os desfeitos, as cativeces, as dificultades, as incomprensións do próximo para buscar en todos as virtudes creadoras que sempre se atopan si se buscan con afán e con paixón de ben. Por iso, aparellada ó mensaxe ven a festa no sagro

convidio familiar do pan e do viño de todas as celebracións e todas as cordiaes hospitalidades; a cea de noite boa de noite vella coas que lembramos a aqueles quen Belén non tiveron cea, porque eran probes de solenidade en bens materiaes, máis opulentos ricos en bens espirituales deixados como herdade as criaturas humanas de todas as xeracións do pasado e do porvir.

Facer a felicidade dun neno probe aínda que sea somentes por unha noite; acercarse con agarimo a un anciano enfermo; ofrecerlle o brazo a quen non pode valer-se de por sí; ter un pensamento do amoroso afeito para cantos sofren doores físicos ou doores espirituales ou morales; pensar que todos somos irmáns nas pequenas e nas grandes comunidades eis o mellor xeito de festexar estes días facendo un outo nas rudas loitas materiaes, nas discrepancias e nas disidencias, pra estendernos en ademán de saúdo fradernal e os corazóns abertos para dar e recoller nun intertroque creador o mellor que cada un leva dentro de sí como ser humano, civil e civilizado.

Iste é noso mensaxe.

Bos Aires. *Lugo*, decembro de 1963.

GALICIA NAI E SEÑORA

Unha vegada máis, pasou, cobrindo os espritos i os corazóns dos seus fillos, o nome sagro de Galicia, co seu espírito, coa súa lembranza, co sortilexio máxico da saudade, e coa forza invencíbel do que ela ten, pra nós, de fe, de esforzo e de esperanza.

Unha vegada máis pasou sobor de nós, o conxuro da lenda estrelecida na terra e no mar, onde ten vieiros e ronseles imborrábeles. E nós, os seus fillos fideles sentimos e presentimos o seu paso fugaz, coma unha invisíbel benzón de boandanza.

Porque, cada ano que pasa é máis forte entre nós a súa omnipresencia integral; no culto do idioma, no fomento da cultura, na fraternal convivencia, civil e civilizada, de todos os galegos, e das súas institucións representativas de emigración.

E xa que alá dentro dos seus lindeiros xeográficos, o seu corpo i o seu espírito, están submetidos i opresos polos ferrollos da tiranía, sirva de lenitivo a súa door, ista nosa fidelidade de sempre.

E sírvalles, tamén os que alí agardan e traballan por días millores, de xusticia, de liberdade e de dinidade, individual e colectiva, como estímulo e solidariedade, na súa garda e nos seus traballos.

Até que todos, eles e nós, poidamos cantar xuntos, nunha alborada de gloria, a profecía augural do bardo ilustre:

“Os tempos son chegados dos bardos das edades

E as vosas vaguedades comprido fin terán”.

Bos Aires. *Lugo*, xullo de 1959.



6

SEMBLANZAS



Suárez Picallo con Antón Alonso Ríos e María Casares.

CASTELAO SEMPRE PRESENTE

Celebróuse, coma todolos anos, nos mes de Xaneiro un novo aniversario do pasamento a inmortalidade do noso gran Castelao: O patriota, o artista, o guieiro, o home de ben, carne e sangue corazón e pulos da Galiza eterna no tempo e no espacio.

E, unha vegada máis como de cote os galegos bos e xenerosos que o amamos e o ademiramos en vida, seguimos rendíndolle devoto homenaxe depois da súa morte. Homenaxe rendido as súas virtudes, a súa vida exemprar e a súa obra perdurabel. Porque o honrar a Castelao, honorámosnos a nós mesmos, e, sobor de todo honoramos a nosa estirpe e a nosa patria galega.

E coma no caso dos hérois, dos mártires e dos santos, o seu nome e a súa lembranza conquiere cada ano que pasa os contornos máis craros dos que fixeron, e dos que aínda siguen e seguirán facendo a millor historia.

Bos Aires. *Lugo*, xaneiro de 1964.



ORACION PRA CASTELAO...

Dita por Ramón Suárez Picallo o 7 de xaneiro de 1960, ós des anos de seu pasamento, no Centro Gallego de Buenos Aires e no lugar do seu velatorio.

En terra allea, como se fora un pelegrino. En casa amiga, arrodeado de xentes fraternas e devotas, coma si fora un Profeta ou un Patriarca bíblico, tivo pasamento eiquí, nesta casa, e sobor deste teito acolledor, o noso Castelao, fai hoxe, a ista mesma hora des anos xustos.

Os médicos ilustres que o trataron, dianosticadores das doenzas do corpo carna, deran, facía xa tempo, seu ditame: Castelao estaba afeitado dun mal físico que non perdoa. Que mata irremediabilmente.

Mais os poetas, que adoitan pescudar nas doenzas do esprito, deron tamén o seu dianóstico, por boca do seu Mestre maor, Ramón Cabanillas, morto tamén fai poucos días, nun poema que formula unha pregunta e da unha resposta:

“¿De que mal morreu a nosa prenda?”

“Morreo de amor a Terra”.

Si, irmáns, deso morreu a nosa prenda. Do que fora amor dos seus amores. Sustancia e consustancia da súa vida imorredoirá. Inspiración e hálito do seu xenio de artista, ilusión i esperanza da súa emoción e da súa vocación de guieiro, de conductor e de redentor do seu pobo e da súa nación, en trance de renacer e de recrear a súa personalidade política, histórica, espiritual e cultural.

Si, deso e por eso morreu Castelao. Dunha lonxanía de Galicia no tempo e no espacio, carne do seu corpo e pulso do seu esprito.

E nós seus irmáns e seus amigos, que cremos firmemente nunha vida perenne alén da morte física, invocámolo i evocámolo hoxe, por sí, en esprito, quer estar xunta nós, a nosa veira, esta noite da súa lembranza. Invocámolo en omnipresencia. Na presenza da súa fe, da súa espranza, e do seu outísimo nos outos destinos da Patria, asoballada, tronzada pola traición a súa traieitoria histórica.

Invocámolo os que fomos seus compañeiros e camiños. Polos camiños da angustia e da agonía nos intres tremendos da desespranza e do desconsolo. E até polos camiños áridos e poirentos do eisilio e do desterro.

E con nós, invocádelo vós, galegos da emigración, que sabedes dos seus traballos, do seu vivir, e do seu desvivirse por darlle contido sólido, concencia patriótica e política, ós vosos traballos a prol da galeguidade. Que dialogástedes con él encol de problemas exencias de Galicia. E que gozástedes da gracia da súa verba socarrona contando anécdotas todas con fío e punta. Que o arrodeástedes no seu mal incurabel, e que erguéstedes eiquí, niste mesmo lugar, a capela pro seu velatorio, como se vela un santo, un héroi ou mártir.

Evocámolo e lembrámolo todos nós, para que a súa lembranza siga alumeando e ispirando os nosos esforzos e os nosos traballos a prol das suas deidades, da súa emoción máisima e permanente: Galicia e a súa liberdade. Até que a Patria libre poida acollelo no seu seo como fillo, fidelísimo e dileito, cando él volva polo mar, cubrindo singladuras de emoción baixo as Galaxias tremelucetes do firmamento.

Esprito lumioso de Castelao, o sempre ben amado de Galicia e dos galegos, que estás entre nós, a nosa veira, esta noite: Eiquí quedan pra ti pra tua lembranza istas verbas a xeito de oración.

Ou, si ti queres, a xeito de doce e mainiña choiva que regue e fecunde o xardín onde frolecerán, no seu día, as tuas ilusións, as tuas espranzas, os teus esforzos todos, nunha amañecida auroral de nosa Patria Galega. ¡Así sexa!

Bos Aires. *Opinión Gallega*, febreiro de 1960.

O SEÑOR DE TRASALBA

Conoscimos persoalmente a Ramón Otero Pedrayo, no mes de agosto do ano 1926, dous días despois de ter conosciu tamén a Castelao. Facíamos por daquela un viaxe a Galicia, despois de dazasete anos de ausencia da Patria, botados en América. Pero xa moito denantes, sabíamos da obra, da personalidade e do espírito das dúas figuras máis esgrevias da Nosa Galeguidade, Castelao era soio e simplemente Castelao, namentras que Ramón Otero Pedrayo era “O señor de Trasalba”. En certidume i en verdade, un gran señor da Cultura, da Verba e do Pensamento dunha terra opulenta en tales dóns e bens impoderábeles doados dereitamente pola gracia do seu Creador. Dende aquela ficamos cautivos pra sempre da súa señorial presenza, dos seus decires alados, e dos seus fondos pensamentos; e deixamos de esguello a súa condición maxisterial de Profesor, para ademirar a súa índole de home e de humanista.

Máis tarde cando limos a súa belida “Historia de la Cultura Gallega”, a súa “Guía de Galicia”, e outros textos saídos da súa fecunda pluma, pensamos nun lexítimo herdeiro dos Francisco Sánchez, dos Feixóo, e dos Sarmiento, precursores da renascencia do ser substantivo i eterno, no tempo e no espacio da nosa Patria abenzoada.

Cinco anos despois, no 1931, Otero Pedrayo, Castelao, Antón Villar Ponte e quen escribe estas liñas, atopámonos outra vez en Madrid, como persoeiros de Galicia nas Cortes Constituíntes da República Española. Nós, que conoscimos a Otero Pedrayo, historiador e xeógrafo, como comentarista de Humanidades clásicas, como novelista, poeta e autor dramático, como católico ouservante

amigo de Prisciliano, como tradutor de Goethe, e como primeiro tradutor, na Península Ibérica, do “Ulises” de James Joyce, non sospeitábamos que, ademáis de todo eso, o señor de Trasalba, levaba dentro de sí unha viva vocación política, entendendo a Política ó nobre xeito de Aristóteles; un político republicano, católico e federal, firmante, xunto con galegos, vascos e cataláns en primeiro termo, da primeira enmenda constitucional que discutiron aquelas cortes memorábeles:

“España es una república federal”. Un político de estilo europeo convivente e tolerante, disposto a desvivirse polo seu dereito de crer e polo dereito dos demais a non crer, ou a crer con diferente fe da sua fe.

Fariños falla escribir un libro, somentes coas anécdotas de Otero Pedrayo, durante a sua tempada de político galego residente en Madrid. Dende aquela dona, estristecida i enloitada, que pasaba por bisneta dun “gran repúblico”, que o visitaba unha vez por semán, levándolle cen pesetas por visita; deica o pillabán con traza de paragüeiro ou de afiador de San Miguel do Campo que tiña que voltar a Terra, por mor de unha terrible enfermidade da súa nai... i él sempre gran señor de mans abertas, servindo de pano de bágoas a cantos se lle arrechegaban por fas ou por nefas.

Fraternalmente amigo de poetas, de escritores, de pintores e de tolos maravillosos; mestre paternal dos seus alumnos, naquíl Ourense prócer, sempre fidel as tradicións máis belidas da lingua, de espírito e da Cultura de Galicia, cecáis sexa hoxe un dos poucos homes de aituación e siñificación púbricas, de toda a nosa Terra, que non ten nemigos, nin antre mouros nin antre cristiáns. Tamaña xerarquía moral, concédenlla de consún a sua sabidencia, a sua limpa historia púbrica e privada; e por sobor de todo, a sua índole de cabaleiro do espírito e de home de ben a carta cabal.

Bos Aires. *Opinión Gallega*, xuño-xullo de 1959.

DON MANOEL LUGRÍS FREIRE

Na rideira vila de Sada, partido xudicial de Betanzos, provincia da Coruña, nasceu fai agora cen anos esta esgrevia figura da galegidade, do federalismo e da democracia. Morreu na cidade de María Pita, pouco despois de producirse a traición insurrecional que derriba a nacente democracia penunsular republicana, que lle ofrecía a Galiza a esperanza de conquistar os ideaes que alumearan a vida enteira de don Manuel Lugrís Freire.

Cando se proclamou a fugaz República Española –1873– Lugrís tiña dez anos de idade. Era alumno dun famoso escolante de Sada Darriba, conhecido en toda a comarca polas súas liberais ideas e pola sua afervoadada emoción galega. Conosciase ese mestre exemprar co seu nome de pila, que era don Crisanto. O escolante, empezou a forxar na lama do rapaz alumno, anceios, ideas, esperanzas, e tamén, unha esquisita sensibilidade, que había de frolecer despois nun gran escritor, poeta e dramaturgo en lingua galega. *Contos de Asieumedre* forman unha colección preciosa de lendas, tradicións e misterios que teñen por escenario O Quenle de Lixandre, a aldea de Rioboro e o Val de Beloy. Entre as súas obras teatrales máis conocidas e populares figuran: *Mareiras*, *A estadeña*, *Minia* e outras obras precursoras de todo o teatro galego do noso tempo. Como poeta, toda a súa obra está influída por nobles acentos pondalianos, xa que don Manoel fora amigo entrañabel e admirador devoto, do outísimo poeta de Ponteceso, de quen recolleu unha selección de poesías escrita en cartós, cuio orixinaes están na Academia Galega, rexistrados co tídoos *Os Eoas*.

Entre os poemas máis conhecidos e de máis forza simbólica que escribiu Lugrís Freire, figura “Castro da Fragachán”, que se recitou durante a república en todas as escolas da bisbarra mariñana.

Por estes e outros méritos literarios foi nomeado Presidente da Academia Galega, até a sua morte.

Vida política

Dende fins do pasado século don Manoel enrolóuse decididamente nas correntes políticas galeguistas, repubricáns e democráticas. En 1908 formou parte de *Solidaridade Galega*, un movemento pangaleguista equivalente no pensamento e nos propósitos a *Solidaridad Catalana*, e que integraban os homes máis ilustres da política, das letras e do pensamento da Galiza daquel intre; e que tiña como base esencial da súa labourea proselitista a redención, o despertamento, e a diñificación dos labradores de Galiza. Iste movemento había de rexurdir despois no famoso Movemento Agrario de Galiza que insuflaran Basilio Álvarez, Portela Valladares, don Rodrigo Sanz e outras grandes figuras de primeiro prano na política militante galega.

Namentras, don Manoel Lugrís situaba no partido repubricano federal, na súa sección da Cruña. En 1917 foi, con outros, fundador das Irmandades da Fala e ó proclamarse a segunda república, en 1931, formou parte da Asamblea da Cruña pro estatuto galego, e así como de todas as comisións que situaban na capital de Galiza, preparando as eleccións das Cortes Costituentes e a esperada autonomía, que fora un xeito de ilusión máisima da vida deste patriarca. No chamado bienio negro e despois, nas eleccións do febreiro de 1936, e nas xornadas do Plebiscito, xa mui velliño aínda seguía sendo o gran orador, o escritor e o poeta sempre ó servizo de Galiza. o derradeiro aito da súa vida política foi o voto polo Estatuto, o 28 de San Xoán de 1936. Catro rapaces das mocidades galeguistas da Cruña, que podían ser seus bisnetos, foronno buscar á súa casa e levárono ó Colexio Eleitoral, facéndolle Garda de Honor. Despois de emitido o seu voto, botouse a chorar e dixo: “Agora xa podo morrer”. E en efecto, morreu poucos días despois.

A súa vida afeitiva

Despois da súa familia, o seu gran amor, era o amor a Galiza, as súas paisaxes, a súa cultura, as súas tradicións, e sobor todo a súa lingua,

á que lle foi fidelísimo, ó longo e ó ancho da súa obra política, literaria i espritoal. Estabelecido na Cruña como outo funcionario da traída de augas, iba tódalas semáns a facer unha visita á súa vila de Sada, nunca esquecida. Iba con particular devoción tódolos 15 de agosto, festa patronal baixo a advocación mariana da Raíña dos Ánxeles. Iste home, republicán de sempre, non deixou nunca de ofrecerlle seu homaxe na súa diada maior á Patrona da parroquia donde fora bautismado. Leváballe froles e incrinábase, diante dela, nunha meditación sin verbas. Ista imaxen que é de pedra, de nobre estilo barroco do século XVII ten unha lenda miragrosa mui axeitada ó espírito mariñán de don Manoel. Apareceu florando enriba das augas, no meio dunha grandísima tormenta, dunha suesta da pavorosa. Foi recollida por un dos mariñeiros que lle pediron que fixera calmar a mareira, e que a farían patrona do primeiro porto onde a barca peixeira fixera arribada. E arribou a Sada e alí quedou de patrona.

As visitas de don Manoel a Sada polas festas de agosto, creábanlle un gran problema, pois tódalas familias da comarca querían ter o honor de sentalo á súa mesa na gran diada festeira. E don Manoel moitas veces, tuvo que pasar varios días pra non faltar a ningunha invitación.

Sada correspondíalle ó seu escritor e poeta na moeda de ouro da súa estimanza e do seu amor. Eisí inmediatamente de procamada a República, a avenida principal da vila foi bautismada co nome de Manoel Lugrís Freire, nome que naturalmente, foi borrado polos que viñeron despois pra poñerlle un nome absolutamente estrano.

Hoxe, na efeméride centenaria do seu natalicio, é cuasi que seguro que en Galiza non poida ser evocada nin festexada como se meresce a figura do gran patriarca. Mais a outra Galiza, a Galiza emigrada, que o amou a traveso dos seus escritos, da súa obra e da súa índole de patriota galego vertical e insobornabel, evócao dende lonxe e manda como mensaxe impalpabel, por enriba do mar, istas verbas a xeito de doce choiva pola súa lembranza, pola súa memoria e pola súa inmortalidade no tempo e no espacio.

Lugo, marzo de 1963.



VERBAS PRA RAMÓN BEADE MÉNDEZ NA SÚA MORTE

Tiña a prestancia física dun gran señor rural i o espírito dun poeta que non facía versos. Amaba a terra coma leira, coma paisaxe, como despensa e coma carne da sua propia carne. Por eso a traballaba coas suas propias mans.

Falaba acougadamente a nosa fala, coa suavidade musical dunha cantiga alada, e tiña nos ollos unha mirada limpa, alongada chea de amical tenrura prás xentes e prás cousas que o rodeaban.

Era socialista de pensamento universal: pero para el o Universo i as suas cousas, escomenzaban en San Martiño de Tiobre, nos aledaños da vella vila de Betanzos nas ribeiras fecundas e xocundas do Mandeo, no corazón das Mariñas, e remataban no cabo do mundo.

Pai exemprar, espello de amigos, frol de loitadores, era, fundamentalmente, un home de ben, incapaz de unha xenreira innobre, nin xiquera prós seus nemigos máis innobres.

Percorremos xuntos moitos camiños, soñando, falando, vendo e meditando encol da Patria Galega, do seu presente e do seu porvir, entre labregos inxeles que o tiñan, máis que por xefe, por irmán e por apóstolo.

Todo aquilo foi interrompido pola traición alevosa, que o tuvo arredado do mundo once anos, ocultado e amparado, por amigos fideles, entre os que se contaban dous sacerdotes, cristianos e galegos. Cando voltou ó mundo, deulle noxo e cecais deso morreu. De noxo, de ira, de carraxe polo que vían os seus ollos, desafeitos a ver taes cousas, porque os homes coma el poden morrer

deso, de unha doenza que os médicos aínda non teñen crasificada, nen dasnoscada.

Fraternal amigo Ramón deica logo. E perdóame se che teño envexa por estares ahí, envolto na terra, sagra, que tanto temos amado, servido e traballado, nela e pra ela. Adeus Ramón.

Opinión Gallega, xullo de 1956.

VERBAS DE RAMÓN SUÁREZ PICALLO NO AGASALLO DO CONSELLO DE GALIZA A MARÍA CASARES

Pra ti, María Casares, nosa irmán en Galicia e no amor á Liberdade, en homaxe a ti, en sinal de admiración por ti tendeu-se ista mesa. As persoas que a rodean, donas e cabaleiros, pertencen a ista Galicia Ideal que é Buenos Aires con trescentos mil galegos. Traballan todos e todas a prol das súas máis diversas institucións representativas. É dicir, traballan por Galicia e pola súa elevación cultural i espiritual, e, tamén por reconquerir a súa liberdade. Convocounas o Consello de Galiza, e somentes a premura do tempo impedíu que o número non sexa maior, xa que, o conxuro do teu nome ilustre, de non ser por eso, serían milleiros os que te rodearían ista noite.

A pesares da sinificación e da resoancia histórica do teu apelido na historia derradeira de Galicia, que nós valoramos, iste homaxe e somentes pra ti, María Casares, artista xenial na nobre arte teatral, instrumento precisoso de cultura e de emoción populares; e no que ocupas un posto de primeira entras primeiras do mundo. Porque vemos na tua gloria e na eisaltación da tua persoa, a eisaltación i a glorificación da nosa Patria Galega. Eisí, como vemos, continuada en ti, a continuidade de outras grandes mulleres nosas: a misericordia de Conceución Arenal, o lirismo de Rosalía, o senso crítico da Condesa i o valor heróico i arriscado da nosa veciña María Pita; valores femeninos da Nosa Galicia, Matriarcal e Maternal; é dicir, terra de grandes mulleres, irmás destacadas da comunidade de heroínas homildes, sofridas e valerosas, que traballan a terra, crían ben aos seus fillos e, despois, rezan por eles cando andan percorrendo os camiños do mundo. De todas elas eres ti parigual, porque eres hoxe a máis extraordinaria muller galega do mundo.

Non importa que esteas en París, é sempre a capital de tódolos grandes espritos. Por eso ningún espírito superior se sente estranxeiro en París. E menos ti, encargada de ter relación permanente con Corneille e con Racine, con Balzac e con Víctor Hugo, dándolles carne, sangue e corazón, espírito ás súas criaturas de Arte.

Nós sabemos que envolvéndote, arrodeándote, dádoche hálito, azos e pulos, vai a sombra proteitora e benfatoira, de Galicia, a xeito de Musa e Fada. A lembranza de Rosalía e de Curros, a visión da Patria ben amada van alumeando, cubrindo de aureola e de lus os teus camiños. ¡Que eisi sexa sempre María Casares!

Pra que cando voltemos á Terra, en corpo físico ou en espírito impapabel, atopémoste a ti, ou ao teu nome grorificado por tódolos seus recunchos. Especialmente naqueles recunchos que che son máis amados. A Cruña, Monelos, Perillo, Montrove, Santa Cristina, Riazor, Batiagueiros. Porque eisi, na groria do teu nome, atoparemos grorificada a Galicia.

Unión Gallega, outubro de 1957.

MANOEL L. FREIRE-CALVELO

O rexurdir galeguista, que nesta hora augural pra Galicia une en sagro apreixamento a o millor da nosa inteleitualidade escomenza a dar os seus froitos. Detrás desta xeneración vislúmbranse xa a os que han de irlle en seguimento. E vislúmbranse non somentes nas cidades, senón que nas pequenas vilas e aínda nas aldeias atópanse rapaces acesos no lume sagro do amor a Terra, arelantes de ofercerlle o seu esforzo pra sua redención. Rapaces noviños, cheos de saude moral e física, donde xermina vigorosamente a semente dos Mestres.

Unha das cousas que máis me encheu de ledicia o meu espírito ao chegar a miña vila natal, a Sada dos meus amores, foi saber que n'ela habia unha xuntanza nazonalista de rapaces cuásique todos menores de 20 anos. E aínda mais, cando soupén que un hirman meu, que tiña dous anos cando deixei o fogar paterno, formaba parte d'ela. Quixen visitala. Nas roínas dun vello muíño, á sombra do Castelo de Corbeiroa, na veira mesma do mar, ten a sua sede este novo feixe de loitadores da Terra. Meu irmán sirvúme de guía. Petou a porta cunha sinal especial e responderon de dentro:

“Couce”

“Asimán” –dixo o meu guía. (Estas verbas –verbas usadas polos mariñeiros pra ourentar o goberno das nosas minuetas– non ouvidas por min facía moitos anos, estremecéronme). “Terra a Nosa”, insistiu o de dentro. “Terra”, respondeu de novo. Abriuse a porta. Unha lus de carburo alumeaba un salonciño donde había unha mesa con libros, xornaes e revistas galegas –entre elas Céltiga– e na parede, como nun altar a bandeira galega, ca fouce, co remo atravesado e coa estrela. Debaixo esta lenda: “Mareiras”. Xuntaza

Nacionalista dos rapaces mariñeiros de Sada. Cando souperon quen eu era, puxéronse de pé e relixiosamente, cantaron o Hino Galego. As súas facianas, aínda non poboadas polo bozo, máis xa tostadas polo vento e polos salseiros, na dura brega de arrincarlle a o mar o bocado de pan, conquerían coa canción da Patria, tal xeito de tenrura que me dou gana de os bicar. Despois, un nenño de 11 anos rezou –está é a espresión– “Galicia” de Cabanillas con tanta enerxía e propiedade, que de atoparse alí o Poeta da Raza houbérao apreixado. Eu, pola miña parte, confeso que non trocaría o máis apoteósico homaxe, por este sinxelo, emocionante, que me tributaron os rapaces mariñeiros do meu pobo natal.

Os regramentos da devandita xuntanza non poden ser máis breves e esplicitos. Costan de tres artigos, a saber:

1º- Defender a Nosa Terra e a Nosa Fala contra os seus inimigos de fora e de dentro dela, aínda que pra elo haixa que espoñer a vida.

2º- Conquerir pra Causa da Liberdade de Galicia a todos os rapaces da veiramar, tratandoos como irmáns benqueridos.

2º- Falar en galego, cantar en galego, pensar en galego, dentro e fora da xuntanza e facerlle a guerra a quen así non o faga.

Polo de agora soio saen a rua os días de festa coa gaita, as tradicionaes conchas de vieira, e o pandeiro, cantan unha boa colección de cantigas mariñeiras, algunhas axeitadas as aspiracións galeguistas.

Cantan o Hino Galego, e cando o fan non somentes están eles descubertos, senón que fanlle estalo, polas boas ou polas malas, a cantos os escoitan. Polas noites, lén, estudan, din poesías e pensar crear un cadro que represente teatro galego, especialmente o de Lugrís Freire, que ten como esceario a vila de Sada, seu pobo natal.

Decateime axiña que unha man hábil, unha sensibilidade exquisita tiña que andar polo meio. Cando perguntei polo mestre de todo aquilo, as olladas todas caeron sobor dun rapaz a quen conosen os leutores de CELTIGA, Freire-Calvelo, un nome conosciudo non somentes en Sada por estar vinculado a moitos sucesos alí habidos, senón que en todos os xornaes galegos de dentro e de fora de Galiza

figuran seus traballos, adicados todos a gabar as incomparábeles belezas das nosas mariñas, ateigados todos de tremante fraternidade pros famentos de pan e de xusticia. As traxedias dos nosos fogares –meio labregos e meio mariñeiros– o abandono en que os teñen os de arriba; as falcatruadas dos caciques, grandes e pequenos, tiveron e teñen neste rapaz, seu espositor máis outo e enérxico. Pra elo vaise, como queda dito, de todolos xornaes galegos e non galegos. E cando esto non lle abonda, cun espírito quixotista admirabel, funda e dirixe polo seu esforzo, pubricacións locais cos mesmos propósitos nobres e xenerosos. Aínda non ten 20 anos. Estudante de medicina, adequiriu e asimilou na vella Compostela o espírito galeguista dos inteleituas de hoxe, a par que unha cultura que lle permite discutir cos letrados raposos, e cos raposos letrados que nos desgobernan, todos os probremas políticos e sociaes de hoxe. E fillo dun fogar venerado en toda a comarca. Seu pai, fillo dun labrego, mestre superior axudante de Obras Públicas, médico ciruxano e galego dunha peza, doulle en herdo a súa vontade de ferro; e a súa santa nai doulle a tenrura dunha alma imensa e a nobreza dun apellido ilustre na nosa historia patria.

Namentras outros rapaces do seu igual, con menos motivos que él, se fan os señoritos vielegos, con moito de ocos e de tilingos arrédanse do pobo, e non sinten ningún dos seus doores e arrenegan da súa fala, este mainífico mozo galego pasa as suas terturias, cos seus irmáns da xuntanza a veira do mar, falándolles do porvir de Galiza, con fe cuase apostólica, léndolles a aqueles nenos, futuros soldados do exército liberador da Nosa Terra, os traballos proselitistas dos nosos mestres, espricándolles anacos da nosa historia, inculcándolles un fondo espírito de dinidade persoal e de liberdades cidadanas. Tal a laboura deste rapaz, aló nunha vila mariñeira da Galicia Nosa. Coma él ha de haber outros –sabemos que os hai– que silenciosamente, modestamente fan obra fondamente galega e redentora entre a nosa mocidade. Son os novos. Os que veñen tras os mestres, recollendo a súa semente xenerosa. E un deber estimulalos. Son o Porvir. A suprema esperanza da Nosa Patria Galega.

Céltiga, agosto de 1926.



7

CRÍTICAS DE LIBROS



Suárez Picallo, segundo pola dereita, con Neira Vilas e Alonso Ríos, entre outros.

MEMORIAS DUN NENO LABREGO.
Orixinal de Xosé Neira Vilas

Estamos diante dun texto galego, inxel e absolutamente auténtico. Pepe Neira Vilas que xa se tiña revelando denantes coma un bon poeta, arrequeña agora con este libro a súa condición de gran prosista do noso idioma vernáculo.

Neira Vilas, que tendo como ten agora 32 anos, casado con Anisia Miranda, tamén poeta i escritora cubana de estirpe galega, sitúase na condición dun neno aldeán da comarca ribeireña do Patrucial Río Ulla, pra narrar as inquedanzas, as aventuras, as preocupacións e as angurias dun neno labrego que se chama Balbino.

Balbino é un neno probe que está a mirarnos con ollos tristes, mentras nos vai contando os seus anceios e desventuras. Nasceu labrego nun país de leiras cativas e amos fachendosos. Ten un padriño sabio e un irmán na América. Conosce os trafegos da terra porque se criou entre angazos e forçadas. Sabe de restrebas, sementeiras e segas... A vida é un novelo. O mundo está acugulado de inxusticias das que son vítimas os iñorantes e os probes. As palabras sirven pra decir a verdade ou pra fuxir dela. E Balbino cavila todo esto. Mais alá do Xudío, ou de Eladia, ou de Pachín, está o xuramento feito no adro. Soña de día e de noite, pero herdou a fonda e vella sabidencia aldeán, e as ilusións non lle impiden ollar a realidade que o envolve. Non cree no destino. Di que as cousas acontecen asegún nós queiramos. Mais un día o Landeiro ponlle diante as “Memorias do Capitán Smith”; e outro, a pique de morrer afogado, atopa a Lelo, o seu amigo, que máis tarde emigra e lle escribe dende o Brasil, Balbino non é un rapaz coma todos. Doille que non o comprendan. Síntese atafegado na aldeia. Quere elevarse,

fuxir dos seres que soio pensan na maseira. E teima ser “alguén”. Non morrer de todo “cando morra”.

Entenderase, diante deste anunciado que o libro de Neira é un verdadeiro mensaxe; un mensaxe conmovedor para cantos fomos na nosa infancia, nenos labregos ou mariñeiros de Galicia, que rezábamos pra que Deus nos permitira fuxir da nosa propia terra. Da súa pobreza física, da súa soedade espiritual e todo elo por causa dun antergo e catricentenario asoballamento. Balbino o narrador, e noso irmán, noso compañeiro, noso vello amigo, coa cachola chea de ilusión e anceios de fuxida. O gran drama de Galicia, do que os nenos pensan todos en arredarse.

O ámbito espiritual de Balbino é moi limitado; ten un límite aldeán nas ribeiras do Ulla mais por extensión é un ámbito que subxuga a todolos nenos de Galicia, con anceio e cobiza de hourizontes ultramariños.

Hai no libro de Neira Vilas, ademáis de todo esto, un empeño de estética e de arte, moi rara entre os autores que escriben pra nenos e que non queren ser nenos. Escribir pra nenos é sentirse neno a vegada, require un outo sentimento artístico de ternura e de amor. E facer esto nun linguaxe auténtico, inxel, e insobornábelmente galego, é certamente, unha gran obra de arte, que logrou na súa narración, de aparencia intrascendente, pero de fondura sicolóxica e nacional galega, o noso prosista Xosé Neira Vilas.

Os nenos de Galicia teñen un pensamento propio, un lingoaxe de seu, un xeito de espresarse facendo comparanzas, incluso coas letras do alfabeto; eisi a “ele” é o legón da labranza; a “o” é a roda do carro; e a “b” é o anzó dos mariñeiros. A “Ll” é o feixe de herba e a “n” é o símbolo de decir: non. Calor, neste significado das letras e a das verbas é a función –tiña que ser, mellor dito, a función– dos pedagogos. Os pedagogos non saben desto nin unha soia verba. En troques sabe moito, e vese na súa obra, Xosé Neira Vilas, situado na condición dun neno labrego de Galicia.

Saudamos nas “MEMORIAS DUN NENO LABREGO” de Xosé Neira Vilas, unha obra maestra de límpida prosa galega, de sicoloxía infantil, e de sentido mensaxe prós nenos de Galicia de onte, de

hoxe e de mañán. E tamén para os grandes que, cicais por non saber entender os nenos do seu propio fogar e da súa propia patria i estirpe críen fillos que, o longo, lles serán infideles; enemigos.

Saudamos tamén neste documento a aparición de un grande e puro prosista do noso idioma galego, en xerarquía de suprema obra de arte popular.

Bos Aires. *Lugo*, febreiro de 1961.



A CULTURA GALEGA NA SUA DIMENSIÓN AMERICÁN

Antón Alonso Ríos é sustancial i esencialmente un patriota galego, un home de ben, unha conduta vertical e un xeito humán de ver a Galicia no mundo. É tamén un excelente escritor, pedagogo e divulgador dos nosos valores. A iste home, que nasceu en Silleda e se recriou en Buenos Aires, vivindo soñando e loitando pola liberdade da súa patria houbo quen lle reprochou de vivir constantemente na lúa. Cando se lle dixo a Castelao ista afirmación da outura sideral en que vivía Alonso Ríos, o gran líder e artista respondeu: E non será que somos nós os que andamos moi a rás de terra, en vez de ser il o que anda moi por enriba?

Con esta resposta de Castelao, queda retratado o noso Alonso Ríos, cabaleiro dos espazos sideraes onde os pés non tocan a probe e mísera terra das pasións inferiores dos probreiros enrevesados, e de ética corrutíbel das outas ideas e dos sagros pensamentos a que se refería Pondal no seu poema inmorrante.

Alonso Ríos acaba de publicar un pequeno opúsculo, cuio título encabeza estas liñas: “A cultura galega na sua dimensión americán”. (Bases pra unha política Galega). É dicir, unha Galicia que vive, pensa, loita e agarda nos seus propios lindeiros xeográficos e unha Galicia trasmariña de alén mar, que asentou eiquí, nestos pobos de América, unha forte raíz social regada co senso moral e espiritual de cumprir os deberes i exercer os dereitos. Unha Galicia que insultou nestas nascentes sociedades americáns a súa persoabilidade sin crebar, nin violar ningunha virxindade autótona.

Pra Alonso Ríos, según esprica no seu opúsculo, coida que istas dúas Galicia's teñen que entenderse e conxugarse encol dun pensamento sustancial o mantemento da vella persoalidade patrial, ó traveso do traballo e da cultura. Non esquece Alonso Ríos a condición xeográfica da Península Ibérica e, por ilo, esprica nun mensaxe histórico na súa calidade de segretario do Consello de Galicia a necesidade de incorporar integramente o Portugal irmán á vida política e cultural do dramático pelexo de touro ibérico.

En resumen. Un precioso libro escrito en limpo idioma galego que marcará sen dúbida algunha, un fito como ensaio político da Galicia dos nosos tempos.

Lugo, setembro de 1961.

COLABORACIONES LITERARIAS



Suárez Picallo bailando durante unhas vacacións en Mar de Ajó, Bos Aires (1962).

NOSA SEÑORA DA ROCA
(Lenda)

A xeito de atalaya xigante ollando pr'o mar onde viven seus devotos, érguese no curuto do outísimo penedo, a imáxen pédrea de Nosa Señora da Roca. Ten por capela toda a eistensión do mar azul n'un belido recuncho da costa galega, i-as terras verdecetes e mimosas da ribeira sen igoal, sempre frolecidas. Ten por mantelo o ceo estrelecido, e ten un altar sempre alumeado pol-as fachas do máis sinxelo amor, en cada corazón de cada mariñeiro da bisbarra.

Cando as barcas peixeiras pasan cabo d'ela, os homes quitan a pucha reverentes, i-os rapaces fan a sinal da cruz, namentras os remos deixan de choupar metidos de couce nos estobos da bancada. A primeira vés qu'eu fun a o mar e pasei por diante da imáxen de pedra, aínda sen saber do que se trataba, santigüéime tamén, coma se alguén mo mandase.

O tío Traíñas o mais velliño dos meus compañeiros, e cecais o mais vello peixeiro da comarca, contóume a hestoria d'a milagreira Virxen mariñeira; unha hestoria vella herdada de séculos, trasmitida dos abôs aos netos como unha sagra obriga.

Foi unha noite de treboada arrepiante. Os peixeiros das aldeias ribeiráns saíran todos en percura do pan pr'os seus fogares e alonxáranse mar afora porque na costa facía moito tempo que non se vira peixe d'ollos. A posta da lúa, na hora de pleamar, apareceron no ceo mouros nubarróns. O con de Coitelada escomenzou a bruar ceibando agoiros de traxedia. O bourar dos tronos crebóu de súpeto o silenzo maxestoso da noite i-os lóstregos alumearon o mar, como se quixeran amostrear aos homes o camiño do outro mundo. Descargóuse a temida nordesía. Embravecéuse o mar facéndose mareira. As barcas sen goberno voavan nas ás do huracán cara a

costa, a esnaquizarse nos baixos sen que ningún esforzo humano poidera detel-as.

* * *

As mulleres i-os meniños dos peixeiros da comarca despertaron en outas horas da noite, ao sentiren os brúidos da treboada temíbel e arremuiñáronse na punta máis saída da costa ao pé d'un penedo outísimo. Ollaban n'un supremo esforzo por ver os seus, car'o mar. Somentes os lóstregos alumeaban de cando en cando un anaco de mar preto da costa, bourando e rebourando, ao esnaquizarse nos penedos irtos. Un mouro mantelo d'anguria envolvía o mar i-a terra. Os pregos d'agunía eran un sôo prego, loitando por rachar o veo dos elementos ceibos, pra chegar deica o trono de El Señor en demanda da súa piedade. E foi d'aquela que sucedeu o milagre. D'entre o bourar dos tronos, o brúido das ardentías i-o asubiar tráxico do huracán, escoitouse unha vella cantiga feita oración, crara, nítida, cristaiña que espallou seus ecos trementes d'emoción por toda a comarca mariñeira. Parece que viñera do outro mundo coma unha verba d'espranza.

Nosa Señora do Carme
 Nosa Señora ¡Valéime!
 Qu'estou perdido no mar
 E n-hai barqueiro que reme.

As mulleres i-os meniños caeron de xionllos. O mar, o vento i-os tronos, coma se quixeran escoitar ledamente os ecos da cantiga fixeron un silencio. O vello i-outísimo penedo fixose un facho aceso que alumeou o mar. Finóu a treboada tráxica. As mulleres viron as barcas peixeiras navegar cara ó porto impulsadas por un lixeiro sotavento. Os mariñeiros, en troques, viron outra cousa. Viron a vella roca trasformada en forma de muller, estendendo os brazos ao mar n'un tenro ademán de bendizoar, envolta nunha aureola lumiosa.

Dixérase que o penedo, tocado de miragre, conmovéuse c'os pregos das nais mariñeiras, e tomou a mesma forma física, e mandou os seus pregos deica o ceo.

Pol-a mañán do outro día as xentes da comarca fixeron xuntanza ao pé da pena milagreira, i-os mariñeiros espicaban a un fato de canteiros as formas de muller e de santa, en que, a noite derradeira, viran transformada a vella roca. I-así foi como a arte rústica dos canteiros inspirara pol-a fé dos mariñeiros trocou aquel irto penedo, na “Nosa Señora da Roca” que foi tida dend'entón por nosa patrona e quen como vés –terminou o tío Traiñas–reverenciamos aínda oxe...

* * *

Moitos anos despois, cando pol-os áridos camiños do mundo deixara anacos da miña fé primeira, visitei o vello penedo en cuio picoto érguese, solene a maxestosa, a pétrea imáxen, no seu eterno ademán de bendizoar o mar noso i-as criaturas que n-el viven e traballan.

Era o día en que os peixeiros da comarca fan festa na súa loubanza.

Pol-os vieiros que conducen á roca miragrosa, caravanas endomingadas de homes, mulleres e nenos chegaban lediciosas de total-as aldeias da costa. A ría maina i-azul coma unha esmeralda. Os vales cubertos de froles, coroadas de doas d'orballo. Festa xocunda e ridente na primadeira galega. Festa de veiramar con arumes de xebras e marmulos. Brisa mariñeira que agarima as testas i-os cabelos louros.

O pé do outo penedo cubriuse de frores, ofrenda sinxela do amor mariñeiro, da fé pura e limpa com'as augas da ría. Un fato de mozos e mozas, rodean a roca. E voa coma unha pomba branca a leda cantiga d'oxe:

“Nosa Señora da Roca
Nosa Reina, Nosa Nai,
Frores a tragerche veñen
Os peixeiros do lugar”.

I-a miña vós sumóuse ás outras voces pra entonal-a cantiga, porque foime doada a dita infinda de me sentir tan neno, coma cando o tío Traíñas me contara a hestoria vella d'esta Nosa Señora da Roca que se ergue, sempre bendizoando ao mar n'un outo penedo da costa galega.

Céltiga, 25-VII-1927.

AO PASAR POLO CEO

Os galegos que moran no ceo –que pra intranquilidade de Deus son moitos– adoitaban, despois de cear, xuntarse no xardín que hai perto do comedor, pra presenciaren a partida da birisca que de cotío xogaban Curros e Murguía, contra Brañas e Pondal.

A noite que socedéu o que vou a contarvos, Curros que levaba ó xogo, estaba de mal xor, porque Brañas levaba todos os trunfos, namentras o seu compañeiro non vía nin un besbello.

–Hai que matar co que sexa –mandaba Curros ao seu compañeiro, refiríndose ao rei de trunfo que xogara Brañas para lle comer unha birisca de once.

–Cunha lana romana –respondeu don Manoel, relembando os seus tempos de hestoriador.

Ganástedes –rosmou Curros, convencido que según as suas contas xa os rivales fixeran sesenta e unha.

Ouviron, de súpeto, un estrano zoar, que non era de abellón, nin de tabau, nin de nespra, nin de paxaro conosciado.

–Ha de sere un morcego que coida que ó ceo é unha eirexa vella –sentenciou o autor de “Mirando pro chan”–. Da cartas –agregóu, mirando pra Brañas que tiña na man a baraxa.

Apareceu entón, voando sobor do ceo, un paxaro de ferro. Unha andrómena con áas, facendo no aar voltas e reviravoltas i unha man que lles capeaba dicindo abúr.

Gran rebumbio no ceo. O vixía da torre máis outa, foi correndo dar conta ao vello Deus da nunca ollada aparisción. O vello, que estaba moi ocupado eisaminando o libro de entradas que

lle trouxera San Pedro, pra que sinalara ós que ficarían no paradiso i os que irían derreterse ás caldeiras do inferno, tomou moita xenreira, cando soupo que sin sua licencia, querían tomar serventía polos seus eidos nunca atravesados por ninguén.

Namentres, ó Mestre Murguía, diante do ceo asombrado, espricaba o mecanismo do paxaro con áas de ferro, por sere el o derradeiro que viñera do “outro mundo” desque se inventara tal estrumento.

A nao voadora, como se estivera presa dun esconxuro, quedouse queda movendo unhas áas pequenas, como fan as tartarañas sobor dos pitos novos, cando quérenos atrapar.

Un berro varil, que desde a nao alada foi ceibado, puxo grande alegría nos galegos, que reconosceron seren da Terra Galega os que ían dentro dela:

¡¡Terra a Nosa!!

E coma se ouviran unha consiña sagra, ós galegos responderon a coro:

¡¡Terra!!

Deus ainda se puxo máis indinado cando soupo que aqueles ousados eran galegos. Deus, desque Curros lle chamou nun verso “vello reumático” tenlles xenreira aos galegos. E xa sabedes –porque o contou Cabanillas– de que xeito entrou no ceo, por influencias de Nosa Señora, que, en troques, ten aos galegos por dileutisimos amigos, desque o bardo a nomeou con verbas de non igualada gabanza na “Virxe do Cristal”.

O rei do ceo, rodeado de todo ó goberno celestial, saíu do seu despacho, iracundo, en xeito de tomar comprida venganza, ia disposto mandarlle a o inxeneiro que coida as chaves dos raios e dos ventos, que ceibara unha descarga que dera cos estrevidos nautas no fondo do mar ou do inferno, cando Curros, enérxico como adoitaba inquiríu:

–¿Qué vai facer vostede?

–¡O que quero i o que podó: esnaquizálos!

–Vostede non fará eso –amenazou ó bardo–, porque o destronamos...

Unha ovación acolleu as verbas do rebelde. A revolución no ceo ficaba decrarada. Pondal ofreceuse pra escribir “A Marsellesa”. Brañas pra arengar ás multitudes, Murguía pra compoer a historia da xornada e o Mariscal Pardo de Cela comandaría ó exército.

Malas se poñían as cousas pra o rei do ceo; mais terco éI tamén azuzado por seu permeiro ministro, Iñigo de Loyola, –que nunca quixo ben a Curros polo haber alcumado, nun soneto, de “católico bergante”– non se viña a razóns, de ningún xeito.

Nosa Señora, namentres, estaba allea a canto alí socedía. Entretíñase isa noite en adeprender a tecer puntilla de camariñas, –seu adorno máispreciado cando ia ás hermidas galegas a recoller os pregos das nais e das noivas– tomando leucións de Rosalía e de Conceución, suas amigas preferidas. Foi axiña avisada do motín, e pedida a sua intervención pra que puxera pas nos alteirados espritos.

Acudíu Nosa Señora e cando os galegos virona aparecer, abríronlle camiño e fixéronlle, gasallosos, unha xentil reverenza.

Así que a Santa Nai se enterou do que pasaba, fixolles a os revoltosos un aceno de que estaba da sua parte, i o vello Deus un xesto de esconsolo, cavilando que tiña perdida a partida.

–Boa ias a facela home ¿Non che avisaron que ise rapaz vai pras Américas, e que por intermeios de sua nai, conta co a miña proteución, pregada nunha hermidia do Ferrol? ¿Non sabías que os nautas galegos téñenme por patrona e ríndenme non semellado homaxe?

Cando Deus ouviu tales razóns baixou a testa avergoñado e metéuse novamentes no seu despacho, convencido de que nada podería contra os galegos, que contaban con tan poderosa proteución. E convencido, tamén, de que nada mandaba naquel reino, cavilou en presentar a dimisión do seu platónico goberno. E coma derradeira medida governativa dou entrada no ceo a un fato de caciques que figuraban no libro de entradas, pra que lle fixesen a guerra a o bardo rebelde, buscando dese xeito vengarse do relúmbio que lle armara...

Cando a Nosa Señora benzoou o ar, a nao alada, que estivera todo o tempo tartarañando, partiu como unha frecha, perdéndose no hourizonte azuado, deixándo tras sí lumioso ronsel...

Houbo gran festa no ceo. Nossos bardos fixeron de novo tremar de emoción suas liras groriosas, e racharon ó ar as notas variles do hino: “Os tempos son chegados”.

Bos Aires. *Céltiga*, febreiro de 1926.

O CRUCEIRO CONFIDENTE

Denantes que as primeiras raiolas do sol puxeran seus cores doirados no ermo solitario e dimpois que as badaladas do “Anxelus” espallaban seus ecos de benzón ao morrer a tarde, a probe velliña ía de cote deitar sua oración a o pé do cruceiro solitario.

Ninguén soupo nunca a oración da probe vellina, que arrimada a o seu caxato de pau de toxo, percorría duas veces por día, o treito que arredaba a sua probe chavola do cruceiro milenario, que ergía sua tenrura pétrea a veira do camiño poeirento i árido. Ninguén soupo se as verbas lenes, por ninguén ouvidas, eran prego ou confesión de pecado. O certo é que as mans i a cara rebellidas da vella erguíanse nun ademán angurioso en xeito de door infindo.

Vivía alonxado do mundo, arrecunchada na sua chavola. As xentes da comarca ollabana con respecto cuase medoñento. Parcía unha aparición do Alén, vagando entre o cruceiro i a chavola. Non se lle conoscián parentes e non se sabía de donde viñera. Non faltou quen dixese que tiña fillos, pero que a negaban pola sua probeza. ¡Fillos que arrenegaban de sua nai! Dicían outros que non era persoa humán, que era cousa de Alén-mundo. Somentes, falaba co cruceiro. De cando en cando ficaba queda, na veira do camiño, i estendía a man rebellida en aitude de pedir esmola. Facíao de tal xeito que máis semellaba arelar esmola de amor e de agarimo, que non esmola de pan...

Unha crúa mañán do mes de xaneiro, a vella non apareceu no vieiro que de adoito percorría entre a chavola i o cruceiro. Unha sabán albeira de xiada cubría o ermo. Os días seguintes tampouco apareceu. Tolleríase co frío –dixeron as xentes que adoitaban vela– e fóronse a chavola. Toparon a valeira; mais a o abril a xanela, viron

con ollar alampado, que unha pomba branca voóu cara ó cruceiro e foi pousarse aos pés de Nosa Señora das Angustias, labrada polos canteiros facía séculos, cecais milenios, mesmamente na banda en que a velliña se axioanllaba tódolos días pra decir sua pregaria ou deitar sua confianza.

E din as xentes da bisbarra que aquela pomba branca, fai o mesmo percorrido que facía a probe velliña, tódolos días, denantes que as raiolas do sol espaxen seus coores doiradas no ermo solitario, e dimpois que as badaladas do “Anxelus”, creban o silencio da hora mística.

Bos Aires. *Céltiga*, 25 de febreiro de 1927.

CARTA QUE PODE SER PROLOGO

Meu dileito amigo i admirado poeta:

Pídesme un prólogo pro teu fermoso Itinerario Galego, na edición bilingüe que vas publicar –no castelán orixinal en que foi escrito e na tradución galega que lle fixo Xosé Neira Vilas–; e eu teño que che decir, como xa dixen nalgunha outra ocasión en que se me fixo igual pedido, que non sei como se fai un prólogo.

Polos libros “con prólogo” que teño lido, coido que un prólogo ven a ser algo así como a presentación dun libro e do autor que o escribiu, feito por autoridade competente e sabidente de abondo, encol das dúas cousas; é decir, do libro e do autor, no orde literario, i eu, modesto xornaleiro por vocación, formación e temperamento, non teño nin sabidencia nin autoridade pra “prologarte”.

Cecáis, si poida falar de ti na miña calidade de galego lector de libros referentes a miña Patria, ó seu espírito, o seu xeito de ser, de estar e de vivir, como ente nacional eisistente, coáseque misterioso. De proxenie italián, “xeneise”, nado e criado en Buenos Aires –unha das cidades máis cosmopolitas do mundo– viches e sentiches a Galicia con devoción conmovedora; acercácheste primeiro, as súas xentes emigradas, veciñas do teu barrio porteño, e comprendiches que algo impalpabel envolvía as inquedanzas do seu vivir e do seu morrer. Algo lonxano no tempo e no espacio que as fai ser como son. Despois percorriches os camiños de Galicia e alí atopácheste coa revelación. Alí estaba o cerne, a raíz, o hálito espiritual, que ti, poeta, tiñas presentido, como fonte primixenia do ser e do estar dos galegos que xa conosceras de perto.

E iso é o que frolece no belido “Itinerario”. Un libro ledicioso para nós, polo que di de Galicia e dos seus máis delicados matices populares: pero, ademáis, especialmente notabel, polo que suxire encol da súa persoalidade, dos seus doores, das suas loitas e das suas espranzas. Todo visto con ollos de poeta e con cordialidade e eistremecida de emoción human.

Galicia foi singularmente favorecida nos testemuños que deron dela os escritores e poetas estranxeiros que a conoseron e visitaron, entre eles moitos arxentinos ilustres. En ti, no teu libro, Galicia, máis favorecida, está grorificada.

Agora unhas verbas encol da tradución galega de Neira Vilas. Eiquí non vale o apotegma dos teus paisans: “tradutore, traditore”. Porque a tradución é de admirabel fidelidade ó texto castelán. O meu xuicio escesivamente fidel, pois coas metáforas, pensamentos, exégesis e definicións do orixinal, o poeta que hai en Neira Vilas puído, pola sua conta, facer tamén poesía. Mais él, moi dado a esaititude matemática, limitouse a traducir soio as verbas. Eso sí, que as verbas na versión de Neira Vilas, teñen de por sí, valor extraordinario, xa que son recollidas na fonte máis crara e pura do idioma: no falar da xente aldeán cando aloumiña, cando canta e cando traballa. Algunhas desas verbas trouxéronme a lembranza, os decires de miña aboa, as historias de cegos das feiras, os refráns dos vellos sabidores e a gracia alada das cantigas. E moitas delas, orixinaes da fermosa comarca onde nasceu e se criou o tradutor, aínda non figuran en dicionarios e vocabularios, o cal quer decir que siñifican unha valiosa aportación pró arrequentamento do idioma galego escrito.

Resulta certamente maravilloso comprobar, a vista dos dous textos, como un escritor e poeta, feito literariamente nunha urbe onde se falan ou se malfalan varias ducias de idiomas, pode ser vertido e entendido, con transparencia cristaíña, a unha lingua que conta con dez séculos de vida, frolecente, nus intres e proscrita e perseguida noutros, conservada durante catrocentos anos, somentes na cantiga do fogar e no traballo.

O milagre débese, sen dúbida –aparte do talento literario do autor e tradutor– a devoción, amor e reverencia, que ambos a dous sinten polo tema de que se trata: Galicia.

Eu non sei, meu querido amigo Molinari, se o que deixo escrito poida servirche ou non pra poñelo de prólogo no teu Itinerario Galego. O que che podó decir, e que xa o levo dito tres veces, e que cada vez góstame máis. O “Itinerario”, se entende, que non o prólogo ou o que sexa.

Coa estimanza de sempre, teu amigo e admirador.

Ramón Suárez Picallo.

Buenos Aires, 4 de setembro de 1958.

Prólogo do libro *Itinerario gallego*, de Víctor Luis Molinari.



ESTAMPAS MARINHEIRAS
A TABERNA DA TRENLA

¡Carnoedo!

Nome sonoro que trai ao noso pensamento arumes de craro abolengo celta; nome empoirado no longo camiño dos seculos lonxanos do abó Brigos e da aboa Celt; nome espetado coma unha cuña de toxo, no vreiro azul que fende o corazón da Terra dende o Pai Atrántico deica a vella Briganza. ¡Ou benamada ria de Sada que nasce nas fervenzas remexidas da Marola, pra morrer na festa belidamente helénica dos Caneiros!

Aldeña peixeira debuzada n'ún irto ribazo da ria, coma unha fidalga na solaina d'un vello pazo. Na curvilinda ensinada, dornas e botes, lanchas e minuetas, gamelas e traineras, facendo acenos de ribeirana xentil, falan d'un pobo que arrinca o pan de Deus, das entranas inhóspitas do mar.

Enriba das pedras, as redes de xeito, do bou e da rapeta, do boliche e da trilla, reciben, pra enxoitarse, os raios lumiosos do sol coma un vello poema cribado de lús, indicando que alí non chegou a nova sensibilidade peixeira, musicada en isócronos bruidos de motoras e tarrafas. Na outra aldea, a soma perfumada de loureiros e sanguíños, a ermida parroquia. Dentro dela Nosa Señora do Carme, extendendo unha ollada, lumiñosa e maternal, enriba d'un milleiro de ex-votos, testemuño doutras tantas loitas entr'o mar e os homes.

Polo abano de carreirose congostras, á hora do luscofusco, coma pombas pro pombal, como abellas d'ouro d'un enxamio, as mulleres dós peixeiros, voltan ao fogar, coas patelas acuguladas de froitos do agro en troques dos que levaran acuguladas de froitos da ria!... Troque do mar i-a terra, carne e sangue de Galicia!... Pan e viño na Eucarestía da Raza! ¡Carnoedo!

No meio do rueiro aldeán, geocentro d'aquel mundo primitivo, avistase a taberna da Trenla. N'ela vive inscrita a historia d'aquel núcleo humán, chea de inédito heroísmo. Casino onde grandes e pequenos, alleos ao concepto clasista, xogan nas noites d'invernía, lendo no libro das corenta a mais outa leición de democracia. Balsa e banco, despacho e ucha de caudales, alí fanse as partixas da Compañía peixeira, recibindo cada compañeiro o produto enteiro do seu traballo; cada un ten aberta unha conta corrente con tanto creto como poida dar o capital comun da tradicional irmandade. Sociedade de mútua axuda, de infinda solidaridade, sin carta orgánica, sin estatutes, si noutra ley que a ley da Tradición, alí cobra “o quiñón do náufrago” a viuda a quen o mar deixou sin compañeiro, e aos cativiños sin pai. Xuntoiro ledicioso nas festas de gardar, cén parexas dixéronse seu amor, e xurdiron cen fogares onde se cumpríu o outo mandado de “medrade e multiplicaivos”. Tribunal inapelabel, alí repártese xusticia, sin estranas intervencións das hocas leises alleas, sob a guidanza somentes do mais vello compañeiro, cuía sabidencia, en asuntos de xusticia, está grabada no espello cristaiño da sua concencia, limpa coma a auga da fonte parroquial. Xuntorio da fé, ten n'un recuncho unha boeta onde todos botan a súa parte pra que Ela, Nosa Señora do Carme, teña a festa mais soada da comarca, con mais foguetes, mais gaiteiros na festa do adral, e con mais devotos na sua procesión mariñeira, escoltada rendidamente por dornas e botes, lanchas e minuetas, gamelas e traineras, co choupar monorrítmico dos remos.

¡Taberna da Trenla, espírito e corazón da aldea mariñeira!

Detrás do taboleiro, cen “trenlas” exerceron dino e noble matriarcado entr-as xentes peixeiras. A ollada de todas, paseou sempre por riba do mesmo panorama: Darredor da tabola común, homes en cuios ollos remansa o azul da ria. Enriba, concas de viño da terra recendente. Na atmósfera fume, cheiro d'alquitrán e de maruxía, afogando profecias de temidas mareiras e visións de afogados. Fora, o mar pai e verdugo, heredade farturenta, sin marcos nin liñas divisorias, bruando, o vater en Coitelada a sua sinfonía de “Eternidade”.

¡Taberna Mariñeira da Trenla! ¡Alma e corazón de Carnoedo!
¡Ucha arumada de tradición mariñeiras de vella Briganza! Fidalga
debruzada, coma na solaina d'un vello pazo, no ribazo irto de
Arnela. ¡Deus te garde!

Dende unha inmensurable lonxanía de anos e de leguas,
meu espírito vai deica tí, e enxoénllase conmovido pra bicar a
cantería da tua porta, que non poden pisar os meus pés.

*Galicia: Revista del Centro Gallego de Montevideo. Vol. 12,
n.º 151 (1929).*



UN HOME QUE NUNCA VIRA O MAR

Namentras fun deputado a Cortes, ao igual que outros moitos deputados galegos, ía a Galicia cuaseque todos os fins de semán. As sesión terminaban os viernes e reiniciábanse os martes. O carnet parlamentario era tamén pase libre en primeira clase dos ferrocarriles. Tomábamos o tren en Madrid ás 9 de noite e chegábamos á Cruña o sábado á 1 da tarde. O viaxe era pesado i-aburrido. O pase non incluía cama i-as mil pesetas que percibíamos de dieta, non permitían o luxo do dormitorio. Nembargantes eu lembro cordialmente aqueles viaxes pol-as moitas cousas que neles comentéi, enseñéi i-adeprendín, asegún os compañeiros e compañeiras que me tocaban en sorte ou en desdita. Istes ían dende o que nos contaba minuciosamente unha operación ao estómago que lle fixeran a sua sogra, até o marino que se facía linguas do que faría cando estivese no Ferrol, formando parte do “quinto reino de Andalucía”, pasando pol-o asombro dos que, dempois do diálogo máis ou menos trivial, aseguraban que os galegos somos moi listos cando saímos listos de verdade. Sin faltar, alguna que outra vegada, o amabel viaxante de comercio –cuase sempre catalán– que nos contaba como trataba de facer aforros nas plazas que tocaba para ílos a gastar na Cruña.

D-un destes compañeiros de viaxe quero contarvos a peregrina anéidota: Tomou o tren en Valladolid vestido de militar coas insiñas de capitán no quepis e na guerreira. Portaba dúas grandes maletas coma quen sai con todo pra un logo viaxe. No xeito de entrar, de dar as boas noites, de colocar as maletas e até de sentarse, calquera podía pescudar que estaba de moi mal talante. Estivo un bon intre calado; logo, obedecendo o sortilexio dos trens españoles, enfióuse na conversa. Botóu sapos e cóbregas

contra da política, pois el, bon republicano, por ter chocado cos seus superiores xerárquicos, cuáseques todos monárquicos, saía trasladado, virtualmente desterrado de Valladolid.

– ¿E a donde vai vostede desterrado, se non é segredo militar? –pregunteille.

– Pois á Cruña.

–¿A Cruña? Pois asegún noticias que eu teño d-esa cibdade, non coido que o seu desterro haixa de sere moi acedo, nen moi aburrido...

– Mais si; pero xa ve... en Galicia –E dixo Galicia como se dixera un país lonxano, pouco estimado, alleo de todo ao seu mundo habitual.

– En fin, de total-as maneiras levo a ilusión de cumprir un gran desexo: o de ver o mar por primeira vez.

– ¿Logo vostede nunca viu o mar...? –pregunteille con descreída lástima.

– Nunca. –Calamos os dous. Eu matinando na sorpresa que o agardaba, e que xa saboreaba de antemán, como unha lediciosa vinganza. E lembrando as verbas do ilustre poeta catalán, referíndose á incompreensión de Castela con respecto á sua Patria: “Deixarlles ver o mar, irmáns”.

Reañudóuse despóis o fio da conversa encol de outros teimas. Era home leído, relativamente culto e raramente sensibel, pra ser da Castela. Confesóume despois que era máis ben de orixe leonés, pois a súa familia era de Las Navas del Rey. Falamos de “Mio Cid”, de San Xohán de la Cruz, do Arcipreste e de Santa Teresa, até que nos veu o sono.

Coma de cote, o tren chegou a Monforte de Lemos darredor das 7 da mañán, e fixo o tempo necesario pra desaiunar. Invitéi ao meu “desterrado”. Monforte –ou mellor dito, a sua estación ferroviaria– non é, certamente, unha moi axeitada antesala pra entrar en Galicia os que a ven por vez primeira. Naturalmente ao meu hóspede non lle gostóu pouco nin moito. Reconciliouse un

pouco co desaiuno: uns toros de merluza rebozada, queixo de Curtis e viño de Valdeorras.

Asulpresa pra el foi cando o tren paróu na estación de Betanzos diante da verdecente paisaxe das mariñas. O enlace do Mandeo coa incorporabel ria i-o mosaico multipolícromo das leiras traballadas e cubertas de froitos en frol, simétricas entre carreiros. Unha benzón de Deus e do traballo dos galegos mariñáns.

O home ficóu abraiado e silenzoso. Eu crebéi o seu silenzo con unha soia verba que me parecéu naquel intre mói vingativa:

– Galicia.

Quixen sair e deixalo soio na súa contemplación, mais el contívome con istas verbas homildosas:

– Vostede é galego i-eu téñolle que pedir mil perdóns.

– Non falemos máis e siga ollando –pechéi.

Uns intres denantes de entrar o tren na estación da Cruña, invitéino a que xantase e pasase a tarde connigo, xa que dispuña de 24 horas pra presentarse aos seus superiores da Praza. Aceitóu gustoso e leveíno á miña modesta pensión cruñesa, da señora de Liñares, na rúa de San Andrés, fronte á fonte de Santa Catalina. Antes de nos sentar á mesa, fun á cociña e falei coa bondosa e mañífica doña Dolores. Contéille todo i-ela alporizouse moito cando lle dixen que o meu acompañante sentíase desterrado na Cruña.

– Asús –cramou– ¿Desterrado na Cruña? Agora verá. Vaia a sentarse con el á mesa axiña.

Servíunos a propia patrona, toda curiosa por coñecer o “mostro”. Sardiñas cabezudas asadas con cachelos, pra facer boca. Logo o caldo recendente a groria i-a seguido o farturente cocido con fabiñas en vez dos garabanzos. E aínda outras cousas máis as que renuncióu de bon grado o meu convidado.

Fomos tomar o café ao “Galicia”. Reuníanse alí moi animadas e simpáticas tertulias. Entre elas a dos galeguistas máis novos, presidida pol-a flema i-a prestancia galego-británicas de Plácido Castro. Presentéi o meu desterrado e nun aparte contéi a

historia, que corréu coma un regueiro de pólvora acesa por todo o café. Ás dúas horas tiña máis amigos que os que tivera en toda a súa vida, dende que fora cadete na Escola de Toledo.

Pol-a hora de solpor estábamos na punta da Península da Torre d-Hércules, de cara ao mar. O Orzán estaba nun dos “seus millores días”, ergueito en olas xigantes, bravío e balbordante. Facíalle acompañamento o bramar baixo e profundo da Marola, namentras que as oliñas máis pequenas desfaciáanse mainamente nas praias de San Amaro e de Riazor, cubertas de lus dourada, en escumas brancas.

O home, conmovido, axionllóuse e musitóu unhas verbas, que eu non ouvín, pro que sentín no meu espírito coma u eco dunha pregaría de “laus Deo”.

* * *

Volvín a velo moi de pasada varias vegadas. Despois fun a estudar a Santiago e falaba con el somentes de cando en cando. Atopéino cando eu era outra vez diputado. Nas vispras da campaña do Plebiscito. Eu preguntéille con certa sorna.



– ¿E logo, cómo vai o seu desterro?

Ollóume cuáseque con furia contra si mesmo e contestóu.

– Non me volva a mentar a verba. ¿Non sabe? Teño noiva cruñesa e casaréime na Cruña. Conquerín o dereito de vecindade, e votaréi, non lle queipa dúbida, pol-o Estatuto de Galicia.

Revista *Orzán*, do Centro Coruñés de Bos Aires, ca. 1956.

CORRESPONDENCIA



Caricaturas de Suárez Picallo realizadas por Maside.

CARTA A EDUARDO BLANCO-AMOR

CALIMA DO OESTE PRESENTE, MEU CAPITÁN

Aquí, nun recuncho da Costa “do outro mar”, mariñeiro sin plaza, escoito, agora mesmo, a tua chamada, Capitán Blanco-Amor. Aínda que os novos ou vellos señoritos “spromen” non-o seipan, eu sigo ataleándo, no asexo e no amanexo, adicado a recoller señales no día e na noite. As señales vellas, de Sada, de Beloy, de Morazón e de Carnoedo. ¡Ou Carnoedo, loiro e nadador, encolgado n’unha inxente ribeira, simbolizado n’un ergueito pino, lanzal e fidalgo, enriba de Cirro, con Curbeiroa, Gandarío, Riobao e Taibó!

Fáltan-nos mariñeiros, Capitán Blanco-Amor. O noso Antón –¡meu irmán Antón!– morreu aquela noite de Agosto, crucificado de balas, no baldío da Areosa. Eduardo, aquel mariñeiro aldeano, loiro, con traza de Lord inglés, tamén morreu. ¡Nunca mais empuñará o timón, camiño dos Caneiros de Betanzos! I-a velliña que nos facía o caldo, i-o vello zoqueiro, de irtos bigotes, en cuias mans, comían os cuxos as espigas do millo leitoso, morreron tamén. ¡Todo aquilo, e aquel Ourense teu, que criaba percebes nos troncos dos loureiros, fóronse para sempre, meu amigo e Capitán!

Por eso tí, devoto e leal á nosa vella dorna mariñeira que se chama “Galicia”, que tuvemos que tripular un día, n’un porto de tránsito, con Alonso Ríos, con Chuco Regueira, c’o Mosqueira, con Cao Turnes, c’o vello Campos Couceiro, voltas a navegar n’ela cara a novos hourizontes, que substituían aos vellos, sentado na chopeta de popa, mandando dar couce i-asimán, desplegando e recollendo risos, facendo no comando a sexta guardia. ¡Resérvame un turno Capitán! Porque lle conservo moita lei á nosa vella dorna! Zecais non poida ser como tripulante efeitivo, escrito no sol; porque estou moi vello e mui escarraneado; pero podó aínda facer de Turnán;

Zecais non seipa moito das ciencias novas da navegación, que os mariñeiros de oficina que nunca viron o mar nomean oceanografía, astronomía ou telemetría; pero adeprendín con Mangúa, a clavar o ouvido no caurel, e polo renxido do mar na escuridade da brétema, saber se estamos en riba de baixío ou en pleno mar aberto; e non esquecín, que cando as “Tres Marias” están tirando a Coitelada, e o “Carro” cae perpendicular sobor do Corno de Lourido, son, xustamente, as doce da noite.

Párceme que con non ter esquecido estas vellas cousas de mar, teño dereito a un turno na túa sexta guardia; se non podoo embarcar, confórmome con ser fareiro dende esta outra Costa, pra mandarlle, de cando en cando, un refacho lumioso á nosa vella barca.

¡Canto quixera eu –¡Santo Deus!– empuñar un remo a tua veira, capitán! Contaríamos vellos contos ao conxuro da ardentía do mar, e poidera ser que aínda renovásemos vellas ilusiós, encol da Liberdade i-encol da Pátria. Poida que as ilusiós non se cumplisen, pero, pol-o menos, elas serían plegaria da nosa agonía, a veira mesma dos camiños que levan aos dominios do Além. ¡Ben sei que non pode ser! ¡Non me coñecen os novos tripulantes da nosa vella barca! E resígnome a vel-a desde lonxe. A súa velámen –¡Créemo, Capitán!– é a única estrela, que alumea a tépeda e tebroza noite da miña absoluta soledade espiritual. Repito: Da noite sin luz, da miña total, absoluta e irremediabel soledade. ¡D’esta desamparada soledade, que condena a vivir conmigo solo i-a morrer n’un deserto soo conmigo!

De ahí, meu vello amigo, a eistremecida emoción, que me sobrecolleu de cabeza, a cozarón e a pés, cando, desde o meu faro solitario no recuncho d’unha Costa do mundo, escoitei nomearme, facendo reconto dos vellos tripulantes. Pois ben; escoita a miña resposta:

–“Presente, meu Capitán”.

Navegues como queiras, poñas proa a Norte ou a Sur, ao Leste ou a Oeste, a calquera dos puntos da Rosa de todol-os ventos, eu, que te coñezo, sei de antemán que sempre irás a dar a Porto libre e salvo, coa nosa vella dorna, que se chama Galicia e Libertade.

Onte, hoxe, mañán, despois e sempre, para facer esa travesía, con calma chicha ou con duro leste, polo asexo ou pol-o amanexo, –non o esquezas– sempre contas connmigo, meu vello Capitán.

Porque, como decía o canto: ¡Para mariñeiros, nós! ¡Aínda que os “spromen” de agora nos teñan esquecidos, por mor da súa inxente sabidencia, encol da oceanografía, da astronomía e da telemetría! ¡Unhas ceicias grandes e maravillosas, que lles serviron para afundir a barca en que navegaban.-

Gracias a Deus, que a nosa, por virtude da sabidencia, menos trascendental do Mangúa, aínda sigue navegándo, desposta a capear novos temporales.

-Ei, lancha!

¡Vai, lancha!-

Ramón Suárez Picallo
Sant-Iago de Chile, freveiro do 1943.



CARTA A XOSÉ HERMIDA ÁLVAREZ

Buenos Aires 10 de Agosto do 1959
Irmán Xosé Hermida
Londres Inglaterra

Meu ben querido amigo Pepiño:

Acabo de recibir a túa carta, 4/8/59, que me causou o efecto dun escopetazo. Dun amabel i-agarimoso escopetazo. ¡Deus, canto tempo e canto espacio dende a derradeira ves que nos vimos en Valencia! Un día, estando eu en Chile, escribume Eduardo Blanco-Amor, decíndome que ti lle preguntaras por min. Dábame a dirección túa en África do Norte. Escribinche enseguida, mais a carta foime devolta por mala dirección. ¡E non soupen mais de ti! Mais eu repasando os momentos mais importantes da miña vida recordeite e sigo recordándote sempre. ¡Sempre! Agardo que agora que nos reatopamos, teñamos relación epistolar regular e permanente. Pra min será un gran placer amical i espiritual.

¿De min? Ó terminar a Guerra, fun os Estados Unidos, chamado e levado polos fillos de Sada ali residentes. Estuven 7 meses dando conferencias por “Hispanas Confederadas” en 40 Estados da Unión, xuntando diñeiro pra fletar o “Ipanema” que levou a México os primeiros refuxiados de Francia. Despois pasei á República Dominicana (a terra de Trujillo, que dios Confunda) onde estiven un ano. Alí “non me prestaba” o clima físico nin o outro clima, e arreglei de modo de ir a Chile. En Chile estuven 15 anos traballando como periodista e tamén dando conferencias

en todo o país pola Universidade e polo Ministerio de Educación, sobre temas de Cultura española, incluíndo, con preferencia, temas galegos. Vivín en Chile con modestia pero con gran decoro, gozando do respecto e da estimación de todos, pequenos e grandes, chilenos i españoles. O ano 1956 celebrouse en Buenos Aires un Congreso da Emigración Gallega en América con sino republicano e galeguista. Viñeron delegados de todo o Continente. De Nova York veu Emilio Gonzalez Lopez, profesor da Universidad de Columbia, que está feito un galeguista de pés a cabeza e que leva publicados tres libros maravillosos sobre Historia de Galicia. Eu viñen en representación dos galegos de Chile. Aquí topeime cos currunchos onde pasara a miña adolescencia e con vellos e moi queridos amigos, loitadores pola mesma causa ¡E quedeime aquí! Traballo coma sempre. Son Asesor Cultural do poderoso Centro Lucense de Buenos Aires, como director da súa Cátedra permanente de Cultura Gallega e do seu periódico Lugo, do que che mando eixemplares por correo ordinario. Escribo noutros periódicos, e dou conferencias en varias institucións democráticas e republicanas españolas e arxentinas. Ademais estou escribindo un libro titulado Castelao Político, que sairá xunto con Castelao Artista, de Luís Seoane, é, Castelao Escritor, de Eduardo Blanco-Amor. Poño nel a alma, vida e corazón. Economicamente, teño dificultades, pero vounas sorteando e vivo con decoro, gozando, eso si, da estimanza e do respecto de todos, incluso dos adversarios. Son socio de honor de casi todas as institucións representativas da colexividade e, como Diputado, secretario de Relacións Exteriores do Consello de Galicia, fundado por Castelao. Unha especie de Goberno Galego no Exilio, recoñecido e respetado como tal por toda a colexividade Galega, os vascos, os catalans e os republicanos españoles.

Fisicamente estou moi vello. Teño 66 anos moi navegados. Sufro de moitos alifafes: reuma, arteriosclerosis, próstata, fígado, bronquitis e demais. Os médicos do Centro Gallego calafatéanme de cando en cando. O que aínda me rixe ben é a cabeza, o espírito e o corazón. Sigo loitando polo de sempre: a Libertad do home, do individuo e da colexividade libre. Contra todos os totalitarismos degradantes da persoa humana, de sino roxo ou de sino

negro. De ahí, a alegría que me producen as tuas palabras sobre o mesmo tema. E de ahí tamén, que me alegre moito de que esteas en Inglaterra, un dos pouquísimos países decentes do mundo, onde a liberdade individual e aínda un valor permanente e insobornabel.

Alégrome tamen moito de que estea contigo a tua familia e que te desenvovas con facilidade. Eu sei, meu querido “rillote”, a tristeza de andar polos camiños do mundo. ¡Que Deus che conserve sempre o benestar teu e dos teus.

E nada mais por oxe. Escíbeme pronto. E cóntame cousas.

Unha fortísima aperta do teu sempre irmán e amigo:

Ramón Suárez Picallo

Dirección:

Centro Lucense, Belgrano 1841-1849

Buenos Aires. Rep. Argentina



CARTA A ALEXANDRO BÓVEDA

EL DIPUTADO A CORTES
por
LA CORUÑA

Madrid, agosto 31/933
Sr. D. Alexandro Bóveda
Segretario Xeral de Part. Galeg.

Distinto irmán:

No meu poder duas de vostede, unha personal i-outra sin firma, comunicándome o acordo do Consello encol da miña separación da minoría do P.R.G. Xa o irmán Castelao le comunicaría que o acordo foi cumprido antes de recibir o seu comunicado. Pol-o que toca a miña situación económica, tratarei de resolvela o antes posible, pese a miña situación angustiosa, agora agravada por enfermidade na familia. Oxe entregueille, personalmente a Casares Quiroga a carta comunicándolle a miña separación, da que lle axunto unha copia por si vostede considera útil pro arquivo do Partido.

Permitame, agora, que me doia fondamente ante vostede i-ante o Consello, pol-os términos desconsiderados, duros, cuaseque insoportables das súas duas cartas. Términos ben inxustos por certo. Examine vostede ios conselleiros, unha vez mais, a miña actuación política na Terra, con relación ao Partido, e verán como non son felón, nin treidor, nin desleal; e que esa amenaza de separarme do Partido –supoñendo sin motivo que non acataría a disciplina– non debeu ser escrita nin pensada. Ela queda, a xeito de espiña, clavada no meu espírito. Insisto en que non-a merezo.

E dito esto personal, dúas verbas sobor do seu aspecto político, pr'o futuro do Partido. ¿De verdade o Consello d'un

partido pode por sí i-ante sí, expulsar afiliados? ¿E si eses afiliados desempeñan cargos públicos poden ser arredados nada menos que por un Consello do cual non poden formar parte? ¿quen lles asegura que no futuro non se produza unha discrepancia entre o Consello e os deputados? Nese caso o Consello sempre ten a razón porque ter a forza de expulsar, segun o precedente que acaban vostedes de sentar. E eso que a miña permanencia na minoría tiña o refrendo d'un Congreso do Partido. Si o reglamento da tales facultades ao Consello eu agardo que vostede pense na súa reforma en ben da democracia interna do Partido. Moita mais necesaria esta democracia no noso, onde hai posicións ideolóxicas distintas que deben estar plenamente garantizadas.

I-ahora outra cousa: Eu estou aquí sen saber que facer. Non sei si teño que votar algo ou non. Lin que o Partido se absten na lei de arrendamentos. Por outro lado a Federación Agraria provincial pidiulle ao ministro a aprobación da enmenda de Casanueva –líder «agrario»– sobre patrimonio familiar. Pedir a exclusión de Galicia, xa non ten objeto no medio da discusión. Se nos abtemos, as abstencións non se explican; se votamos en pro –refírome a votación definitiva– podemos explicar o voto. Votar en contra non me parece político pois a lei, aínda que mala, favorece algo aos campesinos probes. Vexa vostede o que se fai, ou se me absteño en total de ir as sesións. Eu estarei aquí tres ou catro días para despachar varias cousas. Escribame pois a Madrid se o fai axiña. Lembranzas a Castelao e demais irmás e vostede dispoña diste seu e da Cruña.

Ramón Suárez Picallo

(En Castro, X.: *O galeguismo na encrucillada republicana*, Deputación Provincial de Ourense, 1985).

CARTA A FRANCISCO REGUEIRA
(FRAGMENTO PUBLICADO EN A NOSA TERRA)

PAROLAS DE FE E D'ESPERANZA

Da marcha da guerra non che direi nada. Estades ahí ben informados. Pasamos horas de moita angustia. Pero trunfaremos. De eso non che queipa dúbida. Asombra descubrir agora cantas eran as reservas morales e físicas de Hespaña. E da insuperable carraxe pensar que todas esas reservas estaban afogadas por unha minoría inepta, semifeudal, cega e suicida, tendo baixo as súas gadoupas a un grande pobo, cego e depauperado. Teño fé n'esas reservas, no instinto de inmortalidade deste pobo, na súa grandeza que coido que aínda que cubrisen palmo a palmo todo o seu chan de armas automáticas, non triunfarian os traidores. As armas son frías e comeas a ferruxe. O espírito d'un pobo aceso de pasión pola súa liberdade e a súa idependenza, e inmorrante, e trunfa sempre. Eu vino en Aragón baixo bombardeos furiosos e terroríficos reaccionar a berros de fé e de esperanza; vin-o tamén en Barcelona, no medio dos escombros, blasfemando; vexo todol-os días renovando a súa fé, a proba de ofensivas. Vouche a contar un sucedido que presencié eu e mais un rapas de Negreira moi amigo meu que estaba de xuez en Barbastro. Un medio día apareceron sobre a vila trece trimotores que bombardearon durante sete minutos ¡unha verdadeira eternidade! Tirados n'unha cuneta con nos estaba un pai e dous rapaces seus fillos duns doce e catorce anos. Como os avións estaban verticales e as bombas caían máis moi preto, un dos rapaces ergueuse e botou a correr pra tirarse máis adiante. Unhos segundos solos, os bastante pra que unha bomba o fixese pedazos. O rapas máis pequeno botouse a chorar berrando ante os cachos do irmán. "Perdón, perdón Papá, díles que se vayan que nosotros no hemos hecho nada". O pai quedou como fulminado, inmóvil un intre. Mais de pronto quitou

da cintura un coitelo e botou a correr berrando debaixo dos avións mostrando ao aire o coitelo: “Cobardes, asesinos, asesinos” e caeu redondo. Cando nos acercamos a él estaba morto. En oito días non conciliei o sono. E a visión tremenda ha de seguirme mentras viva. Esto na retaguardia. No fronte hai pra escribir centos de volumens. Sobre un país desta natureza non trunfará nunca o frío aterecente da traición, nin as armas por moi automáticas que sean. Un pobo así, trunfa na vida, na morte e mais alá da morte.

Trunfaremos, trunfaremos e pronto.

E por hoxe nada máis. Miñas lembranzas a cantos me lembren. Unha aperta a meu irmán Leonardo, e pra tí o afecto invariabel do teu amigo.

Ramón Suárez Picallo

A Nosa Terra, n.º 424, xullo de 1938.

CARTA A CÉSAR ALVAJAR

Consello de Galiza

Bs. Aires Abril 25/1958
Sr. Dn.
César Alvarar
Rue D'Asas 78-
París XI

Querido Alvarar:

Recibimos a túa moi interesante carta. Estamos todos felices polo restablecemento da túa saúde e asimesmo pol-o xeito como levas os teus traballos. Estamos seguros que todo sairá ben. Estamos traballando pra axudarche en todol-os sentidos.

[...]

Onte tuvemos unha reunión conxunta, vascos, galegos e cataláns, convocada pol-o Delegado do Goberno vasco. Trátase de orgaizar eiquí un gran aito público, de conxunto, pra eisaminar a situación na Península dende o noso punto de vista e pra facer unha afirmación rotunda e definitiva. Esta: A España centralista-castellana, fracasou como Estado, como comunidade de pobos, como comunidade xurídica. Ensaíou todas as modalidades de monarquía –cesarista, absolutista e semidemocrática– todos os xeitos de dictaduras civís e militares e tamén dúas Repúblicas. ¿Causas? Un Estado artificial superposto enriba dos pobos ibéricos i-as suas ricas variedades: Un Estado de arriba pra baixo do centro pra periferia. Hai que declarar caduco todo eso e darlle volta a todo. Non se deben volver a ensaiar cousas xa fracasadas. Todo

canto se faga pro futuro ha de ser sobor da base da plenitude das vellas nacionalidades, voluntariamente axuntadas por virtude da súa autodetermiñación.

A data que asinala este fracaso total, co asesinato da derradeira posibilidade e o 18 de Xulio de 1936. O aito pois será eiquí o 18 de Xulio. Os discursos, 3 en total, un vasco, un catalán i-un galego, discurirán dentro das eispresadas ideas. Xa se empezou a traballar na orgaización. Carteles, volantes, radios, prensa e demais pra que resulte “impresionante”. O traballo de aportar a maior parte da xente corre por conta dos galegos. ¿Que che parece? Publicaráse un manifesto-resúmen a xeito de conclusións que será “universalmente” difundido.

Falamos cos cataláns encol do “caso” Sauret en forma amabel. Quedaron de escribirlle. O delegado vasco díxonos que o Presidente Aguirre agarda a túa visita. O antes que nos sexa posibel faremos o “depósito de fondos” de que falas que, coidamos coma ti, que e indispensable. E nada mais que se vai o correo. Cando recibamos as noticias que nos prometes seremos mais eistensos.

Apertas de todos e moi especiais do teu amigo

Ramón Suárez Picallo

10

EPÍLOGO



Homenaxe tributado a Suárez Picallo polos seus alumnos dun curso de xornalismo co gallo do seu 69 aniversario.

DE FRENTE Y DE PERFIL

Entrevistar a un periodista es siempre una prueba de fuego. Máxime cuando ese periodista, como en nuestro caso, se resiste al reportaje. Quizás por saber que el mejor reportaje es contestar todos los días a las preguntas irremediables que nos hace la vida. Pese a ello don Ramón Suárez Picallo concedió esta entrevista en forma exclusiva para sus alumnos del cursillo de periodismo.

¿Cuándo nació y dónde?

Nací el 4 de noviembre de 1894 en Sada, Coruña. Soy el hijo mayor de un hogar humildísimo donde vieron la luz seis varones más y una mujer.

¿Dónde Pasó sus primeros años?

En la villa de Sada, localidad de Veloy, pueblo mitad marinero mitad labrador, donde cultivé ambos oficios, cursando mi educación primaria con el ilustre maestro galleguista Don José Somoza Eiriz, natural de Villalba.

¿En qué año vino a la Argentina?

Llegué a este país como inmigrante en el año 1912; desempeñando los oficios de peón de farmacia y siendo mi primer sueldo \$ 15. Posteriormente fui vendedor ambulante de alfajores, siguiendo por lavaplatos y, finalmente, periodista.

¿Volvió alguna vez a su pueblo natal?

Regresé a Galicia en 1931 como delegado de la Federación de Sociedades Gallegas.

¿Qué hizo entonces en Galicia?

Elegido diputado en 1931 a las Cortes Constituyentes de la República por Coruña, intervine en el Parlamento con sesenta y dos discursos sobre Galicia en dos años, al tiempo que estudiaba en forma libre las asignaturas principales de Bachiller en el Instituto de Lugo. Con este título ingresé a la Universidad de Santiago de Compostela como alumno libre recibiendo mi licenciatura de Derecho, en el año 1935, con la calificación de sobresaliente. Fue mi primera defensa la de un gallego residente en Avellaneda (Pcia. de Bs. Aires), al cual el fiscal pedía la pena de veintiocho años y un día, siendo el fallo de absolución.

¿Qué fue de su vida luego?

Posteriormente emigré a EE.UU. de donde pasé a Chile, trabajando como periodista durante 16 años. Escribí mi primer artículo en “Adelante” el 1º de Mayo de 1916 refiriéndose este a una huelga de frigoríficos. Lo firmé con las iniciales R.S.P. Seguí escribiendo en periódicos obreros hasta 1918, en que fui secretario rentado de los trabajadores del puerto y allí fui nombrado director del periódico “Libertad”. El primer ejemplar que lancé al público fue un desastre, pues corregí las erratas encima del error y el copista al no ver nada en los márgenes mandó todo a máquina tal cual estaba. También fui colaborador del diario “La Argentina” donde me inicié con una crónica obrera. Fui Secretario del Correo de Galicia durante dos años. Escribí crónicas sobre la vida política de América Latina, en el “Pueblo Gallego” de Vigo, “Le Humanité” de Barcelona y “El día Vasco” de San Sebastián. Después de ser columnista durante 16 años en Chile pasé a la Argentina donde me encuentro actualmente radicado.

¿Cómo resumiría usted su vida?

Pues, diciendo que tengo 67 años bien vividos, muy navegados y además muy doloridos. Soy un hombre de los que se van que tiene el placer de estar entre los que vienen. Creo firmemente que, a esta generación que viene tras de mí, debo dejarles como legado las pocas cosas que sé.

¿Algo más?

Soy soltero... ¡porque no tuve tiempo de casarme! No obstante, yo debía haberme casado en la Catedral de Lugo el 4 de octubre de 1936 pero la Guerra Civil estalló el 17 de julio de 1936. Mi novia quedó en Galicia bajo el régimen de Franco y yo seguí el curso completo de la Guerra Civil en la zona de la República. Después recorrí el mundo y, como ya os he contado, todas esas correrías terminaron en vuestro país.

Una pregunta más, ¿qué opina del resultado del cursillo?

¡Estoy muy contento! Creo firmemente que por los menos seis alumnos llegarán a ser excelentes periodistas, y, los otros, eficientes colaboradores. Ansío que continúen unidos como un núcleo de muchachos y muchachas estudiosos. No olvidéis que, en vosotros, están los pilares de un futuro mejor.

Y así nos despedimos de don Ramón, ejemplo señero de un espíritu recto, batallador e insobornable.

